O Rexistro configúrase como un instrumento de planificación das políticas públicas de vivenda e das actuacións privadas. Unha vez que se realizou a depuración dos datos do Rexistro é lóxico e necesario establecer as reservas de solo en base aos citados datos.

Deste xeito, conséguese unha total adaptación da reserva de vivenda protexida que figura no PXOU á demanda real, tanto en número como en tipoloxía.

Non debemos esquecer que as axudas á promoción e adquisición de vivendas protexidas foron practicamente suprimidas polo que hoxe a demanda deste tipo de vivendas é máis reducida naquelas localidades onde a vivenda protexida ten un prezo similar á libre. Non ten sentido algún manter unhas altas obrigas de reserva en municipios onde a vivenda libre

ten o mesmo prezo xa que ao non existir axudas á adquisición de vivenda protexida os adquirentes se decantaron por aquelas que non teñen limitacións no seu réxime xurídico. Deste xeito o máis razoable é adaptar as reservas á demanda acreditada no rexistro sen crear cargas ficticias sobre o solo que non conducen a nada.

Disposición adicional décima.- Modificación do artigo 47.12 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e de protección do medio rural de Galicia,

Realiza a distribución das reservas de solo para vivenda protexida entre os diferentes tipos de solo.

Disposición adicional décimo primeira.- Modificación artigo 64.j da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e de protección do medio rural de Galicia.

Modúlase a necesidade de execución simultánea das vivendas libres e protexidas nun desenvolvemento urbanístico.

Disposición adicional décimo segunda.- Modificación do artigo 93.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e de protección do medio rural de Galicia.

Esa modificación permite a delimitación de solos de núcleo común en plans e normas, que anteriormente non cabían como núcleos tradicionais. Non procede poñer máis trabas a estas delimitacións nos concellos con plan ou normas aprobadas, que nos que non dispoñan delas.

En consecuencia, trátase de unificar o procedemento de delimitación dos núcleos rurais para todos os casos ao trámite establecido na Disposición Adicional Segunda da LOUGA.

Disposición adicional décimo terceira.- Modificación do artigo 177.3 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e de protección do medio rural de Galicia.

Establécese que o 50% do 10% de cesión obrigatoria de aproveitamento aos concellos será destinada a vivendas protexidas de promoción pública ou de réxime especial.

Disposición adicional décimo cuarta.- Modificación do artigo 189 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e de protección do medio rural de Galicia.

No caso de que non se executen simultaneamente as vivendas protexidas e as libres o IGVS ou o concello poderán expropiar os terreos destinados polo planeamento a construción de vivendas protexidas cando o titular incumpra os prazos establecidos. Poderán expropiarse con beneficiario, que serán seleccionados mediante concurso coas bases que se determinaran regulamentariamente

Disposición adicional décimo quinta.- Adición do punto 5 bis ao artigo 195 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e de protección do medio rural de Galicia.

Prevé a obtención de licenzas de obras menores mediante un procedemento abreviado obtendo a licenza no momento da solicitude

Disposición adicional décimo sexta.- Modificación do artigo 197.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e de protección do medio rural de Galicia.

Prevé a prorroga dos prazos previstos da licenza de obra suprimindo a condición de que soamente poida concederse unha prórroga, deixando aberta a posibilidade de outorgar varias cando as circunstancias o xustifiquen.

Disposición adicional décimo sétima.- Modificación da disposición transitoria primeira, letra f, da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e de protección do medio rural de Galicia.

Trátase de que a adaptación dos planeamentos xerais á lexislación urbanística vixente en cada momento se faga automaticamente por reenvío lexislativo; quedando aberta a posibilidade de que se un concello quere establecer un réxime máis restritivo o faga vía modificación puntual do plan.

Disposición adicional décimo oitava.- Modifícase a letra c) do artigo 2 da Lei 7/2002, de 27 de decembro, de medidas fiscais e de réxime administrativo.

Na citada lei cando se regula a dedución no IRPF por aluguer de vivenda habitual esíxelle ao arrendatario que xustifique haber constituído a fianza no IGVS, cando o obrigado a depositala é o arrendador.

Disposicións transitorias.- Artículase un réxime transitorio da lei para solucionar os posibles problemas que neste ámbito a promulgación desta Lei poida xerar.

Regúlase dun xeito especial a aplicación ou adaptación das porcentaxes de reserva de venda protexida aos plans xerais que están en tramitación e aos que xa están aprobados.

Por outra banda inclúese unha medida de reactivación do sector e eliminación do stock:

Nunha disposición transitoria primeira establécese que como medida de reactivación do sector e de facilitar o acceso á vivenda o IGVS creará unha Bolsa de Vivendas en venda e en aluguer con opción de compra á que poderán adherirse os promotores de vivendas rematadas co obxecto de que, a través de acordos cos axentes implicados no sector, se facilite a posta no mercado destas vivendas.

A Bolsa terá unha vixencia inicial ata o 31 de decembro de 2014, podendo ser prorrogada por acordo do Consello da Xunta de Galicia.

Disposicións derogatorias.- Derrógase a Lei 18/2008 e suprímense os apartados 10 e 13 do artigo 47, o apartado 3 do artigo 174 e o apartado 6 do artigo 177 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e de protección do medio rural de Galicia.

A sostibilidade como principio reitor da ordenación territorial en Galicia. As Directrices de ordenación do territorio e o Plan de Ordenación do Litoral

MANUEL BOROBIO SANCHIZ

Arquitecto técnico urbanista. Profesor asociado da UDC

MIRIAM GARCÍA GARCÍA

Arquitecta técnica. Profesora asociada EINA.UNIZAR e MAP.CEU

MELANIA PAYÁN PÉREZ

Licenciada en Ciencias Ambientais

FRANCISCO CASTILLO RODRÍGUEZ

Doutor Xeógrafo

44 Regap

Regap

MONOGRÁFICO
Ordenación do territorio e urbanismo

Resumo: *No presente artigo describíense os instrumentos de ordenación do territorio dos que se dotou Galicia recentemente. As Directrices de Ordenación do Territorio (DOT), marco de referencia das actuacións na materia, así como o primeiro plan territorial subrexional, o plan de ordenación do litoral (POL). O fío condutor da análise de tales documentos é a sostibilidade. Unha ollada nova ao territorio, desde a comprensión do existente, do legado patrimonial que herdamos e baixo a idea de que xestionamos un recurso escaso e dificilmente renovable. Á luz destes principios a ordenación territorial debe afrontar o reto de recoñecer e interpretar unha realidade complexa que opera nun ámbito continuo e cuxa evolución resulta difícil de predicir. Un compromiso que interpela ao conxunto da cidadanía e que nos obriga a todos a adoptar as medidas axeitadas para poder mitigar os efectos dun modelo de crecemento insostible. Está nas nosas mans, aínda, a posibilidade de inducir cambios que invirtan estas tendencias.*

Palabras clave: *xestión, paisaxe, metabolismo urbano.*

Abstract: *This article describes the regional planning instruments of Galicia which have recently been adopted. These are: the Regional Planning Guidelines (DOT) framework of the proceedings in the matter, and the first sub-regional plan, the Coastal Management Plan (POL). The guiding principle in the analysis of those documents is sustainability. They provide a fresh look at the territory from the existing understanding of the legacy we have inherited, in terms of a resource which is a scarce and difficult to renew. In light of these principles to land management, we face the challenge of recognizing and interpreting a complex reality that operates in a continuous area and whose evolution is difficult to predict. It is a commitment which appeals to all citizens and which forces us all to take the right steps to mitigate the effects of an unsustainable growth model. It remains in our hands whether we induce the potential changes to reverse these trends.*

Key words: *management, landscape, urban metabolism.*



Índice: 1. *Introdución.* 1.1. *A sostibilidade como compromiso ético.* 1.2. *A sostibilidade territorial.* 1.3. *A ordenación territorial.* 1.4. *O marco europeo. A Estratexia Territorial Europea.* 2. *Os instrumentos de ordenación do territorio en Galicia.* 2.1. *As Directrices de Ordenación do Territorio.* 2.1.1. *O modelo territorial.* 2.1.2. *O medio rural.* 2.1.3. *Infraestruturas e metabolismo urbano.* 2.2. *O Plan de Ordenación do Litoral de Galicia.* 2.2.1. *Unha metodoloxía novidosa. A xestión do territorio desde a paisaxe.* 2.2.2. *A definición do ámbito.* 2.2.3. *A paisaxe. Ferramentas de corresponsabilidade solidaria.* 2.2.4. *O modelo de ordenación proposto.* 3. *Conclusión. Bibliografía.*

1 Introducción

1.1 A sostibilidade como compromiso ético

A vertixinosa transformación que a sociedade actual experimentou en diversas ordes incidiu de maneira drástica no territorio. A capacidade tecnolóxica alcanzada elevounos á categoría de factor de transformación a escala planetaria enfrontándonos a un reto ético, no que a cuestión que se dirime é, nada menos, que a posibilidade dun futuro viable para as xeracións vindeiras. Debemos ser plenamente conscientes de que a nosa pegada ecolóxica é demasiado intensa e de que xa hipotecamos parte do noso futuro. Desde a aceptación deste feito, a conclusión é inaprazable: temos a obriga de satisfacer con celeridade o mandato moral de ordenar en clave de sostibilidade a herdanza que deixemos. Pero este urxente reto antóllase extremadamente difícil, a teor das dinámicas socioeconómicas actuais. A ningún se lle escapa que as novas paisaxes xurdidas dos rápidos procesos contemporáneos de transformación tenden, en xeral, á banalización, a conta de sacrificar os valores ambientais, patrimoniais e estéticos das paisaxes legadas polas xeracións que nos precederon. Porén existen signos esperanzadores. Fronte a esta inquietante realidade, as sociedades democráticas están reaccionando e reclaman tomar as rendas de tales procesos, intentando que os valores xenuinos que caracterizan as súas paisaxes se preserven e que as dinámicas de cambio se harmonicen cos valores preexistentes, garantindo a súa continuidade e a supervivencia do legado patrimonial que encerra todo territorio.

Esta reflexión debe desembocar nunha nova forma de entender e ordenar o territorio. **Debemos formular os procesos contemporáneos de transformación do solo desde a comprensión do existente e baixo a idea de que xestionamos un recurso escaso e dificilmente renovable.** O territorio non pode seguir entendéndose como un mero soporte físico das actividades humanas. Moi pola contra, o territorio é unha complexa realidade holística que require un cambio de ollada, atrevida se se quere, que ha de integrar con eficacia os contidos ambientais, sociais e económicos. Pola súa propia xénese, enfrontámonos a un sistema complexo que require de novos modelos predictivos, capaces de incorporar a indeterminación como unha forma de abordar a realidade. Complexidade e incerteza son epítetos definidores do obxecto de estudo da ordenación territorial. Como afirmaba Jean Labasse, o exercicio da ordenación só pode aspirar a atenuar as tensións territoriais, xa que a súa completa eliminación resulta ilusoria, posto que implicaría un dominio perfecto do obxecto. Para iso, insiste o autor, faría falta que o territorio deixara de ser un espazo real suxeito a alambicadas dinámicas socio-ecolóxicas. De tal modo que, xestionar con eficacia a súa evolución esixe novos modelos cunha alta capacidade de resposta. Unha xestión dinámica capaz de absorber con celeridade os cambios que incidan no territorio e seguir a evolución das súas dinámicas. Hai que superar a concepción reduccionista da ordenación do territorio como simple política de regulación normativa dos usos do solo, e incorporar

vimbios novos como a xestión dinámica, concibida como un marco de cooperación plena, no que administración e administrado asuman as súas responsabilidades. Debemos ser conscientes como sociedade dos riscos dun modelo de crecemento insostible e de que está nas nosas mans a posibilidade de inducir cambios que invirtan tendencias.

Algunhas destas conclusións xa foron recollidas nos diversos acordos e tratados europeos en materia de ordenación territorial. Neste sentido, a Axenda Territorial da Unión Europea 2020 defende que a cohesión e cooperación territorial, as redes de cidades, o policentrismo e a sostibilidade deben ser os eixes reitores da ordenación territorial.

Os instrumentos de ordenación aprobados en 2010 na Comunidade Autónoma Galega, as Directrices de Ordenación do Territorio e o Plan de Ordenación do Litoral foron elaborados desde tales postulados, compartindo plenamente a afirmación da Axenda de que **“o patrimonio natural e cultural é parte do capital e da identidade territoriais. Os valores ecolóxicos, a calidade do medio ambiente e os bens culturais son cruciais para o benestar e as perspectivas económicas”**.

1.2 A sostibilidade territorial

Nos últimos anos o concepto de sostibilidade xerou unha proluxa produción científica. Non é obxecto deste artigo glosar este panorama, pero si que nos atrevemos a considerar unha reflexión sobre as esencias do termo, xa que podemos correr o risco de baleiralalo de contido por un exceso de uso. A nivel internacional existe un amplo consenso á hora de identificar cales son os signos de insostibilidade máis alarmantes, entre os que cabería salientar, en relación ao tema que nos ocupa, o esgotamento de recursos, a perda de biodiversidade, a contaminación ambiental ou o cambio climático. Somos a única especie que puido modificar a grande escala o seu medio circundante, configurando, ademais, un ecosistema propio, o urbano. A satisfacción das necesidades humanas, unida a outras connotacións relativas ao control sobre o medio, a loita polo poder e a busca do coñecemento, xustificaron os actuais niveis de desenvolvemento, así como o camiño seguido para chegar aos mesmos. Unha reflexión en clave territorial lévanos ao suxestivo concepto de “pegada ecolóxica”, formulado inicialmente por William Rees (1992), para referirse ao ámbito de incidencia ecolóxica dun asentamento en termos da cantidade de terra produtiva que necesita para o seu consumo e a asimilación dos residuos xerados. Trátase dun indicador global relacionado co concepto de capacidade de carga, que dá idea do consumo de recursos necesarios para unha poboación que vive cun nivel de vida concreto. Trátase, por tanto, dun indicador de sostibilidade na súa dimensión territorial. A complexidade para o seu cálculo fai que non poida empregarse dunha forma analítica rigorosa como indicador global, pero polo menos si que funciona como un indicador intuitivo, visual e, polo tanto, moi mediático e con capacidade para provocar reflexións de calado. Atendendo aos datos de dúas fontes propias de Galicia, a pegada ecolóxica de cada habitante rondaría as 7 ha (Palmero, M. 2004 e SGEA-FEG, 2009), polo que sen ter en conta a biocapacidade do territorio galego. Isto supón que estaría entre as CCAA que contribúen a que a pegada ecolóxica española sobrepase as 6,5 ha globais /hab (para o ano 2005).

As provincias galegas son maioritariamente rurais segundo a clasificación do Instituto Nacional de Estatística. Pero ademais, a proporción de poboación que vive nun ámbito diseminado é a maior de todo o conxunto español. Este elevado grao de dispersión é froito do sistema de asentamento atlántico tradicional, que se ben foi eficiente no consumo e xestión



dos recursos polo seu grao de autosuficiencia, conforme foi aumentado a poboación urbana e de “hábitos urbanos”, foise facendo un potenciador dunha menor eficiencia ambiental e social, dada a dificultade para facer chegar os servizos urbanísticos, o aumento dos desprazamentos ou a baixa accesibilidade ás dotacións.

Fronte a esta situación, o paradigma da sostibilidade aposta por un desenvolvemento equilibrado, por unha xestión responsable dos recursos naturais, pola protección do medio natural, por mellorar a calidade de vida da poboación, proporcionando un servizo de infraestruturas básicas e pola integración do patrimonio cultural e natural.

O territorio acolle os procesos dos sistemas naturais e antrópicos, urbanos e rurais, polo que a súa axeitada ordenación debe converterse nunha ferramenta ao servizo da sostibilidade, apostando por un re-coñecemento do noso territorio desde unha ollada integral e multidisciplinar. E, en consecuencia, os instrumentos de Ordenación Territorial a escala subrexional teñen que asumir o protagonismo necesario, xa que é a escala de traballo que permite comprender e xestionar os procesos territoriais desde unha perspectiva integral.

Pero hai que lembrar que este camiño non é doado, posto que nos enfrontamos ao intento de coñecer e predicir o comportamento dun sistema complexo. De feito, as dificultades para analizar e comprender os procesos que afectan ao sistema medioambiental son enormes, debido á tupida rede de interaccións que se producen entre os seus compoñentes. Unha armazón de fluxos de masa, enerxía e información, entre a parte biótica e abiótica que garante a biodiversidade no noso Planeta. Ademais, estas relacións entre os compoñentes do sistema Terra atópanse en equilibrio dinámico, cuxa evolución presenta trazos de comportamento caótico a diferentes escalas. Esta realidade complica demasiado calquera intento de albiscar con nitidez os escenarios futuros. Pois ben, engadan a esta reflexión, a consideración da esfera humana no sistema e as súas capacidades transformadoras. Esta ollada converxente socio-ecolóxica sitúanos diante dun obxecto de estudo extremadamente complexo de difícil predición. Pero, como afirmaba o dramaturgo inglés John Galsworthy, ***“se nunca pensamos no futuro, nunca o teremos”***.

1.3 A ordenación territorial

A ordenación do territorio debe ser entendida como unha disciplina científica, unha práctica administrativa e sobre todo unha política que permita preservar e potenciar os elementos de identidade e de diferenciación dun territorio, xerando ao mesmo tempo novas opcións para alcanzar maiores niveis de benestar.

Non se trata dunha mera práctica regulada, consistente en debuxar sobre un lenzo en branco. Pola contra, falamos dunha tarefa multidisciplinar que debe afrontar o reto de recoñecer e interpretar unha realidade complexa que opera nun ámbito continuo e cuxa evolución é continuada no tempo, o territorio.

Como acción pública a ordenación territorial debe encarar, ademais, aspectos clave como o grao de cobertura e eficacia dos servizos públicos, a calidade dos espazos residenciais, a eficiencia no transporte, o uso racional dos recursos naturais, ou a preservación e mellora da paisaxe. Retos, todos eles, do paradigma do respecto cultural interxeracional, desde unha aposta clara pola sostibilidade do territorio.

Tal e como se recolle no preámbulo do manifesto por unha *Nova Cultura do Territorio* (2006), a xestión prudente do territorio debe converterse no elemento central dun novo debate cidadán. E convén lembrar, aproveitando a cita, algúns dos principios que establece o devandito manifesto: O territorio é un ben non renovable, esencial e limitado. O territorio é unha realidade complexa e fráxil. O territorio contén valores ecolóxicos, culturais e patrimoniais que non poden reducirse ao prezo do solo. Un territorio ben xestionado constitúe un activo económico de primeira orde e, por último: o impulso dos valores de sostibilidade ambiental, eficiencia económica e equidade social require dunha nova cultura do territorio.

1.4 O marco europeo. A Estratexia Territorial Europea.

Numerosos documentos políticos e académicos coinciden en proclamar a crise do planeamento urbanístico e da ordenación do territorio convencional, incapaz de dar resposta aos intensos procesos contemporáneos de transformación do territorio. Estes modelos clásicos, baseados en olladas estáticas e deterministas demostráronse ineficaces para dirixir os cambios de calado impostos pola globalización nas últimas décadas. O desenvolvemento sostible é un firme compromiso das políticas territoriais da Unión Europea, baseado nun crecemento económico equilibrado, un alto nivel de educación e progreso social e nun alto nivel de protección e mellora da calidade do medio ambiente. É unha visión estratéxica de longo alcance que debería presidir todas as políticas sectoriais da institución Europea. O fin último é a mellora da calidade de vida dos seus habitantes e das xeracións futuras, preservando a capacidade do noso planeta para sustentar a vida en todas as súas manifestacións. Para o cal é imprescindible respectar os límites dos recursos naturais co obxectivo de rachar a maligna relación entre crecemento económico e degradación.

No ano 1983, o Consello de Europa promoveu a “Carta Europea de Ordenación do Territorio”, na que se definía a ordenación territorial como **“...a expresión espacial das políticas económicas, sociais, culturais e ecolóxicas da sociedade; e é á vez unha disciplina científica, unha técnica administrativa e unha política concibida cun enfoque interdisciplinar e global, onde o obxectivo é o desenvolvemento equilibrado das rexións e a organización do espazo segundo un concepto reitor”**. Dez anos despois, en novembro de 1993 na cidade belga de Liexa, os Ministros responsables de Ordenación do Territorio redactaban o documento titulado **“Perspectiva Europea de Ordenación do Territorio”**, no que se recollía a política común na materia, apoiándose en tres principios, a cohesión económica e social, o desenvolvemento sostible e o equilibrio territorial. Esta política remataría concretándose na “Estratexia Territorial Europea —ETE—” aprobada en 1999 e que foi o referente das políticas estatais e autonómicas en materia territorial. Nela incídese no obxectivo europeo dun desenvolvemento equilibrado e sostible mediante o reforzo da cohesión económica e social, a conservación dos recursos naturais e do patrimonio cultural e unha competitividade máis equilibrada do territorio europeo.

2 Os instrumentos de ordenación do territorio en Galicia

A lei 10/1995 de Ordenación do Territorio de Galicia deseñou o sistema de ordenación territorial en base a cinco instrumentos: as Directrices de Ordenación do Territorio (DOT), os Plans Territoriais Integrados (PTI), os Programas Coordinados de Actuación (PCA), Plans e Proxectos Sectoriais de Incidencia Supramunicipal (PS) e os Plans de Ordenación do Medio Físico (POMF). O sistema deseñado de planificación territorial en Galicia combina a plani-



ficación en ferverza e a horizontal, amosando así a necesaria relación xerárquica entre os instrumentos derivados das diferentes escalas de aproximación ao territorio, e a relación transversal entre instrumentos de políticas converxentes. Unha relación que comeza a ser efectiva 15 anos despois coa aprobación definitiva das Directrices de ordenación do Territorio como marco de referencia do conxunto de instrumentos.

Galicia dotouse por fin de tales Directrices tras un longo proceso no que se chegaron a formular dous avances das mesmas. Xorden cunha inequívoca vocación de participación dos diferentes axentes sociais co obxectivo de alcanzar un modelo territorial de amplo consenso.

2.1 As Directrices de Ordenación do Territorio

As **Directrices de Ordenación do Territorio** incorporan as reflexións e orientacións da Estratexia Territorial Europea referentes ao policentrismo, a cohesión territorial e a súa evolución cara a Estratexia Europa 2020, as relacións urbano-rurais, así como as correspondentes á compactación e complexidade dos asentamentos presentes na carta de Leipzig. As súas propostas e determinacións débense entender como a folia de ruta desde a que avanzar cara un futuro territorio máis integrado, sostible e equilibrado. Este marco de referencia é imprescindible para orientar as actuacións sectoriais para que poidan desenvolverse en sintonía cos obxectivos xerais da política territorial galega. Son, polo tanto, a referencia para a coordinación das accións e a coherencia dun modelo territorial deseñado para corraxir os desequilibrios territoriais e promover un desenvolvemento sostible.

2.1.1 O modelo territorial

O Modelo territorial establecido nas Directrices identifica os elementos que compoñen o noso territorio, a saber: o sistema de asentamentos (as rexións e áreas urbanas, as cidades medias, os nodos para o equilibrio do territorio, os principais núcleos municipais e parroquiais), as infraestruturas, os espazos naturais, as rías galegas, o litoral, o patrimonio cultural, a paisaxe, o espazo agrario e forestal, establecendo as súas características e as súas claves evolutivas.

A perspectiva da sostibilidade medioambiental está presente nas Directrices, impregnando as análises e diagnósticos acometidos. As conclusións recollidas nelas confirman que Galicia experimenta un aumento das presións que as actividades antrópicas exercen sobre o medio ambiente. Un feito que queda de manifesto nos diferentes indicadores empregados e que dan unha radiografía nítida dunha realidade asimétrica entre o litoral e o interior, e entre as áreas urbanas e as rurais.

O reto das DOT é, precisamente, establecer as claves para reequilibrar estes procesos, desde un punto de vista territorial, mediante a protección das áreas de maior valor ambiental e a recuperación das afectadas por alteracións significativas. A busca de estratexias e mecanismos de corrección de tales disfuncións, sen menoscabo das políticas de protección dos territorios de maior valor ambiental. Neste sentido, as Directrices instan á resolución dos problemas que na actualidade presentan os espazos rurais. Así, a ordenación do solo rústico terá en conta criterios básicos como a preservación dos valores naturais e paisaxísticos. E deben, igualmente, establecer criterios que incrementen a sostibilidade dos procesos de transformación do territorio.

As Directrices asentan, polo tanto, as súas propostas nunha rigorosa análise da configuración do territorio galego ao longo da súa historia, dos procesos de transformación actuais e dos retos de futuro de Galicia. Non corresponde a este artigo enumerar detalladamente os resultados deste estudo, pero si que nos parece acertado extractar os criterios fundamentais que constitúen as súas liñas estratéxicas:

1. Favorecer a compacidade, harmonizar o desenvolvemento das cidades e prever a urbanización difusa.
2. Fortalecer os núcleos tradicionais, o litoral e poñer en valor o territorio.
3. Mellorar a accesibilidade, a mobilidade e as comunicacións no territorio.
4. Frear o despoboamento rural e favorecer o reequilibrio territorial.
5. Potenciar o sector primario como parte esencial do medio rural.
6. Protexer o patrimonio natural e cultural.
7. Incorporar a perspectiva do metabolismo urbano para unha maior eficiencia ambiental.
8. Afianzar o protagonismo exterior de Galicia.

Quizais a aposta máis significativa corresponda ao **deseño do sistema urbano**, coherente coa proposta policéntrica europea e co modelo de asentamento tradicional galego. Con el preténdese ofrecer unha estratexia eficiente de ocupación do solo e distribución dos servizos, que garanta un consumo racional deste recurso e propicie unha organización dos usos e actividades que melloren a calidade de vida.

Este sistema urbano é o froito da análise territorial de Galicia, atendendo a criterios demográficos, de mobilidade, especialización dos usos do territorio, dinámica urbana, actividade económica, etc., que permite conformar unha estrutura xerarquizada de asentamentos na que as **sete grandes cidades** constitúen o nivel superior do sistema. Elas teñen que facer fronte á importante función de garantir a axeitada cobertura de servizos en todo o territorio e organizar os procesos de cambio nos seus respectivos ámbitos de influencia. Estas cidades acollerán os equipamentos e servizos de rango rexional. Atendendo a estas premisas, as Directrices propoñen dous niveis de planificación para este nivel superior. Por unha parte, a **Rexión urbana** na que se debe acometer a gran planificación territorial e por outro un segundo nivel relacionado cos servizos e as infraestruturas municipais básicas. Este nivel corresponde territorialmente con espazos das **Áreas urbanas** de Vigo e A Coruña e coas de Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra e Ferrol.


Xunto cos principais asentamentos das Rexións e Áreas Urbanas constitúen o segundo nivel do sistema urbano e peza fundamental do mesmo. Está formado por pequenas cidades e vilas que centralizan nos seus medios subsistemas de carácter supramunicipal. A súa función é proporcionar unha base urbana aos seus respectivos ámbitos de influencia para que a totalidade do territorio galego dispoña dunha axeitada cobertura de servizos urbanos de certo nivel, esenciais para a calidade de vida e para o desenvolvemento das actividades produtivas. A súa distribución espacial e a súa estrutura económica antóllanse esenciais para o necesario equilibrio territorial. A existencia desta

rede de asentamentos é unha vantaxe competitiva de Galicia. Estas cidades proporcionan unha base sólida para configurar unha estrutura urbana policéntrica compatible coa preservación de identidades e cunha escala axeitada en termos sociais, ambientais e funcionais.



Imaxe 1. Rexións e áreas urbanas


Os **Nodos para o equilibrio do territorio**, constitúen espazos clave para garantir o mantemento dos procesos de desenvolvemento endógeno e frear o despoboamento e desequilibrios que ameazan a boa parte do interior de Galicia. E para que estes nodos poidan exercer con eficacia as citadas funcións, as Directrices propoñen iniciativas tales como o aumento da súa accesibilidade, priorizando a súa conectividade aos servizos avanzados de telecomunicacións e a preservación da súa paisaxe, entre outros. Os Nodos, en definitiva proporcionan un referente territorial sobre o que organizar os crecementos residenciais e os espazos de actividade, reducindo a proliferación da urbanización difusa.



Imaxe 2. Nodos de equilibrio do territorio

O último nivel do sistema de asentamentos constitúeno os **núcleos principais dos restantes municipios e das parroquias rurais**. Conforman a estrutura base da xerarquía de asentamentos no territorio, conxuntamente coas pequenas entidades de poboación. Supoñen as células elementais dun medio rural vivo, que garante a conservación dos valores culturais, ambientais, paisaxísticos, sociais e económicos, e como condicionantes básicos para evitar o abandono e os seus efectos derivados.

A característica máis innovadora que presenta o **sistema urbano**, reside en identificar ámbitos funcionais arredor dunha cabeceira ou núcleo central, pero sen especificar (delimitar) o seu ámbito concreto de influencia. E desta maneira deixar que sexa o correspondente Plan territorial integrado o que nun estudo particularizado e de detalle delimite o ámbito en función da temática estudada.



Imaxe 3. Sistema urbano de Galicia

O obxectivo principal desta medida é desvincular a planificación territorial da posible falta de consenso na definición das diferentes áreas, desta maneira independízase a planificación das rexións e áreas urbanas e dos distintos niveis identificados, da organización administrativa e municipal.

Ademais, esta decisión conduce a outro dos aspectos máis positivos da proposta realizada, posto que permite facer **máis explícita e necesaria a cooperación e colaboración con outras Administracións e, moi especialmente, cos concellos**. Así, o modelo proposto baséase na participación dos concellos en dous niveis:

1. Mediante asociacións voluntarias para a definición dos Plans territoriais integrados que configuren a planificación dos seus ámbitos, de maneira que se poidan articular os seus ámbitos funcionais.

2. Mediante a participación na posta en marcha das referencias territoriais para a implantación dos usos e actividades seguindo as pautas dese modelo colectivo.

As DOT configúranse así como un apoio á planificación municipal, fixando o marco global de referencia e, en definitiva, os criterios para a elaboración dos plans urbanísticos, achegándolle seguridade territorial e xurídica.

2.1.2 O medio rural

O sistema urbano que acabamos de describir non se entende sen o contexto rural sobre o que se asenta e que o singulariza. Proba da consideración é o feito de que **estas Directrices de ordenación do territorio realizarán as funcións das Directrices estratéxicas territoriais de ordenación rural establecidas na Lei de desenvolvemento sostible do medio rural para o desenvolvemento dos Plans de zona.**

O tratamento do rural contempla a caracterización deste espazo en tres tipos principais, en función dos criterios establecidos na Lei de desenvolvemento sostible do medio rural, e en base á función que desempeñan no conxunto do sistema territorial:

- Os espazos rurais integrados
- Os espazos rurais intermedios
- Os espazos rurais periféricos

Establécense estratexias para o fortalecemento do espazo rural, tanto xerais como específicas, orientadas a prever o seu despoboamento, fomentar as actividades asociadas ao sector primario e, en definitiva, fomentar un desenvolvemento rural sostible. Entre as estratexias específicas, especialmente as referidas aos espazos rurais periféricos, inclúese a estratexia dos denominados Núcleos interiores vinculados ao patrimonio rural. Trátase daqueles núcleos asociados aos agrosistemas rurais tradicionais, espazos naturais protexidos ou elementos do patrimonio cultural, nos que se poidan concentrar, de forma compatible cos valores naturais, culturais e paisaxísticos, servizos turísticos e de ocio, e espazos residenciais e terciarios con potencial de desenvolvemento.

2.1.3 Infraestruturas e metabolismo urbano

Finalmente, neste bosquexo dos eixes sobre os que se apoian as Directrices de Ordenación do territorio galego, gustaríanos comentar o tratamento dado ás infraestruturas e ao fenómeno do “metabolismo urbano”.

As infraestruturas formúlanse baixo a premisa dun dobre obxectivo: a máxima eficacia na súa funcionalidade ao servizo dos cidadáns, e a máxima eficiencia no aproveitamento dos recursos naturais e na prevención e minimización dos riscos e da contaminación, incorporando e entendendo a perspectiva do metabolismo urbano. Intégranse así solucións eficaces e eficientes para:

- A mobilidade e as comunicacións: viarias (Plan MOVE e sectoriais das principais cidades e a súa área de influencia), ferroviarias (alta velocidade e convencional), ae-

roportuarias (coordinación dos tres), portuarias, sistemas de transporte, mobilidade alternativa, e de telecomunicacións.

- A xestión integral do ciclo hídrico, integrando os traballos e consideracións de Augas de Galicia para a devandita xestión de maneira que permita a protección dos sistemas acuáticos e o uso intelixente do recurso.
- Estratexias enerxéticas: produción de electricidade (rede eléctrica e gasística), aforro e eficiencia.
- A xestión dos residuos: coordinación e integración das orientacións da planificación autonómica de xestión de residuos. Respecto aos residuos urbanos, fomento de plans locais de recollida de residuos urbanos ou *subsidiariamente a súa integración no plan urbanístico.

2.2 O Plan de Ordenación do Litoral de Galicia

O proceso de ocupación das áreas costeiras tivo como consecuencia procesos de ocupación dispersos e difusos. Ambos os dous ocasionaron a fragmentación de hábitats, a presión sobre áreas sensibles e vulnerables do litoral, así como a ausencia de espazo público de calidade e de lugares de cohesión social, coa finalidade de rematar con estes procesos e reconducir a dinámica insostible de ocupación e uso do territorio, Galicia acometeu a elaboración dun plan de ordenación do litoral.

Os obxectivos perseguidos foron esencialmente dous: establecer un marco de referencia para o plan urbanístico (“a ordenación urbanística da zona litoral”) mediante un conxunto de “criterios, principios e normas xerais”. E, en segunda instancia, aprobar a normativa de conservación, protección e posta en valor das zonas costeiras.

Este Plan concibiuse coa intención de transcender a planificación convencional do territorio e evolucionar cara a participación social e a gobernanza activa e integral, implicando ás administracións, os grupos políticos e ao conxunto da cidadanía. É un modelo que aposta por un constante seguimento do cumprimento dos obxectivos propostos e da evolución do territorio que permitirá realizar os axustes precisos durante o desenvolvemento do proceso. A este seguimento e ás consecuentes accións derivadas é ao que denominamos como xestión dinámica.

2.2.1 Unha metodoloxía novidosa. A xestión do territorio desde a paisaxe

O Plan de ordenación do litoral de Galicia constitúe un traballo de planificación territorial sen precedentes en Europa, ao unir na súa elaboración, tramitación e eficacia, as políticas de sustentabilidade, de protección, ordenación, xestión do territorio e a paisaxe nun só instrumento, erixíndose nunha verdadeira canle de diálogo entre o Goberno e a sociedade.

Galicia súmase con este plan á efectiva protección, ordenación e xestión do litoral do Espazo Atlántico achegando unha peza clave que, xunto con outros instrumentos postos en marcha, contribuirá á política de Xestión Integral das Zonas Costeiras (XIZC). A súa posta en marcha supuxo un profuso traballo de análise do territorio costeiro para fundamentar un modelo territorial propio. O POL constitúe a primeira ordenación integral da costa galega, sendo esta a rexión peninsular co maior perímetro costeiro.

O noso punto de partida son, máis alá do mandato legal, os 2.555 kilómetros de costa, que inclúen 432 km de illas e 464 km de marismas e 1.659 km de perímetro costeiro. Pero tamén foron os municipios, cos que se traballou, que en cada unha das visitas realizadas, cuestionarios enviados e sesións de traballo desenvolvidas, nos manifestaron a necesidade de contar cun marco que dote de seguridade xurídica, estabilidade e equilibrio ao seu desenvolvemento. Este sentir reforzouse coa análise prospectiva realizada cun grupo de expertos de distintas disciplinas que coincidiron xa non só na necesidade, senón no desexo de velo feito realidade.

2.2.2 A definición do ámbito

O primeiro reto foi a definición do ámbito, e este esforzo, ao noso entender, esixía novas olladas sobre o territorio. A liña dos 500 metros, foi só unha medida preventiva á espera da elaboración dun Plan. E este, lóxicamente non podía basearse nunha cifra abstracta, senón que debía transcender para comprender de forma integral o territorio obxecto de ordenación. Para trazar estes límites recorreuse a unha aproximación multiescalar, desde a visión de conxunto, ata poñer pé en terra e ler a costa a escala humana (das comarcas costeiras ás unidades de paisaxe). Así a delimitación debía responder aos espazos e aos procesos ligados á costa. As primeiras cuncas de drenaxe, funcionais ou paleocuncas, que verten directamente ao litoral permitiánnos unha aproximación a este territorio, completada coa estimación de cuncas visuais desde o perímetro costeiro. Así delimitouse un ámbito de estudo baseado na análise das cuncas vertentes que se axustou posteriormente para definir o ámbito de Xestión que, circunscrito aos 82 municipios recollidos no acordo de Consello da Xunta de 24 de maio de 2007, alcanza unha superficie de 215.359 hectáreas.


2.2.3 A paisaxe. Ferramenta de corresponsabilidade solidaria

Desenvolveuse unha metodoloxía de análise e diagnóstico do territorio baseada na comprensión da paisaxe, da súa lóxica e da coherencia dos procesos que o configuran. Unha proposta de traballo que nos permitiu obxectivar a toma de decisións para o modelo de ordenación territorial proposto. A citada aproximación multiescala permitiunos aproximarnos, desde a escala lonxana e máis abstracta da ordenación territorial, á máis concreta que percibe o cidadán, abrindo así unha nova canle de diálogo coa sociedade.

Desta forma, esta “información” convértese en “formación” e polo tanto nun elemento de reflexión e motivación de cara á valoración paisaxística e á planificación territorial non só desde o punto de vista cuantitativo senón cualitativo, substancial.


A paisaxe constitúe, ao fin e ao cabo, a proxección cultural dunha sociedade nun espazo determinado, así a planificación territorial leva consigo o estudo da Paisaxe non só como territorio senón como sociedade. Deste modo, desde o recoñecemento dos valores do mesmo e os seus procesos, é máis sinxelo, non só establecer as directrices para o desenvolvemento das actividades de tal maneira que todas teñan cabida sen que isto supoña unha perda dos nosos valores patrimoniais, senón cumprilas e facelas cumprir. Considerando as distintas escalas de aproximación ao territorio, a análise das 215.359 ha deu como resultado tres niveis de recoñecemento do ámbito litoral:

Nivel 1. As 7 Costas: grandes sectores de costa estruturantes, invariantes na escala temporal humana, ao ficar delimitados por elementos singulares na paisaxe, fundamentalmente, cabos ou saíntes. Resultando os seguintes: Mariña lucense, Rías Altas, Golfo Ártabro, Arco Bergantiñán, Costa da Morte, Rias Baixas, Costa Sur. Os seus límites veñen marcados por elementos singulares na paisaxe, fundamentalmente cabos ou puntas.



Imaxe 4. Identificación das 7 Costas

Nivel 2. Sectores: Individualización de sectores característicos dentro de cada Costa.



Imaxe 5. Exemplo de sectores e subdivisión en unidades de paisaxe

Nivel 3: Caracterización, definición e cartografía das diferentes unidades de paisaxe pre-sentadas en cada un dos sectores. Identificáronse 428 unidades de paisaxe litorais e 214 unidades de paisaxe prelitorais. Para cada unha destas unidades realizouse unha documentación e cartografía específica na que se identifican os seus elementos e valores máis representativos.

POLGALICIA

EL CARÁCTER Y LA ORDENACIÓN ACTUAL.

El frente litoral de la unidad de Lariño, junto con el de los barrios vecinos de Praia de Corno y Praia de San Pedro, a través, forma una bahía relativamente abierta concebida como un enclave de carácter residencial por una sucesión de parcelaciones y parcelas edificadas entre Praza Casanova y Praza Marítima. Con tres plantas se caracterizan por responder a la tipología de "barrio de planta reducida" con una superficie reducida, escasa protección (cercados) y construidas por una sucesión de edificaciones sobre un espacio predefinido. Si bien en el caso de esta unidad hay un desarrollo más expeditivo de la bahía durante el primer siglo. Posteriormente, a los años, reducen las parcelas de edificación de grandes dimensiones. Debido a que se trata de un representante de la organización tradicional del terreno, el el punto actual de los desarrollos de la estructura local, siendo sensible a los cambios relacionados con el mar, las parcelas y las necesidades de organización de producción, como el trabajo de marisqueo en bahías.

DINAMICA DEL PAISAJE

Las unidades características de Praia de San Pedro, Praia de Corno y Lariño han experimentado una evolución significativamente similar en los aspectos de la organización territorial. En estas parcelaciones, el desarrollo de las parcelas, con un programa de edificación de las parcelas de la bahía que incluye las parcelas de edificación para un edificio, se han ido desarrollando en los años, pero no se han desarrollado como en los desarrollos anteriores. En el desarrollo de la bahía, se han ido desarrollando las parcelas de edificación, pero no se han desarrollado como en los desarrollos anteriores. En el desarrollo de la bahía, se han ido desarrollando las parcelas de edificación, pero no se han desarrollado como en los desarrollos anteriores.

RIESGOS E IMPACTOS


A continuación se hace un diagnóstico de riesgos y impactos.

3. EVALUACIÓN

VALORACIÓN DEL PAISAJE

El conjunto que forman las tres unidades de Praia de San Pedro, Praia de Corno y Lariño presenta un nivel de alto valor patrimonial y ambiental, así que la función de paisaje debe ser una función de paisaje de alto valor patrimonial y ambiental. La función de paisaje de alto valor patrimonial y ambiental debe ser una función de paisaje de alto valor patrimonial y ambiental. La función de paisaje de alto valor patrimonial y ambiental debe ser una función de paisaje de alto valor patrimonial y ambiental.

Imaxe 6. Detalle de ficha dunha unidade de paisaxe



Imaxe 7. Detalle da cartografía de usos e elementos para a valoración



Imaxe 8. Caracterización dos asentamentos na unidade de paisaxe de Cedeira

A caracterización da paisaxe plásmase en cada unidade de paisaxe mediante a cartografía de Usos do solo e elementos para a valoración así como diversa información estruturada en fichas dotadas de textos, mapas e fotografías explicativas.

Elaborouse unha cartografía específica na que se inventariaron e caracterizaron os hábitats asociados ás dinámicas intermareais (chairas e marismas), todo o universo de xeofomas recoñecidas, acantilados, areais, dunas, lagoas e humidaes costeiras. E por suposto, acometeuse o estudo da distribución espacial da biota presente no ámbito de estudo, en especial das formas vexetais.

Co mesmo rigor na análise debuxáronse no mapa de usos todos aqueles de evidente xénese antrópica. Neste capítulo xogan un papel destacado os asentamentos e os usos do sistema agroforestal que, non en van, representa 2/3 partes do territorio.

Do mesmo modo cartografáronse os espazos incluídos na Rede de Espazos Naturais Protexidos así como aqueles ámbitos con presenza de taxóns vexetais endémicos, vulnerables ou de distribución reducida, recollidos no Atlas e Libro Vermello da Flora Vasculosa Ameazada de España, recoñecibles como Taxóns Prioritarios. A exhaustiva análise da diversidade xeomorfolóxica do litoral galego realizada para este traballo, xunto cos valiosos estudos consultados permitiu identificar toda unha serie de espazos de interese xeomorfolóxico ao longo da xeometría costeira. Do mesmo modo identificáronse os procesos naturais de erosión mariña cartografando a denominada Área de Dinámica Litoral (ADL).

Por outro lado realizouse un traballo de identificación do patrimonio cultural presente no espazo costeiro. Algúns destes elementos merecen unha especial atención pola súa implicación co mar, como é o caso dos faros, o patrimonio etnográfico mariño e os denominados Núcleos de Identidade do Litoral.



Imaxe 9. NIL de Porto de Bares

Así non se recolleron só os elementos declarados BIC senón tamén o abundante patrimonio que achegan antigas fábricas conserveiras, de salgadeira, secadoiros de peixe, carpinterías de ribeira, “muiños de mar”, faros etc., xunto coa riqueza cultural e histórica que achegan os pazos, igrexas e outras edificacións e construcións populares.

Unha das análises máis novidosas acometidas foi a tipificación dos distintos tipos de asentamentos en función da súa relación co modelo de organización do territorio pasado e actual. En Galicia os principais asentamentos urbanos e a maior parte das actividades económicas localízanse xunto á costa, á que están vinculadas moitas das actividades que podemos considerar estratéxicas para a economía galega: pesca, portos ou turismo, entre outras. O resultado é sen dúbida o dunha gran concentración demográfica que, unida aos modelos de desenvolvemento urbano experimentados nas últimas décadas, configuran amplos tramos da costa como un longo e case ininterrompido asentamento lineal xunto ao mar. Para comprender o modelo de ocupación actual procedeuse á caracterización dos asentamentos en distintos grupos:

- a. Asentamento de carácter fundacional e Núcleos de identidade do Litoral
- b. Desenvolvemento periférico
- c. Asentamento funcional
- d. Agregado urbano
- e. Nova agrupación e os ámbitos de recapacitación

As tres primeiras categorías en liñas xerais presentan unha estrutura e funcionalidade urbana ou de asentamento rural, segundo corresponda, mentres que as tipoloxías de agregado urbano e novas agrupacións recollen as manifestacións de modelos de ocupación contemporáneos sen estrutura e elementos de cohesión.

Finalmente, na caracterización das unidades de paisaxe prestouse especial atención ás cuestións perceptivas, xa que na paisaxe xoga un papel fundamental o aprendido, o cultural. Incluíronse neste estudo os elementos máis representativos desde o punto de vista da enerxía do relevo e da exposición visual, identificando os espazos de interese paisaxístico. Tamén se recoñeceron os puntos de observación máis representativos de cada unidade e cada costa.

2.2.4 O modelo de ordenación proposto

A lóxica que subxace á estrutura do modelo é ante todo relacional e non, como estamos acostumados, unicamente zonal. Por este motivo o Plan de Ordenación do Litoral establece unha estrutura composta por distintos elementos que se superpoñen e complementan para poder recoller as particularidades de cada ámbito. Deste modo, o modelo artículase a partir da identificación dunha serie de elementos:

As Áreas continuas (Protección Ambiental, Mellora Ambiental e paisaxística e Ordenación) que conseguen un tratamento homoxéneo e coherente do ámbito de xestión.

A *área de protección*, que pode ser intermareal ou costeira, persegue garantir a conservación daqueles valores naturais singulares presentes no territorio costeiro e que constitúen a zona de maior fragilidade.

Pero se unha norma veu dar o pulo definitivo á liberalización do exercicio das actividades de servizos, este foi o RD 19/2012, tras o seu trámite parlamentario Lei 12/2012, ao xeneralizar, na integridade do ámbito estatal, a inesixibilidade de licenza para o exercicio de determinadas actividades e en determinadas circunstancias.

Así, a norma establece como ámbito obxectivo as actividades comerciais minoristas e a prestación de determinados servizos previstos no anexo da lei, e nos que conflúan os seguintes requisitos:

- a) Que se realicen a través de establecementos permanentes.
- b) Que estean situados en calquera parte do territorio nacional.
- c) Cuxa superficie útil de exposición e venda ao público non sexa superior a 300 metros cadrados
- d) Que non teñan impacto no patrimonio histórico-artístico ou no uso privativo e ocupación dos bens de dominio público.

A regulación con tal grao de detalle podería formular problemas de encaixe coa normativa que as CCAA en exercicio da súa competencia exclusiva ditanan na materia, polo que resultaría necesario polos operadores xurídicos realizar importantes caneos para respectar tanto a normativa autonómica como a estatal. No devandito senso, en Galicia, o Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, establece que para os efectos da esixencia de procedemento de avaliación de incidencia ambiental (Anexo III) o elemento de referencia superficial para determinar a suxeición das actividades comerciais é a 400 m cadrados e se ben se puidese considerar que a devandita superficie é superior á establecida pola normativa estatal, debemos recordar que ambas as dúas fan referencia a conceptos distintos. A estatal referénciase a superficie útil de exposición e venda ao público, polo que poderíamos atoparnos con actividades non suxeitas a licenza pola normativa estatal pero si segundo a autonómica¹⁴.

administrativo. As Comunidades Autónomas e as Entidades Locais, nun prazo de doce meses tras a entrada en vigor da presente Lei e no ámbito das súas competencias, adaptarán igualmente a súa normativa ao previsto no citado artigo da Lei de Bases de Réxime Local.

2. *Os Municipios deberán adoptar un acordo que dea publicidade aos procedementos nos que, de acordo co previsto no artigo 84 bis da Lei de Bases de Réxime Local, subsiste o réxime de sometemento á licenza local de actividade, mantendo a devandita relación axeitada á normativa vixente en cada momento.*

Non obstante, excedido o prazo concedido, non consta o cumprimento rigoroso da devandita avaliación e conseguintes efectos, por parte das Entidades Locais da nosa Comunidade.

14 Non debemos esquecer que a Lei 13/2010, de Comercio Interior de Galicia, só permite a utilización das figuras de declaración responsable ou comunicación previa naqueles supostos nos cales o exercicio da actividade non estea suxeito ao trámite de incidencia, efecto ou impacto ambientais.

A importancia desta norma radica en que fronte ás 17 normas autonómicas de transposición, e ás distintas regulacións que se fixaran nos máis de 8.000 concellos existentes no conxunto do Estado, introduce un grao de uniformidade e seguridade xurídica para os prestadores de servizos.

Do mesmo modo procede á modificación do TRLFL, dando resposta a unha das primeiras demandas xurdidas dende o ámbito local, como é que a entrada en vigor do novo modelo non implicase unha diminución dos ingresos locais, a cuxo efecto víñase solicitando unha adaptación da normativa citada para a inclusión dun novo feito impositivo para a exacción das correspondentes taxas e a modificación do establecido para o Imposto de Construcións, Instalacións e Obras¹⁵.

3 As modificacións normativas autonómicas

Unha das cuestións máis complexas que formulou a transposición da DS é garantir unha axeitada execución do devandito labor nas 17 CCAA, evitando que se xeren desigualdades territoriais en función da Comunidade en que se vaia exercer a actividade. Para responder á devandita problemática o Estado está a tramitar, na actualidade, a denominada Lei de Garantía da Unidade de Mercado, cuxo anteproxecto foi obxecto de informe polo Consello de Ministros en sesión de data 25 de xaneiro de 2013 e mediante o que se pretende garantir a validez territorial da autorización, licenza, recoñecemento ou cualificación recoñecida de orixe, de modo que opere en todo o ámbito do estado.

MÍGUEZ MACHO, L.¹⁶ considera que o principio de unidade do mercado interior constitúe unha importante fonte de limitacións para o exercicio das competencias en materia de comercio interior, e así sinala que *“Unha manifestación fundamental deste principio é a prohibición de adoptar medidas que obstaculicen as liberdades de circulación e establecemento das persoas e a libre circulación de bens (artigo 139, apartado segundo, da Constitución), se ben a xurisprudencia do Tribunal Constitucional distingue entre a simple incidencia desas liberdades, que non se considera vulneración do precepto, e a verdadeira obstaculización”*.

Ao fío do exposto podemos afirmar con FUERTES LÓPEZ, M.¹⁷. que *“Moita actividade tiveron que desprezar as comunidades autónomas para que, no ámbito das súas extensas competencias, estean incorporados os obxectivos que persegue a Directiva de Servizos.38 Unha catarata de reformas normativas estase a producir para modificar as leis de comercio interior, de turismo, feiras, de xogo, de protección dos consumidores, de protección ambiental, de colexios profesionais, do réxime administrativo para simplificar a actividade pública e suprimir bastantes autorizacións que agora se consideran desproporcionadas, así como para incorporar a nova técnica das declaracións responsables ou comunicacións previas, para modificar o sentido do silencio... Son moitas as reformas levadas a cabo. Unha grande axitación normativa, máis o que sabemos que hai detrás de comisións, reunións, borradores, emendas... No informe que presentou o Goberno ante a Comisión Europea, datado en abril de 2010, contabilizáronse case dúascentas reformas en normas con rango*

15 Non obstante, non foron poucos os concellos que, dende un inicio, e unha vez incorporado o novo modelo regularon nas súas ordenanzas fiscais a exacción da devandita taxa. VIDE

16 MÍGUEZ MACHO, L., tamén sobre a distribución constitucional de competencias en “La intervención administrativa en el comercio interior”. Iustel. Madrid. 2005.

17 “Luces y sombras en la incorporación de la Directiva de servicios”. Revista catalá de dret públic, núm. 42, 2011.

de lei e máis de seiscientos regulamentos autonómicos e apuntábanse aínda máis normas pendentes de modificar”.

En relación co mantemento da posición que se adoptou polas CCAA respecto ao posible solapamento de controis autonómicos e municipais, para o exercicio dos denominados grandes establecementos comerciais, do estudo comparado da transposición levada a cabo polas CCAA podemos concluír que, con carácter xeral, non se resistiron á tentación de manter un importante control autonómico, xustificando a necesidade de manter a autorización comercial da devandita natureza, baseándose en razóns imperiosas de interese xeral e seguindo a VILLAREJO GALENDE, H.¹⁸ atopariámonos coa seguinte clasificación:

- Madrid¹⁹ como único exemplo de supresión da licenza comercial autonómica.
- Continuismo: O mantemento da licenza comercial autonómica (Aragón, Cataluña, Castela e León, Illas Baleares, Illas Canarias, A Ríoxa, Galicia, Murcia e Valencia).
- CCAA que suprimen a licenza autonómica pero manteñen o control autonómico, condicionando as licenzas municipais (Asturias, País Vasco, Andalucía, Extremadura, Cantabria e Castela A Mancha).
- Substitución da licenza comercial autonómica pola autorización mediante un instrumento de ordenación do territorio. O caso navarro.

Das distintas regulacións, pois, podemos comprobar a xeneralización de consideración de grande establecemento comercial e, en consecuencia, suxeito á autorización autonómica, para aqueles que superen a superficie dos dous mil cincocentos cadrados (sen prexuízo da introdución de factores de poboación como elemento de ponderación, vide A Ríoxa).

4 As Entidades Locais: último elo nas tarefas de transposición

Con ocasión da entrada en vigor da DS dende o Ministerio de Economía e Facenda e o Ministerio de Política Territorial en colaboración coa FEMP e COSITAL, procedeuse a elaborar o “Manual práctico de avaliación para as EELL elaborado por el, coa finalidade de axudar ás Entidades Locais a adaptar a súa normativa á Directiva de Servizos”. Neste recóllase xa o papel que lle correspondía ás EELL²⁰ na transposición da norma europea ao sinalar:

“Nesta tarefa na que as Autoridades españolas se ven inmersas para levar a cabo a aplicación do anteproxecto de lei, as Entidades Locais teñen un papel especialmente relevante posto que elas son as autoridades competentes en grande parte da normativa afectada. De feito, a Lei de Bases do Réxime Local ao atribuír no seu artigo 4 apartado 1a) o exercicio da potestade regulamentaria ás Entidades Locais, convérteas nos suxeitos obrigados a modificar as súas propias normas para adaptalas ao Dereito comunitario”.

18 “Licencias comerciales: su persistencia tras la Directiva de Servicios”. Liberalización do Comercio Interior. nº 868.ICE. Setembro-Outubro 2012.

19 A principal regulación vén dada pola Lei 8/2009, do 21 de decembro, de medidas liberalizadoras e de apoio á empresa Madrileña da Comunidade de Madrid e a Lei 5/2010, do 12 de xullo, de Medidas Fiscais para o Fomento da Actividade Económica.

20 FONT I LLOVET, T. E PEÑALVER I CABRÉ, A. “La incidencia de la directiva de servicios en los entes locales”. Revista catalá de dereito público, núm. 42, 2011



O feito de que a LAS no seu artigo 5 impoña unha reserva de lei para o establecemento do réxime autorizadorio, sitúa ás EELL nunha clara posición de subordinación respecto á execución material dos seus deberes de transposición, claramente condicionada pola lexislación ditada polo Estado e a respectiva CA²¹, a pesar do cal algúns concellos avanzaron nas súas tarefas de transposición²² á marxe dos tempos marcados polos lexisladores estatais e autonómicos, baseándose na responsabilidade que para as EELL se podería derivar dun eventual incumprimento dos labores de transposición no seu ámbito territorial²³, prevéndose na propia norma de transposición o procedemento a seguir para a esixibilidade das sancións que no seu caso se impuxesen ao Estado como consecuencia diso²⁴.

III Os novos medios de intervención e a súa consideración desde a perspectiva dos actos administrativos e o procedemento administrativo común.

Un dos enfoques máis rechamantes das tarefas de transposición levadas a cabo polo lexislador estatal consiste en que tras recoller na Lei 17/2009 e Lei 25/2009 as figuras da comunicación previa e a declaración responsable, posteriormente incorporará as devanditas figuras a lexislación básica de procedemento administrativo común, acadando por iso un ámbito máis amplo que o expresamente previsto pola DS²⁵. O eixe principal da DS, sen prexuízo de abordar outros contidos de interese, radica no cambio do modelo de control “ex ante” polo réxime de control “ex post”, pasando a outorgar á autorización un carácter excepcional fronte á formulación da liberdade de exercicio que se xeneraliza²⁶.

1 A técnica tradicional de intervención: a autorización administrativa.

Máis alá dos debates doutrinais sobre a natureza da autorización²⁷, a propia DS no seu art. 4.6) define o “réxime de autorización”, calquera procedemento en virtude do cal o pres-

-
- 21 JIMÉNEZ ASENSIO, R. “La incorporación de la Directiva de Servicios al Derecho interno”. IVAP, Oñati, 2010, pon o acento sobre a problemática derivada da deficiente transposición que, no seu caso, puidese levarse a cabo por algunhas CCAA, que deixarían ás EELL sen cobertura xurídica para adaptar as súas normas, pois a partir da entrada en vigor da LLAASEE, ordenanzas e regulamentos locais que contradixesen a devandita normativa deberían entenderse derogados.
- 22 Sobre o efecto da Directiva e as obrigas que respecto á mesma competen ás Entidades Locais resulta necesario recordar a Sentenza do Tribunal Constitucional do 8 de marzo e do 22 de abril de 1993, segundo as que, non existe unha competencia específica de transposición das Directivas Europeas, polo que a execución do dereito comunitario corresponderá a quen ostenta a competencia da actividade ou norma afectada pola Directiva, tal e como sinala a propia Directiva cando remite ao dereito interno as cuestións de competencia.
- 23 URRUTIA LIBARONA, I. “Marco jurídico del libre acceso a las actividades de servicios y su ejercicio en la Comunidad Autónoma del País Vasco”, Instituto Vasco de Administración Pública, Oñati, 2010.
- 24 DISPOSICIÓN FINAL CUARTA. Compensación de débedas en caso de responsabilidade por incumprimento. As Administracións Públicas que, no exercicio das súas competencias, incumprisen o disposto nesta Lei ou no Dereito comunitario afectado, dando lugar a que o Reino de España sexa sancionado polas institucións europeas asumirán, na parte que lles sexa imputable, as responsabilidades que de tal incumprimento se derivasen. A Administración do Estado poderá compensar a devandita débeda contraída pola administración responsable coa Facenda Pública estatal coas cantidades que deba transferir a aquela, de acordo co procedemento regulado na Lei 50/1998, do 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e da Orde Social. En todo caso, no procedemento de imputación de responsabilidade que se tramite garantirase, a audiencia da Administración afectada.
- 25 O artigo 2 DS recolle como ámbito de aplicación “*os servizos prestados por prestadores establecidos nun Estado membro*”, sen prexuízo de recoller a continuación unha serie de servizos excluídos.
- 26 Para un estudo empírico sobre o estado da cuestión vide “Autorizaciones y licencias, hoy. Un análisis sectorial tras la Directiva de Servicios”. Dir. PAREJO ALFONSO, L. Tirant lo Blanch, Valencia, 2013.
- 27 Sobre a técnica da autorización e a súa construción dogmática en torno ás posicións de RANELETTI e MAYER, pode consultarse GARCÍA DE ENTERRÍA, E. e FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, T.R. “Curso de Derecho Administrativo II”, 4ª edición, Civitas, 1997 e PARADA VÁZQUEZ, R. “Derecho administrativo I”, Marcial Pons, Madrid, 1994.

tador ou o destinatario están obrigados a facer un trámite ante a autoridade competente para obter un documento oficial ou unha decisión implícita sobre o acceso a unha actividade de servizos ou o seu exercicio, completando a devandita regulación coa contida nos seus artigos 9 e seguintes²⁸.

O que si resulta indiscutible é a condición da autorización como prototipo de técnica de intervención baseada no control preventivo e así podemos dicir con LAGUNA DE PAZ, J.C. que

“Todas as autorizacións teñen en común o control preventivo que un suxeito realiza respecto da actuación doutra, co fin de comprobar que reúne as condicións que permiten entender o devandito comportamento non danará os seus intereses, ou os daqueles a salvagarda dos cales teña encomendada”.

En todo caso, e ante as críticas xurdidas polo cambio de modelo²⁹ e a suposta desregulación operada no sector servizos, resulta conveniente recordar que o novo sistema non impón a ausencia de controis³⁰, senón que simplemente se limita a modificar o momento procedemental en que estes se producen, permanecendo inalteradas as facultades públicas de inspección, revisión e sanción. A principal consecuencia para o réxime autorizador consiste na súa transformación nun réxime de carácter excepcional, cuxa utilización só poderá lexitimarse cando efectuado o triplo xuízo de racionalidade, sexa o único medio que garanta o interese xeral.

2 Reflexo normativo na lexislación de procedemento administrativo común.

Sobre a devandita cuestión³¹ xa apuntabamos a estrañeza por que a regulación destas figuras se incluíse, en execución dos labores de transposición da DS, nunha norma ditada polo Estado ao abeiro do título competencial recollido no artigo 149.1.18ª CE, como son as bases do réxime xurídico das AAPP e o procedemento administrativo común, xa que o ámbito obxectivo da DS se circunscribe ás actividades de servizos.

En paralelo e en relación con esta cuestión no ámbito local fóronse introducindo modificacións sucesivas na LRRL, concretamente no seu artigo 84, para recoller como novos medios de intervención o sometemento a comunicación previa ou a declaración responsable, de conformidade co establecido no artigo 71 bis da Lei 30/1992 e o sometemento a control posterior ao inicio da actividade, a efectos de verificar o cumprimento da normativa reguladora da mesma. Sen prexuízo do reproche que poida merecer a devandita incorporación, bótase de menos, unha vez xa superadas as disquisicións competenciais, a regulación dun marco procedimental mínimo, para os efectos de dotar de coherencia o funcionamento das devanditas figuras nos distintos ámbitos territoriais.

28 Establécense unha serie de requisitos para a suxeición dunha actividade de servizos ao réxime autorizador, que se concretan nun triplo xuízo: de non discriminación, de necesidade de xustificación pola concorrencia dunha razón imperiosa de interese xeral e de proporcionalidade, ao tempo que se establecen as condicións para a concesión da autorización, a súa duración e supostos limitativos.

29 PAREJO ALFONSO, L. “op.cit.”

30 Para as diferenzas entre a autorización e a comunicación LAGUNA DE PAZ, J.C. “La autorización administrativa”. Thomson, Civitas. Navarra. 2006.

31 RAZQUIN LIZARRAGA, J.A. Da intervención administrativa previa ao control a posteriori: a reforma do procedemento administrativo común a consecuencia da directiva de servizos. Revista Aranzadi Doctrinal, núm.2, 2010.

Outra das cuestións problemáticas que se derivan do novo modelo de intervención é a posición dos terceiros interesados³², por canto a regulación existente sen proclamar a necesidade dun procedemento administrativo situaríaos nunha especie de limbo xurídico, no que malia a evidente existencia de terceiros interesados que puidesen ostentar dereitos fronte ao exercicio dunha actividade de servizos, non se clarifican as posibilidades de defensa deses dereitos. Así mesmo introducíronse senllos artigos 84 bis e ter na LRBRL recollendo a inesixibilidade xeral de licenza, así como os supostos de concorrencia entre autorizacións diversas³³ e a obriga de establecer e planificar os procedementos de comunicación necesarios, así como os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos para o exercicio das actividades que non requiran título habilitante previo.

Na mesma liña pronúnciase a modificación efectuada na Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, pola Lei 1/2010, que incorpora ao seu artigo 286³⁴ un contido semellante ao recollido polo artigo 84 LRBRL.

3 Declaración responsable e Comunicación previa

Tal e como se comentou ambas as dúas figuras non representan unha novidade pura no noso escenario xurídico, sendo coñecidas pola súa utilización no seo dun procedemento administrativo, con natureza dun documento complementario³⁵. A novidade en si mesma vén representada polo outorgamento dun carácter autónomo, capaz de producir efectos propios e sobre terceiros³⁶.

-
- 32 A Lei 26/2010, do 3 de agosto, de réxime xurídico e de procedemento das administracións públicas de Cataluña. no seu artigo 34.2 establece que *“en ningún caso as medidas de simplificación administrativa poden supoñer limitación ningunha dos dereitos e garantías que a lexislación vixente reconece aos cidadáns e terceiras persoas interesadas en calquera procedemento administrativo”* prevendo, para tal efecto, a posibilidade de que a lexislación sectorial estableza mecanismos alternativos de resolución de conflitos.
- 33 Art. 84 bis: *“En caso de existencia de licenzas ou autorizacións concorrentes entre unha entidade local e algunha outra Administración, a entidade local deberá motivar expresamente na xustificación da necesidade da autorización ou licenza o interese xeral concreto que se pretende protexer e que este non se atopa xa cuberto mediante outra autorización xa existente”.*
- 34 1. *As entidades locais poderán intervir na actividade dos cidadáns a través dos seguintes medios:*
a) *Ordenanzas e bandos.*
b) *Sometemento a licenza previa e outros actos de control preventivo. Non obstante, cando se trate do acceso e exercicio de actividades de servizos incluídas no ámbito de aplicación da Directiva 2006/123/CE, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, e as súas normas de transposición, estarase ao disposto nesta.*
c) *Sometemento a comunicación previa ou declaración responsable, de conformidade co establecido no artigo 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.*
d) *Sometemento a control posterior ao inicio da actividade, para os efectos de verificar o cumprimento da normativa que regula a mesma.*
e) *Ordes individuais constitutivas de mandato para a execución dun acto ou a súa prohibición.*
2. *A actividade de intervención das entidades locais axustarase, en todo caso, aos principios de non discriminación, necesidade e proporcionalidade co obxectivo que se persegue.*
3. *As licenzas ou autorizacións outorgadas por outras administracións públicas non eximen aos seus titulares de obter as correspondentes licenzas das entidades locais. Respetarase, en todo caso, o disposto nas correspondentes Leis sectoriais.*
- 35 Así, entre outras, en Lei 30/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, ou no Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, que incorpora a figura xa tradicional en materia de contratación pública, ou Lei 32/2003, do 3 de novembro, Xeral de Telecomunicacións.
- 36 Respecto á devandita cuestión vide MUÑOZ MACHADO, S. “Las transformaciones del régimen jurídico de las autorizaciones administrativas”, LÓPEZ MENDUJO F. “La transposición de la directiva de servicios y la modificación de la Ley 30/1992: el régimen de la declaración responsable y de la comunicación previa.” Revista Española da Función Consultiva 17, núm. 14, xullo-décembro (2010). MOREU CARBONELL, E.: “La Administración “neopolicial”. Autorización administrativa e sistemas alternativos (comunicación previa y declaración responsable).” RIVERA ORTEGA, R.: “Autorizaciones, declaraciones responsables y comunicaciones previas. Reflexiones sobre la actividad de intervención en la Directiva 2006/123/CE”, Noticias da Unión Europea, núm. 317, 2011. “El impacto de la Directiva Bolkestein y la reforma de los servicios en el Derecho administrativo”, Gobierno de Aragón, 2011. NÚÑEZ LOZANO, M. C.: “Las actividades comunicadas a la Administración: la potestad administrativa de veto sujeta a plazo”, Marcial Pons, Madrid-Barcelona, 2011.

En canto á definición que a norma realiza de ambas as dúas figuras, o artigo 71 bis³⁷, nos seus apartados 1 e 2 establece o seguinte:

- Declaración responsable: documento subscrito por un interesado no que manifesta, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para acceder ao recoñecemento dun dereito ou facultade ou para o seu exercicio, que dispón da documentación que así o acredita e que se compromete a manter o seu cumprimento durante o período de tempo inherente ao devandito recoñecemento ou exercicio.
- Comunicación previa: aquel documento mediante o que os interesados poñen en coñecemento da Administración Pública competente os seus datos identificativos e demais requisitos esixibles para o exercicio dun dereito ou o inicio dunha actividade, de acordo co establecido no artigo 70.1 LRXAP-PAC

Asignando, en ambos os dous casos, os efectos³⁸ que se determinen en cada caso pola lexislación correspondente e permitirán, con carácter xeral, o recoñecemento ou exercicio dun dereito ou ben o inicio dunha actividade, dende o día da súa presentación, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección que teñan atribuídas as Administracións Públicas. Engadindo especificamente, para o caso da comunicación, que esta se poderá presentar dentro dun prazo posterior ao inicio da actividade cando a lexislación correspondente o prevea expresamente.

Resulta importante, neste punto, sinalar a remisión á lexislación sectorial que o precepto realiza, de tal modo, que o mesmo se limita a enunciar as liñas xerais das figuras, debendo ser as normas correspondentes as que aquilaten o encaixe destas no noso sistema de intervención administrativa, completando a súa definición legal³⁹.

IV Exercicio de actividades de Servizos na Comunidade Autónoma Galega tras a Directiva de Servizos

A regulación da materia en Galicia realizouse, nun primeiro momento, fundamentalmente a través de dúas normas, por unha parte a Lei 7/2009⁴⁰, do 22 de decembro, de modificación da Lei 10/1988, do 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia, específica do sector comercial, que sería pronto modificada pola Lei 13/2010, do 17 de decembro, Comercio Interior de Galicia.

Xunto coa devandita norma de carácter sectorial ditouse unha norma de carácter ómnibus, a Lei 1/2010⁴¹, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa

37 Engadido por Lei 25/2009.

38 A norma anoa á inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompaña ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable ou comunicación previa, a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar. Importantes consecuencias para limitar os posibles excesos que se puidesen derivar do cambio de modelo

39 Sobre a devandita cuestión MOREU CARBONELL, E.: “La Administración “neopolicial”. Autorización administrativa y sistemas alternativos (comunicación previa y declaración responsable)”.

40 D.O.G. Nº 251, do 28 de decembro de 2009.

41 D.O.G. Nº 36, do 23 de febreiro de 2010. Contra a devandita norma foi interposto recurso de inconstitucionalidade nº 8260-2010, promovido polo Presidente do Goberno en relación con diversos preceptos da Lei 1/2010.

adaptación á Directiva 2006/123/CE, ao estilo seguido polo Estado coa Lei 25/2009, se ben sen acadar a finalidade pretendida da devandita transposición, máis que a un efecto meramente formal.

1 Regulación na normativa reguladora do ámbito comercial

Tal e como se sinalou ditáronse na CA Galega dúas normas para a transposición no sector comercial. A primeira delas, a Lei 7/2009, pouco respondía á finalidade expresada na súa Exposición de Motivos de adaptación á DS, por canto mantiña no seu artigo 6 a esixibilidade de licenza municipal de apertura ou de actividade e, no seu caso, a autorización comercial autonómica, para a apertura dun establecemento comercial.

Será necesario esperar á Lei 13/2010, a que dará carta de natureza na nosa Comunidade ao novo modelo de intervención de control posterior ao recoller expresamente no seu artigo 28, apartados 3 e 4:

3. *En todo caso, as actividades comerciais non suxeitas ao trámite de incidencia, efecto ou impacto ambientais, nin ao informe da consellería titular da competencia en sanidade, estarán exentas da obtención da licenza municipal de apertura ou actividade, abondando para o seu inicio a presentación dunha comunicación previa ou declaración responsable.*
4. *Suxéitanse unicamente ao deber de presentar unha comunicación previa, asinada pola persoa transmitente e a adquirente, os cambios de titularidade das licenzas de actividade ou apertura de establecementos e actividades comerciais.*

A norma citada incorpora tamén a comunicación previa para a transmisión da titularidade das licenzas de actividade, non obstante, hai que recordar que o devandito procedemento viña xa establecido polo Regulamento de Servizos das Corporacións Locais de 1955⁴².

2 A autorización comercial autonómica

A Lei 13/2010 mantivo a autorización comercial autonómica (ACA), baseándose na *“necesidade de protección dos ámbitos urbanos históricos, evitando o proceso de despoboación dos núcleos urbanos, na protección do medio e do patrimonio histórico-artístico de Galicia e na mellora da calidade de vida das persoas”*. Sen prexuízo de considerar que o réxime establecido respecta á autonomía local constitucionalmente garantida, limitando a intervención autonómica a supostos de incidencia supramunicipal e garantindo a proporcionalidade e a non discriminación entre empresas, independentemente da súa nacionalidade, procedencia, características ou formato.

2.1 Finalidade e obxecto

Sinala a propia norma no seu artigo 29.1 que o sometemento a autorización comercial autonómica pretende *“garantir a axeitada integración territorial do establecemento comercial a través da súa planificación urbanística e da execución previa das infraestruturas e dotacións necesarias, a súa compatibilidade dende o punto de vista da protección do medio*

42 O RS foi obxecto de modificación por Real Decreto 2009/2009, do 23 de decembro.



e a accesibilidade dos cidadáns a estes equipamentos en condicións axeitadas” en clara invocación ás denominadas razóns de interese xeral⁴³.

Segundo o disposto nesta e seguindo a tendencia da maioría das CCAA que optaron por un modelo de extensión de superficie, establécese a suxeición a autorización comercial autonómica da instalación e traslado dos establecementos comerciais cuxa superficie útil de exposición e venda ao público sexa igual ou superior a 2.500 metros cadrados, sendo tamén preceptiva no caso de ampliacións de establecementos comerciais cando a superficie resultante tras a ampliación sexa igual ou superior a 2.500 metros cadrados.

2.2 Procedemento

O procedemento ao que se suxeita a ACA atópase establecido no Decreto 211/2012, do 25 de outubro, en desenvolvemento do disposto no apartado 7, do artigo 33.

No seu Capítulo II, Procedemento para a obtención da autorización comercial autonómica, dedica a súa Sección I, artigos 6 a 14, a desenvolver con detalle a documentación que se deberá de presentar coa solicitude, especialmente aquela de carácter técnico que deberá de servir de base para acreditar o cumprimento dos requisitos de interese xeral.

Entre as principais novidades que recolle o Decreto sobre o articulado da lei, introdúcese un trámite de información pública, mediante audiencia por un prazo de 15 días aos concellos limítrofes a aquel en cuxo termo municipal se sitúe o proxecto obxecto de solicitude e, paralelamente, abrírase un trámite de información pública cunha duración de 15 días mediante a inserción do correspondente anuncio no Diario Oficial de Galicia e nun diario de máxima difusión provincial, no que se indique claramente o obxecto da mesma, o prazo, así como o lugar e horarios dispostos para consulta.

Tamén se concretan os aspectos referidos como criterios de interese xeral⁴⁴, introducindo un maior grao de obxectividade na liña apuntada pola propia DS ao sinalar que os requisitos deben ser coñecidos con anterioridade, en cumprimento da finalidade de dotar de seguridade xurídica o exercicio das actividades de servizos.

3 Impacto nas Entidades Locais: ordenanzas reguladoras da intervención administrativa.

A atribución ás EELL da potestade de autoorganización e regulamentaria ex LRBR e LALG faculta estas para, dentro do seu ámbito competencial, establecer a ordenación correspondente aos procedementos de control, así como a ter permanentemente publicados e

43 O concepto de «razóns imperiosas de interese xeral» foi desenvolvido polo Tribunal de Xustiza na súa xurisprudencia relativa aos artigos 43 e 49 do Tratado (hoxe, 49 e 56 TFUE). No seu amplísimo preámbulo a DS concibeo como un concepto aberto, que pode seguir evolucionando: «A noción recoñecida na xurisprudencia do Tribunal de Xustiza abrangue polo menos os ámbitos seguintes: orde pública, seguridade pública e saúde pública, no sentido dos artigos 46 e 55 do Tratado, mantemento da orde na sociedade, obxectivos de política social, protección dos destinatarios dos servizos, protección do consumidor, protección dos traballadores, incluída a súa protección social, benestar animal, preservación do equilibrio financeiro dos réximes de seguridade social, prevención de fraudes, prevención da competencia desleal, protección do medio ambiente e do ámbito urbano, incluída a planificación urbana e rural, protección dos acreedores, garantía dunha boa administración de xustiza, seguridade vial, protección da propiedade intelectual e industrial, obxectivos de política cultural, incluída a salvagarda da liberdade de expresión dos diversos compoñentes (en especial, os valores sociais, culturais, relixiosos e filosóficos da sociedade), a necesidade de garantir un alto nivel de educación, mantemento da diversidade de prensa, fomento da lingua nacional, conservación do patrimonio nacional histórico e artístico e política veterinaria» (considerando 40).

44 Artigo 19 Decreto 211/2012.



actualizados os modelos de declaración responsable e de comunicación previa, os cales facilitaríanse de forma clara e inequívoca, na liña indicada. A devandita norma tamén se podería utilizar para clarificar os procedementos e tramitación dos actos suxeitos a licenza, sempre, evidentemente, con suxeición ao disposto na normativa de aplicación, en virtude do principio de xerarquía normativa.

Así, en canto ao posible contido dunha disposición de carácter xeral de ámbito local poderíamos sintetizar na regulación dos diferentes medios de intervención, así como de cantos procedementos se puidesen derivar deste e finalmente, pero de grande importancia, as disposicións relativas ao exercicio de control posterior, por canto, neste momento nin da normativa comercial galega nin da urbanística se pode extraer o devandito procedemento, polo que será necesario regular con detalle os distintos trámites, así como as peculiaridades do procedemento e réxime sancionador⁴⁵.

Foron varios os concellos galegos que, en exercicio das súas potestades de autoorganización e regulamentaria, procederon a ditar as correspondentes normas reguladoras da materia, entre as cales podemos destacar:

- Concello de Santiago. "Ordenanza municipal de tramitación de actividades" Aprobada por acordo do Pleno da Corporación o día 28 de abril de 2011, aprobación definitiva publicada no BOP da Coruña do 6 de xullo de 2011. Modificada por acordo do Pleno da Corporación o día 29 de marzo de 2012 publicada no BOP da Coruña do 15 de xuño de 2012.
- Concello de Ourense. Ordenanza reguladora das actuacións comunicadas ante o Concello de Ourense. Aprobada polo Pleno en sesión de data 06.05.11, e publicada no BOP nº 139, do 23.06.11.
- Concello de Pontevedra. Ordenanza municipal para a simplificación administrativa no Concello de Pontevedra, reguladora da tramitación das declaracións responsables para a tramitación de servizos, instalacións e apertura de establecementos comerciais e actividades inocuas, cambios de titularidade e licenzas para obras e instalacións menores por actuación comunicada. Aprobada polo Pleno en sesión de data 30.10.12, e publicada no BOP nº 219, de 30.10.12.
- Concello de Vigo. Como tarefas iniciais de transposición aprobou no seu momento, seguindo o modelo estatal, dúas ordenanzas, aprobadas polo Pleno en data 30 de novembro de 2011; "Ordenanza municipal reguladora do libre acceso ás actividades de servizos e ao seu exercicio no concello de Vigo", publicada no BOP nº 46, de 9 de marzo de 2010 e "Ordenanza específica de adaptación básica da tramitación de licenzas urbanísticas e ambientais" publicada no BOP. Nº 77, do 26 de abril de 2010.

Sendo obxecto de desenvolvemento a implantación da figura da comunicación previa, respecto ao exercicio das actividades de servizos mediante resolucións do Delegado de Área. Na actualidade, atópase en tramitación unha nova Ordenanza municipal reguladora da

45 En todo caso, a devandita normativa non poderá prescindir do respecto á normativa estatal e autonómica ditada no exercicio das súas respectivas competencias, en virtude do principio xurídico de xerarquía normativa recollida no artigo 9 CE, e reflectido no artigo 1.2 do Código Civil. EMBID IRUJO, A. "Ordenanzas y reglamentos municipales" "Tratado de Derecho Municipal I" AAWV, dirixido por MUÑOZ MACHADO, S. Madrid, 2011.

tramitación das licenzas urbanísticas e outras, para incorporar as dinámicas derivadas da experiencia de implantación do novo modelo.

A problemática apuntada respecto á escasa e deficiente regulación que se pode observar na materia ponse de manifesto xa nun superficial estudo das devanditas regulacións municipais, pois se comproba a utilización indistinta de ambas as dúas figuras, así como as diversas interpretacións que, en cada caso, se realizan da normativa existente, suxeitando os prestadores de servizos a un escenario de inseguridade e descoñecemento en función do territorio en que pretendan exercer a súa actividade. Respecto ás devanditas regulacións municipais podemos poñer de manifesto a coincidencia na maioría das mesmas, non só nas apuntadas, de facer extensivo o cambio de modelo ás actuacións urbanísticas de escasa entidade técnica, as denominadas obras menores.

A devandita cuestión, de grande repercusión nas EELL⁴⁶ segue sendo obxecto de actualización nas modificacións sobre réxime local, e como mostra diso temos en Anteproxecto de Lei para a Racionalización e Sostibilidade Local⁴⁷ que contempla unha nova redacción para o artigo 84 bis LRBR⁴⁸.

4 Breve referencia a outros ámbitos de intervención.

Non son poucos sectores afectados polos derivados da transposición da DS, sen prexuízo do comercio interior que xa foi obxecto de análise. Deste modo foron obxecto de modificación normas tan diversas como as relativas ao sector turismo, xogo, venda ambulante, colexios profesionais, como mostra deles as numerosas modificacións normativas levadas a cabo pola Lei 1/2010⁴⁹.

- Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia

46 JIMÉNEZ ASENSIO, R. “La transposición de la Directiva de Servicios en el Derecho local” en “El impacto de la Directiva Bolkestein y la Reforma de los Servicios en el Derecho Administrativo”. Dir.MOREU CARBONELL, E. Monografías da Revista Aragonesa de Administración Pública. 2011.

47 O informe correspondente foi aprobado polo Consello de Ministros o 15 de febreiro de 2013.

48 “1. - *Sen prexuízo do disposto no artigo anterior, con carácter xeral o exercicio de actividades non se someterá á obtención de licenza ou outro medio de control.*

Non obstante poderán someterse a licenza ou control preventivo aquelas actividades que afecten á protección do medio ou do patrimonio histórico-artístico, a seguridade ou a saúde pública, ou que impliquen o uso privativo e ocupación dos bens de dominio público, sempre que a decisión de sometemento estea xustificada e resulte proporcionada.

2. - *As instalacións ou infraestruturas físicas para o exercicio de actividades económicas someteranse a un réxime de autorización cando o estableza unha Lei que defina os seus requisitos esenciais e as mesmas sexan susceptibles de xerar danos sobre o medio, a seguridade ou a saúde públicas e o patrimonio histórico-artístico. A avaliación deste risco determinarase en función das características das instalacións, entre as que estarán as seguintes:*

- a) A potencia eléctrica ou enerxética da instalación.*
- b) A capacidade ou aforamento da instalación.*
- c) A contaminación acústica.*
- d) A composición das augas residuais que emita a instalación e a súa capacidade de depuración.*
- e) A existencia de materiais inflamables.*
- f) As instalacións que afecten a bens declarados integrantes do patrimonio histórico-artístico.*

3. *En caso de existencia de licenzas ou autorizacións concorrentes entre unha Entidade Local e algunha outra administración, a Entidade Local deberá motivar expresamente na xustificación da necesidade da autorización ou licenza o interese xeral concreto que se pretende protexer e que este non se atopa xa cuberto mediante outra autorización xa existente.”*

49 Modificábanse, entre outras, a Lei 1/1996, do 5 de marzo, de regulación das actividades feirais de Galicia, Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro, Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia, Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, Lei galega 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria, Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia, Lei 9/2004, do 10 de agosto, de seguridade industrial de Galicia, Lei 1/2008, do 17 de abril, de creación do Colexio Profesional de Detectives privados e Privadas de Galicia, ...etc



Con carácter previo, xa a citada Lei 1/2010, procedera á modificación da Lei 14/2008, do 3 de decembro, de turismo de Galicia. Para o cumprimento dos obxectivos fixados na reforma aprobouse unha nova norma, a Lei 7/201 na que, tras proclamar a liberdade de empresa, a liberdade de establecemento e de prestación de servizos, consagra a figura da declaración responsable como norma xeral fronte á excepcionalidade da autorización, regulando o procedemento a seguir, incorporando así o mandato comunitario no sector afectado.

- Lei 11/2001, do 18 de setembro, de Colexios Profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia

Introdúcense unha serie de modificacións especialmente relacionadas coa a creación do portelo único e a protección de consumidores e usuarios. A lei 25/2009, modificou a Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de Colexios Profesionais, especialmente en relación coa regulación do visado colexial obrigatorio, reforma que foi obxecto de desenvolvemento a través do Real Decreto 1000/2010, do 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio, que introduciu importantes cambios respecto á regulación anterior, e que tivo un importante impacto no exercicio das actividades suxeitas a visado. A devandita cuestión atópase, nestes momentos, pendente dunha regulación definitiva, na que se está a traballar no Anteproxecto da Lei de Servizos Profesionais.

- Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias.

Sen prexuízo de que se trata dunha norma de recente factura que aborda dun modo íntegro o sector de consumo, é de destacar a incorporación nesta norma do contido da DS, en canto á obrigatoriedade de facilitar determinada información por parte das empresas prestadoras de servizos, así como ás vías de reclamación dos consumidores e ás obrigas das empresas neste ámbito, especialmente respecto á obriga de contestar ás mesmas.

V. Actuacións urbanísticas

A pesar da existencia dun importante nexa entre o acceso ás actividades de servizos e a execución de determinadas actuacións urbanísticas, en cuxo caso se contrapón a aparente inaplicabilidade da DS ao sector urbanismo, coa necesidade de dar carta de natureza á liberdade de establecemento proclamada pola norma comunitaria. Por iso é necesario abordar as distintas cuestións que se formulan dende a óptica concreta da regulación existente na nosa Comunidade.

1 O urbanismo. Un sector excluído da aplicación da Directiva de Servizos?

Un dos temas máis debatidos tanto no período inmediatamente anterior á entrada en vigor da DS, como no posterior, foi se a norma comunitaria resultaba de aplicación ao ámbito urbanístico⁵⁰. E iso porque o seu considerando 9 sinalaba que *“A presente Directiva só se aplica aos requisitos que afecten ao acceso a unha actividade de servizos ou ao seu exercicio. Así, non se aplica a requisitos tales como normas de tráfico rodado, normas relativas*

50 “La incidencia de la entrada en vigor de la Directiva de Servicios 2006/123/CE en el urbanismo”. GUTIÉRREZ COLOMINO, V. Revista de estudos locais. Cunal, Nº. 122, 2009.

á ordenación do territorio, urbanismo e ordenación rural, normas de construción, nin ás sancións administrativas impostas por non cumprir as devanditas normas, que non regulan especificamente ou non afectan especificamente á actividade do servizo pero que teñen que ser respectadas polos prestadores no exercicio da súa actividade económica ao igual que polos particulares na súa capacidade privada... ”.

En todo caso, non debemos esquecer que un dos imperativos que recolle a DS é a obriga de simplificación de procedementos⁵¹, práctica regulatoria que a normativa de transposición fixo extensivo a sectores non incluídos no ámbito obxectivo⁵². O exercicio das actividades de servizos, e máis especificamente as comerciais está intrinsecamente unido a cuestións de natureza urbanística, chegando, en moitas ocasións, a resultar necesaria non só a licenza para o exercicio da actividade, senón tamén para actuacións urbanísticas necesarias para o acondicionamento á legalidade urbanística. A devandita cuestión, se cabe, aínda se acentuou máis cando xa diversas lexislacións autonómicas en materia urbanística recorran, con carácter previo á entrada en vigor da DS, ás figuras de comunicación previa ou declaración responsable para a simplificación procedemental naqueles supostos de obras de escasa entidade, xeralmente asimiladas, ao concepto de obras menores. Algúns autores pronun-ciáronse sobre a materia, así FONT I LLOVET, T. E PEÑALVER I CABRÉ⁵³

“O urbanismo non está incluído dentro do ámbito de aplicación da Directiva de Servizos sempre que os requisitos previstos afecten á xeneralidade dos cidadáns. Agora ben, as normas urbanísticas poden conter preceptos que estean incluídos dentro do ámbito de aplicación da DS cando non teñan un carácter xeral, senón que regulen especificamente actividades de servizos”.

O que si é certo, unha vez que parece resolverse o debate doutrinal a favor da exclusión, é que a práctica e a evolución normativa, levaron tanto ás institucións autonómicas como locais⁵⁴ a introducir medidas de simplificación na obtención dos títulos habilitantes para a execución de actuacións urbanísticas, especialmente naqueles supostos nos que se presentan como necesarias para o exercicio de actividades de servizos.

2 Regulación na normativa urbanística autonómica

A CA de Galicia asumiu no seu Estatuto de Autonomía a competencia exclusiva en materia de ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda⁵⁵, en execución da distribución constitucional de competencias que, no seu artigo 148.1.2 recolle a Constitución. En execución desta fóronse ditando sucesivas normas reguladoras da materia, interesándonos aos efectos do presente estudo a vixente Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación

51 No seu artigo 5 impón aos Estados membros a obriga de verificar os procedementos e trámites aplicables ao acceso a unha actividade de servizos e ao seu exercicio.

52 Como xa se encargou de sinalar o Consello de Estado no seu Ditame.

53 FONT I LLOVET, T. Y PEÑALVER I CABRÉ, A. “La incidencia de la directiva de servicios en los entes locales”. Revista catalana de derecho público, núm. 42, 2011.

54 En torno á competencia local para tal proceder foi posta en cuestión naqueles casos en que a lexislación autonómica non procedera a suprimir a esixencia de licenza, pois ostentando as CCAA a competencia en materia de urbanismo e dispoñendo as EELL unicamente de potestade regulamentaria carecerían de cobertura normativa para iso. Non obstante, considerando por unha parte, o conxunto normativo ditado tanto polo Estado como polas CCA para a transposición da DS, así como o mandato de simplificación administrativa contida nesta a devandita posibilidade podería defenderse razoablemente.

55 Art. 27.3 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril.

Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, en tanto en canto fixa o marco xurídico das autorizacións para a realización de actuacións urbanísticas.

2.1 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia

Unha das primeiras demandas que xurdiu no ámbito local con ocasión da transposición da DS foi a necesidade de modificar non só a normativa existente en materia de comercio, senón en materia urbanística referida tanto á LOUGA, coma ao Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental e ao Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación de Lei do solo de Galicia. Todo iso sen esquecer a vixencia, na nosa Comunidade do Real Decreto 2816/1982, do 27 de agosto, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Policía de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas, en canto non contradiga á normativa autonómica.

Unha das principais problemáticas que se producen na nosa CA para a xeneralización do sistema radica na falta de adaptación da normativa ambiental, posto tal e como se sinalou o Anexo III determina a suxeición a incidencia ambiental de grande número de actividades de servizos, unicamente por unha cuestión de carácter superficial (400 m²). A devandita cuestión tería unha sinxela solución mediante a introdución dos novos medios de intervención en materia ambiental, en coherencia seguido tamén pola lexislación estatal⁵⁶.

A primeira incorporación do novo modelo á normativa urbanística prodúcese dun modo indirecto, a través do engadido do apartado 5 bis, ao artigo 196 efectuado por Lei 8/2012, do 29 de xuño, de Vivenda de Galicia, e que recolle o seguinte sistema:

- Están suxeitos a licenza municipal, ex artigo 194.2, os actos de edificación e uso do solo e do subsolo, tales como as parcelacións urbanísticas, os movementos de terra, as obras de nova planta, a modificación da estrutura ou aspecto exterior das edificacións existentes, a primeira utilización dos edificios e a modificación do uso dos mesmos, a demolición de construcións, a colocación de carteis de propaganda visibles dende a vía pública, os peches e valados de terreos e os demais actos que se sinalen regulamentariamente.
- Os concellos poderán establecer procedementos abreviados de obtención de licenzas de obras menores no mesmo momento da solicitude.

É dicir, mantén, con carácter xeral a esixibilidade de licenzas, se ben deixa en mans dos concellos a potestade de abreviar o procedemento para a obtención de obras menores⁵⁷.

56 A devandita opción incorporouse á Disposición Adicional Oitava da Lei 1/2010, relativa aos proxectos que se deban someter a avaliación de impacto ambiental establece unha regulación do réxime de declaración responsable ou comunicación para o acceso a unha actividade ou o seu exercicio suxeita ao RDL 1/2008, do 11 de xaneiro, de impacto ambiental de proxectos ou a normativa autonómica de desenvolvemento ao dicir que *"a declaración responsable ou a comunicación non se poderán presentar ata levar a cabo a devandita avaliación de impacto ambiental e, en todo caso, deberá dispoñerse da documentación que así o acredite"*

57 Sinala o artigo 195.3 no seu segundo apartado que terán a consideración de *"menores aquelas obras e instalacións de técnica simple e escasa entidade construtiva e económica que non supoñan alteración do volume, do uso, das instalacións e servizos de uso común ou do número de vivendas e locais, nin afecten ao deseño exterior, á cimentación, á estrutura ou ás condicións de habitabilidade ou seguridade dos edificios ou instalacións de toda clase"*, na liña sentada por consolidada, xurisprudencia



O devandito precepto, que non foi obxecto de maior desenvolvemento nin explicación, na miña opinión, parece facer referencia a unha sorte de figura asimilada á declaración responsable ou comunicación previa, por canto se ben non dá indicacións sobre a configuración do procedemento abreviado, si sinala que a devandita simplificación consistiría na obtención da licenza no mesmo trámite da solicitude, é dicir, estaríamos ante un procedemento de resolución inmediata.

Expóñense a continuación os argumentos a favor da devandita asimilación:

- Non se concreta como se procederá á súa obtención, pois non debemos esquecer que os órganos competentes para a súa concesión son órganos de goberno de natureza política (Alcalde, Concelleiro Ddo. ou Xunta de Goberno Local) e que dificilmente estarán dispoñibles.
- Existe un sistema xa de longa traxectoria nas EELL e entre cuxos principais expoñentes na nosa Comunidade nos atopamos ao Concello de Vigo, que é o de licenzas simplificadas ou de trámites simplificados, en virtude das cales, tras a presentación da documentación correspondente á solicitude e ante a falta de comunicación por parte da administración, pódese entender polo interesado concedida a mesma.

Noutras lexislacións sectoriais da nosa Comunidade si se deu un contido específico ao procedemento de control posterior⁵⁸, solución que sería desexable se estendese en materia de exercicio de actividades vía regulación dous medios de intervención para o exercicio das actividades de servizos.

2.2 Unha perspectiva comparada no ámbito autonómico.

Á marxe das regulacións contidas nos distintos sectores afectados, especialmente o de comercio interior, tamén a normativa autonómica urbanística experimentou cambios como consecuencia da entrada en vigor da DS. A continuación recolleemos, sen ánimo de exhaustividade, as principais liñas dalgunha destas regulacións, coa particularidade de que, algunhas delas, xa recollían os novos medios de intervención, con anterioridade á norma comunitaria.

- Navarra. A súa Lei Foral 6/1990, de Administración Local, establecía xa no seu artigo 180 a comunicación previa como medio de intervención. Normativa que foi adaptada por Lei Foral 7/2010, do 6 de abril, de modificación da devandita norma para a súa adaptación á DS. Non obstante, resulta rechamante que a normativa específica en materia de urbanismo non recolla especificamente o réxime de comunicación previa.
- País Vasco. A Lei 2/2006, do 30 de xuño, de Solo e Urbanismo, no seu artigo 207.5 que permite a substitución polos concellos da necesidade de obtención de licenzas por unha comunicación previa, cando se trate da execución de obras de escasa entidade técnica, para as cales non sexa necesaria a presentación de proxecto técnico, ou para o exercicio de actividades que non teñan a condición de molestas, insalubres,

58 Lei 7/2011, de Turismo de Galicia Artigo 44. Actuación administrativa de comprobación.

1. *Presentada a declaración responsable debidamente formalizada, os órganos competentes en materia de turismo comprobarán o cumprimento dos requisitos establecidos na presente Lei e normas regulamentarias que resulten de aplicación, no prazo de tres meses a contar dende a entrada da documentación completa, resolvendo sobre a conformidade ou non co declarado.*



nocivas ou perigosas, e para aquelas outras actuacións que prevexan as propias ordenanzas.

- Cataluña. Decreto-lei 1/2005, do 26 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Urbanismo, art. 179.4, faculta aos concellos para que en función da entidade das obras ou as actuacións a realizar substitúan a licenza urbanística pola comunicación previa.
- Valencia. Decreto Lei 2/2012, do 13 de xaneiro, do Consell, de medidas urxentes de apoio á iniciativa empresarial e aos emprendedores, microempresas e pequenas e medianas empresas da Comunitat Valenciana, establece no seu DA única dá entrada á figura da declaración responsable⁵⁹, xunto coa licenza como medio de intervención.

Instáurase a figura da comunicación ambiental previa, art. 65 Lei 2/2006, do 5 de maio, de prevención da contaminación e calidade ambiental, para aqueles supostos nos que non resulte esixible a autorización ambiental integrada ou a licenza ambiental.

- Baleares. Nestes momentos atópase en tramitación o Anteproxecto de lei de réxime xurídico para a instalación, acceso e exercicio de actividades, cuxo obxectivo consiste na unificación de expedientes de obras e actividades, eliminando trámites e simplificando o procedemento.

3 Entidades de certificación

Especial mención respecto á articulación do novo sistema de control merecen as denominadas entidades de certificación. Se ben a devandita figura xa existía noutros ámbitos⁶⁰ de corte especialmente industrial⁶¹, a súa aparición vinculada aos labores de inspección e comprobación⁶² no exercicio das actividades de servizos provocou críticas moi negativas, dende o punto de vista do outorgamento de funcións “reservadas” a entidades privadas.

Existe un amplo debate sobre se o devandito modelo representa o exercicio de funcións reservadas á función pública por entidades privadas. En todo caso as cuestións relativas á inspección urbanística haberán de ser obxecto de regulación polas CCAA en exercicio das competencias recoñecidas en Sentenza 61/1997, do 20 de marzo, do Tribunal Constitucional, sendo necesario que ofrezca a correspondente cobertura legal para introducir fórmulas de colaboración nos procedementos municipais.

59 DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMA. Declaración responsable para o exercicio de actos de uso, transformación e edificación do solo, subsolo e voo. Redacción segundo Lei 2/2012, do 14 de xuño. Redacción segundo Decreto-lei 2/2012, do 13 de xaneiro. Engadida por Lei 12/2010, do 21 de xullo.

60 CANALS AMETLLER, D. “El ejercicio por particulares de funciones de autoridad: control, inspección y certificación”, Granada, comares, 2003.

61 Entre outras, As entidades colaboradoras en materia de seguridade e calidade industrial. Artigo 17 da Lei 21/1.992, do 16 de xullo, de industria e Real Decreto 2200/1995, do 28 de decembro, polo que se aproba o Regulamento da infraestrutura para a calidade e a seguridade industrial; as entidades colaboradoras na inspección de buques e embarcacións de recreo. Artigo 86. 5º da Lei 27/1.992, do 24 de novembro, de Portos do Estado e Reais Decretos 1837/2.000, do 10 de novembro e 90/2.003, do 24 de xaneiro; as entidades colaboradoras da Administración Hidráulica. Artigo 101. 4º do Texto Refundido da Lei de Augas aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/2.001, do 20 de xullo e artigo 255 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico aprobado por Real Decreto 849/1.986, do 11 de abril modificado por Real Decreto 606/2.003, do 23 de maio.

62 GALÁN GALÁN, A. E PRIERO ROMERO, C., «El ejercicio de funciones públicas por entidades privadas colaboradoras de la Administración», a Velasco Caballero, F. (dir.), Anuario de Dereito municipal. 2008.

O acento sobre estas figuras aplicada ao exercicio das actividades de servizo púxose inicialmente na regulación contida na Ordenanza pola que se establece o Réxime de Xestión e Control das Licenzas Urbanísticas de Actividades do Concello de Madrid. Non obstante, a regulación contida na mesma contemplando a colaboración de entidades privadas no exercicio das funcións administrativas de verificación, inspección e control no ámbito urbanístico foi obxecto de sanción polo TSX de Madrid⁶³, pero a normativa autonómica posterior procedeu a lle dar a correspondente cobertura legal, sen prexuízo de posteriores pronunciamentos xudiciais que se poidan pronunciar sobre a natureza e legalidade da figura.

Outras CCAA procederon tamén a regular a materia como é o caso do Decreto Lei 4/2012, de 29 xuño, do Consell, polo que se regulan os organismos de certificación administrativa. Devandito Decreto introduce importantes modificacións na regulación das OCAs en relación ás tarefas de comprobación, informe e certificación dos establecementos públicos suxeitos á Lei 14/2010, do 3 de Decembro da Generalitat, en materia de Espectáculos Públicos.

VI Reflexións de futuro

Transcorridos xa máis de tres anos tras a finalización do prazo para a transposición da DS, resulta necesario formular unha serie de reflexións sobre as necesidades que se seguen formulando e ás que non se deu, polo momento, unha axeitada resposta. Para iso realizaremos un breve diagnóstico do momento actual e as perspectivas de futuro, e unhas sinxelas liñas de actuación a propoñer na nosa Comunidade.

1 Diagnóstico do momento actual

Fronte ás expectativas de crecemento económico derivadas da implantación da DS, as dificultades experimentadas na súa implantación, fixeron xurdir certas desviacións. A posición intervencionista das CCAA, que reaccionaron dun modo restritivo na interpretación das liberdades, así como a escasa marxe de manobra das EELL, que, en moitos casos se atopan con escaseza de medios materiais e persoais para afrontar a xestión dun cambio de modelo, e a propia xestión levada a cabo polo Estado, non permitiron avanzar segundo o procedemento previsto. A pesar diso o Informe sobre a redución de cargas administrativas⁶⁴, consecuencia da aplicación da Directiva de Servizos afirma que *“Os cálculos realizados utilizando a metodoloxía da medición de cargas administrativas co modelo de custos estándar, permiten estimar que a aplicación da Directiva de Servizos nas principais actividades afectadas por ela, está a xerar cada ano un aforro de cargas administrativas sobre as empresas e cidadáns de polo menos 1.701 millóns de euros¹. Este importe de cargas eliminadas equivale a un 0,16% do PIB (...).”*

Non obstante, son bastantes os proxectos normativos que se atopan nestes momentos en distintas fases de tramitación e que terán unha clara repercusión na materia, polo que haberá que estarse ao horizonte que sinalen, entre eles, a Lei de Garantía de Unidade de Mercado⁶⁵, Lei de Servizos Profesionais, desenvolvemento da Lei 12/2012, etc., así como as

63 Ao entender que a regulación contida na ordenanza supón unha innovación normativa por parte do municipio a través da potestade regulamentaria en uso das competencias locais recollidas no art. 25.1 d) LRRBRL

64 CEOE e CEPEME.

65 Segundo estudos do Ministerio de Economía e Competitividade, esta lei pode supoñer un incremento do PIB en 10 anos do 1,52%, o que linealmente significa un 0,15% de incremento anual, en torno a 1.500 millóns de euros ao ano.



actuacións a desenvolver nos distintos ámbitos territoriais. Existe aínda un amplo camiño por percorrer para garantir a efectividade das liberdades garantidas na DS⁶⁶, camiño do que cada administración haberá de responder.

Abordando xa as conclusións dende unha óptica eminentemente práctica habemos de sinalar que non son poucas as resistencias que se manifestan dende o lado dos propios servidores públicos para a implantación e tramitación do novo modelo, ás que teremos que unir a desconfianza cidadá, no que a responsabilidade se trasladou sobre a súa persoa, polo que, ante o descoñecemento das consecuencias que para eles se derivan, se amosan reticentes á utilización do novo sistema. Pero en defensa do novo modelo debemos soste, na liña apuntada por LAGUNA DE PAZ⁶⁷ que os novos medios de intervención non supoñen unha ausencia de controis administrativos, senón tan só unha alteración do momento procedemental en que estes se producen, sen que necesariamente se deban producir maiores infraccións e incumprimentos co sistema de control posterior.

Na mesma liña de cuestións terrenais bótase de menos unha regulación de procedemento, que se ben podería ser obxecto de inclusión na LRXAP-PAC, tamén se podería levar a cabo a través da normativa reguladora das actividades de servizos, pois o devandito ámbito é o espazo ao que a DIRSE circunscribe os seus efectos⁶⁸, aínda que non parece que, dado o tempo transcorrido e as distintas lexislacións sectoriais que se ocuparon do tema, dita regulación poida ser obxecto dunha próxima aprobación.

2 Unha proposta de actuación para a CA Galega

Sen prexuízo de recoñecer os avances que, na consecución dos obxectivos fixados pola DS, se levaron a cabo na CA Galega, resulta evidente que aínda existe unha ampla marxe para seguir afondando niso. No devandito sentido, debemos recordar que a implantación das actividades de servizos esixe un xuízo de proporcionalidade no sentido de que a medida de intervención que se estableza haberá de ser a menos restritiva para o exercicio das liberdades protexidas pola norma, así pois a simple concorrencia de razóns imperiosas de interese xeral non lexitima ás administracións públicas para a fixación do réxime de autorización, senón a garantir a protección do devandito interese a través do medio de intervención menos restritivo e sempre dun modo proporcional á protección pretendida.

A continuación enúncianse as principais liñas de actuación que, seguindo o ronsel doutras comunidades, se poderían abordar:

- *Implantación, con carácter xeral, dos novos medios de intervención.*

O condicionamento establecido no artigo 25 da Lei 13/2010, de excluír os mesmos en todos aqueles supostos coa máis mínima incidencia ambiental, provoca que na práctica, a maioría das actividades de servizos continúen suxeitas a réximes de autorización.

Para evitar o devandito efecto sería necesaria unha revisión da normativa en materia medio ambiental, chegando mesmo a introducir as novas figuras neste ámbito. Todo

66 RIVERA ORTEGA, R. "La transposición de la directiva de servicios: panorámica general y balance de su transposición en España." Noticias da Unión Europea, Nº 317, Sección Estudos e notas, Editorial Wolters Kluwer España, Xuño 2011.

67 LAGUNA DE PAZ, J.C. "La autorización administrativa" Thomson, Civitas. Navarra. 2006.

68 Coas excepcións que a propia norma recolle.

iso sen prexuízo da posibilidade de que convivan nun mesmo procedemento unha autorización ambiental e unha comunicación previa para o exercicio das actividades⁶⁹.

Na mesma liña debería simplificarse o deseño actual da autorización comercial autonómica que introduce un procedemento excesivamente longo e complexo, e respecto ao cal, á marxe de xuízos de oportunidade, se podería levar a cabo un redeseño co obxectivo da súa simplificación.

– *Extensión do novo modelo ao ámbito urbanístico*

A tibia modificación efectuada na LOUGA pola Lei de Vivenda dista moito de dar resposta á demanda actual de incorporación de novas medidas de simplificación procedemental en materia urbanística, polo que resulta necesario abordar en profundidade unha adaptación da lexislación urbanística galega ao novo modelo, dada a estreita relación existente en moitos casos entre as licenzas de obras e as aperturas de establecementos⁷⁰.

– *Regulación do novo sistema de intervención⁷¹.*

Débase establecer, con carácter xeral e supletorio en ausencia de regulación sectorial específica unha regulación propia das novas figuras e o correspondente procedemento de control para os efectos de cristalizar a tramitación, así como un réxime de infraccións e sancións.

Na devandita regulación deberáse valorar a posibilidade de introducir elementos externos de control, tomando como referencia os modelos existentes noutras CCAA (entidades de certificación, colexios profesionais,...etc)

– *Aprobación dunha ordenanza marco á que os Concellos se puidesen adherir.*

Dada a escaseza de medios materiais e persoais cos que se conta nos nosos municipios, resulta necesario que, dende a instancia autonómica, se arbitren un grupo de medidas de apoio á implantación do novo sistema, entre as cales adquire maior importancia a aprobación dunha ordenanza que poida servir de referencia a todos os municipios, sen prexuízo da adaptación que, en cada caso, puidese resultar conveniente.

Debemos recordar que da correcta transposición da normativa comunitaria, con carácter xeral, foi fixado na propia Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, desenvolvendo o principio de responsabilidade introducido na modificación o artigo 135 da Constitución.

69 No devandito sentido a comunicación previa xa se implantou na nosa Comunidade para sectores sensibles para o medio, como é para o exercicio de actividades de produción e xestión de residuos na Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

70 Conscientes do manifestado sobre a aplicación da DS ao urbanismo, debe estudarse a posibilidade de que as adecuacións de locais para o exercicio das actividades de servizos, aínda cando excedan do carácter de obras menores.

71 Sobre a necesidade de abordar a resolución destas cuestións vide LÓPEZ MENUDO, F., en “La transposición de la Directiva de Servicios y la modificación de la Ley 30/1992: el régimen de la declaración responsable y de la comunicación previa” en Revista Española da Función Consultiva, núm. 14, xullo-dembro (2010).

Como reflexión final á presente análise podemos reproducir, seguindo á Comisión Europea na súa Comunicación Europa 2020. Unha estratexia para un crecemento intelixente, sostible e integrador, Bruxelas, 3-3-2010:

“Hoxe, a Estratexia 2020 mantén entre os seus obxectivos o dun mercado único para o século XXI. Aínda que a Directiva de Servizos supuxo un paso fundamental, seguen sendo necesarias iniciativas para afondar os seus resultados. É necesario alcanzalos porque, a xuízo da Comisión, a súa plena realización podería supoñer un incremento do comercio de servizos do 45%, así como un incremento dos investimentos estranxeiros do 25%, crecendo o PIB entre o 0,5 e 1,5. Neste ánimo propóñense instrumentos como a “lexislación intelixente” e o mutuo recoñecemento documental).

Bibliografía

- AAVV “Tratado de Derecho Municipal I” dirixido por MUÑOZ MACHADO, S., ARANZADI, Madrid, 1988.
- EMBID IRUJO, A. “Ordenanzas y Reglamentos municipales”.
- AAVV Tratado de Derecho Comunitario Europeo, Tomo II, Ed Directores GARCÍA DE ENTERRÍA, E., GONZÁLEZ CAMPOS, J. e MUÑOZ MACHADO, S. Civitas, Madrid, 1986.
- BORRAJO INIESTA, I. “Las libertades de establecimiento y de servicios en el Tratado de Roma”.
- AAVV “Derecho Comunitario Económico”, Vol. I, Las Libertades Fundamentales, Colex, Dir, ILLESCAS, R. e MOREIRO, C. J. Madrid, 2001.
- PELLICER ZAMORA, R. C. “Libertad de establecimiento y libre prestación de servicios en la Unión Europea”.
- AAVV “La ordenación de las actividades de servicios: comentarios a la Ley 17/2009, de 23 de noviembre”, Dir. DE LA QUADRA-SALCEDO FERNÁNDEZ DEL CASTILLO, T. Aranzadi, Madrid, 2010.
- QUADRA-SALCEDO FERNÁNDEZ DEL CASTILLO, T. “La libertad de establecimiento de los prestadores de servicios”.
- AAVV “Autorizaciones y licencias, hoy. Un análisis sectorial tras la Directiva de Servicios”. Dir. PAREJO ALFONSO, L. Tirant lo Blanch, Valencia, 2013.
- AAVV “El impacto de la Directiva de Servicios en las Administraciones Públicas: Aspectos generales y sectoriales”. Dir. AUGADO i CUDOLA, V. E NOGUERA DE LA MUELA, B. Atelier, Madrid, 2012.
- AAVV. “El impacto de la Directiva Bolkestein y la Reforma de los Servicios en el Derecho Administrativo.” Dir. MOREU CARBONELL, E. Monografías da Revista Aragonesa de Administración Pública. 2011.
- R. JIMÉNEZ ASENSIO: La transposición de la Directiva de Servicios en el Derecho local.



- MOREU CARBONELL, E.: La Administración “neopolicial”. Autorización administrativa y sistemas alternativos (comunicación previa y declaración responsable).
- ARAGONÉS BELTRÁN, E. “Incidencia en la tributación local de la Directiva de Servicios”, *Cadernos de derecho local*, nº 23. 2010.
- CANALS AMETLLER, D. “El ejercicio por particulares de funciones de autoridad: control, inspección y certificación”, Granada, comares, 2003.
- FUERTE LÓPEZ, M. “Luces y sombras en la incorporación de la Directiva de servicios”. *Revista catalá de dret públic*, núm. 42, 2011.
- FONT I LLOVET, T. E PEÑALVER I CABRÉ, A. “La incidencia de la directiva de servicios en los entes locales”. *Revista catalá de derecho público*, núm. 42, 2011.
- GALÁN GALÁN, A. e PRIERO ROMERO, C. «El ejercicio de funciones públicas por entidades privadas colaboradoras de la Administración», Dir. VELASCO CABALLERO, F. *Anuario de Derecho municipal*. 2009.
- GARCÍA DE ENTERRÍA, E. e FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, T.R. “Curso de Derecho Administrativo II”, 4^ª edición, Civitas, 1997.
- GUTIÉRREZ COLOMINO, V. “La incidencia de la entrada en vigor de la Directiva de Servicios 2006/123/CE en el urbanismo”. Venancio Gutiérrez Colomino. *Revista de estudos locais*. Cunal, Nº. 122, 2009
- JIMÉNEZ ASENSIO, R. “La incorporación de la Directiva de Servicios al derecho interno”, Instituto Vasco de Administración Pública, Oñate, 2010.
- LAGUNA DE PAZ, J.C. “La autorización administrativa”. Thomson, Civitas. Navarra. 2006.
- LÓPEZ MENUDO, F., en “La transposición de la Directiva de Servicios y la modificación de la Ley 30/1992: el régimen de la declaración responsable y de la comunicación previa” en *Revista Española da Función Consultiva*, núm. 14, xullo-diciembre, 2010.
- MARTÍN-RETORTILLO BAQUER, S. “Derecho administrativo económico”, volume I, La Ley, Madrid, 1988.
- MERINO ESTRADA, V. “La Directiva de Servicios en clave municipal”. *Noticias da Unión Europea*, Nº 317, Sección Estudios e notas, Xuño 2011, Editorial Wolters Kluwer España.
- MÍGUEZ MACHO, L., tamén sobre a distribución constitucional de competencias en “ La intervención administrativa en el comercio interior”. Iustel. Madrid. 2005.
- MUÑOZ MACHADO, S. “Las transformaciones del régimen jurídico de las autorizaciones administrativas”, *Revista Española da Función Consultiva* 17, núm. 14, xullo-diciembre, 2010.
- NÚÑEZ LOZANO, M.C.: “Las actividades comunicadas a la Administración: la potestad administrativa de veto sujeta a plazo”, Marcial Pons, Madrid-Barcelona, 2011.
- PARADA VÁZQUEZ, R. “Derecho administrativo I”, Marcial Pons, Madrid, 1994.



PAZEJO ALFONSO L. "Acceso al mercado: incidencia de la directiva de servicios" Noticias da Unión Europea, Nº 317, Sección Estudos e notas, Editorial Wolters Kluwer España. Xuño 2011.

RAZQUIN LIZARRAGA, J.A.: "De la intervención administrativa previa al control a posteriori: la reforma del procedimiento administrativo común a consecuencia de la directiva de servicios." Revista Aranzadi Doctrinal, núm.2, 2010.

RIVERA ORTEGA, R.:

— "Autorizaciones, declaraciones responsables y comunicaciones previas. Reflexiones sobre la actividad de intervención en la Directiva 2006/123/CE", Noticias da Unión Europea, núm. 317, 2011.

— "El impacto de la Directiva Bolkstein y la reforma de los servicios en el Derecho administrativo", Gobierno de Aragón, 2011.

— "La transposición de la directiva de servicios: panorámica general y balance de su transposición en España". Noticias da Unión Europea, Nº 317, Sección Estudos e notas, Editorial Wolters Kluwer España. Xuño 2011.

URRUTIA LIBARONA, I. "Marco jurídico del libre acceso a las actividades de servicios y su ejercicio en la Comunidad Autónoma del País Vasco", Instituto Vasco de Administración Pública, Oñati, 2010.

VILLAREJO GALENDE, H. "Licencias comerciales: su persistencia tras la Directiva de Servicios". Liberalización do Comercio Interior., nº 868.ICE. Setembro-outubro 2012

MANUAL AVALIACIÓN EELL. Ministerio de Administraciones Públicas e Ministerio de Economía e Facenda. 2009

Libro Branco para a reforma do sector servizos. Ministerio de Economía e Facenda. 2008.

Ordenación do territorio e actividade mineira no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia

M^a VICTORIA DE DIOS VIÉITEZ

Profesora titular de Dereito administrativo (UDC)

MARCOS A. LÓPEZ SUÁREZ

Profesor contratado-doutor de Dereito civil (UDC)

Resumo: *O presente traballo ten por obxecto examinar a interrelación existente entre a normativa reguladora da ordenación do territorio e o desenvolvemento da actividade mineira no ámbito autonómico galego. A análise proposta parte da configuración da minaría como unha actividade economicamente estratéxica, o que a colixe tanto da propia Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia (LOMG), coma da Lei 13/2011, do 16 de decembro, reguladora da política industrial de Galicia (LPIG). Co referido presuposto, no traballo estúdanse os diferentes instrumentos de ordenación do territorio, que, tomando como base ese carácter estratéxico da actividade mineira, constitúen a canle para a ordenación territorial daquela.*

Palabras clave: *Minas; Actividade mineira; Ordenación de territorio; Plan sectorial de actividades extractivas; Directrices de ordenación do territorio.*

Abstract: *The main purpose of this project is to examine the relation between the regional planning laws and the development of the mining activity in the Galician area. The analysis that is propounded arises from the conformation of the mining sector as an economical and strategic activity- conclusion that comes not only from the Law 3/2008, of the 23th of May, which regulates the mining activity in Galicia (LOMG), but also from the Law 13/2011, of the 16th of December, which regulates the industrial polity of Galicia (LPIG). Based on these clarifications, this project focuses on the study of the different urban planning instruments, which on the basis of the strategic nature of the mining activity, constitute the main way for its rexional planning.*

Key words: *Mines; Mining activity; Urban/Regional Planning; Mining extraction and sectorial Plan; Urban Planning Directives.*



Índice: 1. *Formulación.* 2. *A actividade mineira como actividade economicamente estratéxica.* 3. *Proxeción da ordenación do territorio sobre a actividade mineira.* 3.1. *Delimitación previa: ordenación do territorio e urbanismo.* 3.2. *A normativa galega sobre ordenación do territorio.* 3.2.1. *A Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia. Os instrumentos de ordenación do territorio previstos na Lei Marco xeral.* 3.2.2. *As Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia aprobadas por Decreto 19/2011, do 10 de febreiro.* A) *Alcance e eficacia das Directrices.* B) *As previsións recollidas nas Directrices en relación coa ordenación e planificación territorial da actividade mineira.* 3.3. *A ordenación e planificación territorial das actividades extractivas en Galicia. En especial, o Plan sectorial de actividades extractivas.* 3.3.1. *Consideracións de índole xeral.* 3.3.2. *A planificación da Minaría na Lei 3/2008, do 23 de maio, de Ordenación da Minaría de Galicia.* 3.3.3. *Criterios orientadores e contido do Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia.* 3.3.4. *Eficacia xurídica do Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia.* 3.4. *A necesidade de motivar calquera disposición restritiva en relación coa ordenación territorial das actividades mineiras. O impedimento legal de prohibicións xenéricas. A xurisprudencia ao respecto.* 4. *Conclusións.*

1 Formulación

O obxecto do presente traballo consiste en examinar a interrelación existente entre a normativa reguladora da ordenación do territorio e o desenvolvemento da actividade mineira no ámbito autonómico galego.

Neste sentido, non resulta ocioso recordar que, se ben a teor do disposto no artigo 149.1.25ª. da Constitución española de 1978, corresponde ao Estado a competencia en materia de “bases do réxime mineiro e enerxético”, a competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución das citadas bases é ostentada polas Comunidades Autónomas¹.

A este respecto, débese ter presente que a nivel estatal a normativa de referencia, aínda que sexa cronoloxicamente anterior ao marco de distribución competencial plasmado no Texto constitucional, está constituída pola aínda vixente Lei 22/1973, do 21 de xullo de minas (LM), obxecto de desenvolvemento polo Real Decreto 2857/1978, do 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento Xeral para o Réxime da Minaría (RXRM), e pola Lei 6/1977, do 4 de xaneiro, de fomento da minaría (LFM).

No ámbito autonómico galego, ao amparo do establecido no art. 28.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia², promúlgase a Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia (LOMG), a través da cal a Comunidade Autónoma define, con carácter xeral, o marco organizativo de intervención no sector³. Esta normativa básica ha de completarse, así mesmo, con outras normas de carácter sectorial, tales como a Lei 9/1985, do 30 de xullo, de protección de pedras ornamentais e a Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia.

1 Xunto co título competencial específico mencionado no texto, en relación coa minaría tamén poderían concorrer outros títulos competenciais estatais, como o tocante ás “bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica”(art. 149.1.13ª. CE) ou a “lexislación básica sobre protección do medio”(art. 149.1.23ª. CE).

2 Aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril.

3 Como se sinala na Exposición de Motivos da citada Lei 3/2008, do 23 de maio, a definición do referido marco organizativo faise “establecendo os órganos autonómicos chamados a definir as políticas públicas nesta materia, así como a exercer as funcións de planificación da actividade extractiva, de fomento do sector, de outorgamento dos títulos xurídicos habilitantes do aproveitamento de dereitos mineiros e de disciplina mineira mediante os procedementos administrativos precisos para a ordenación da minaría”.

Así as cousas, o tema obxecto de análise estrutúrase en torno a dúas cuestións indisolublemente relacionadas. A primeira delas é a tocante á configuración da minaría como unha actividade economicamente estratéxica, o que se colixe, como se terá ocasión de sinalar, tanto da propia LOMG, coma da Lei 13/2011, do 16 de decembro, reguladora da política industrial de Galicia (LPIG). A segunda cuestión que se aborda no presente traballo céntrase no estudo dos diferentes instrumentos de ordenación do territorio, que, tomando como presuposto o referido carácter estratéxico da actividade mineira, constitúen a canle para a ordenación territorial daquela.

2 A actividade mineira como actividade economicamente estratéxica

Pódese afirmar que a importancia social e económica que as actividades mineiras revisten no conxunto da economía nacional é unha realidade incontrovertida⁴. De feito, esta relevancia do sector da minaría veuse traducindo na aprobación de diversas normas tendentes a lograr unha axeitada planificación e ordenación das actuacións en materia mineira.

Neste contexto, cabe facer referencia, en primeiro lugar, á Lei 6/1977, do 4 de xaneiro, de fomento da minaría, coa que se pretende asegurar unha eficiente subministración de materias primas que permita o normal funcionamento do sistema industrial, mediante a promoción e desenvolvemento de actividades mineiras dentro do territorio nacional e, complementariamente, fóra deste.

Este tratamento especial das industrias mineiras, segundo se desprende da Exposición de Motivos da citada Lei 6/1977, do 4 de xaneiro, acharíase xustificado polos aspectos peculiares que caracterizan ao sector da minaría, tales como o maior risco que comporta tanto para os investimentos, dado o período de maduración do capital e a desproporción entre o inmovilizado e o valor da produción, como para o traballo, pola singular natureza da actividade do mineiro e a forzosa vinculación da súa residencia a zonas territorialmente determinadas⁵.

No que aquí resulta de interese, débese facer mención, aínda que sexa de xeito sucinto, ao réxime financeiro e tributario regulado no Título III da LFM, por canto que no devandito Título se consideran como medidas concretas de fomento, por un lado, o outorgamento de subvencións para certos fins, así como o establecemento dunha liña especial de crédito oficial en condicións singularmente favorables para determinadas actividades relacionadas coas substancias declaradas prioritarias, e, por outro lado, unha serie de beneficios fiscais a favor de persoas físicas ou xurídicas que desenvolvan actividades con *“recursos declarados*

4 A este respecto puidese resultar ilustrativo o contido da Disposición xeneral terceira do RXRM, a teor da cal, co fin de fomentar o aproveitamento dos recursos obxecto da Lei de Minas, *“o Goberno, por proposta do Ministro de Industria e Enerxía, poderá outorgar a cualificación de industrias de interese preferente a determinados sectores mineiros ou parte deles e declarar, ademais, no seu caso, determinadas zonas mineiras como de preferente localización industrial, para os efectos de obter os beneficios previstos na lexislación correspondente”*.

5 En concreto, a LFM está dividida en tres títulos: no primeiro deles, que contén as disposicións xerais, establécese a obrigatoriedade de revisar, polo menos cada dous anos, o denominado *“Plan Nacional de Abastecemento de Materias Primas Minerais”*, procédese a organizar o Rexistro Mineiro, con carácter de arquivo público permanentemente actualizado de dereitos mineiros e como medio indispensable para a reordenación catastral e prevese a creación polo Estado de fondos de almacenamento de materias primas minerais coa participación, no seu caso, das empresas privadas; no Título II establécese o réxime de comercialización e abastecemento das materias primas minerais, regulándose, en particular, as accións no exterior, tanto as que responden a un impulso exclusivo da iniciativa privada como aquelas que xorden da celebración de acordos internacionais; e, finalmente, no Título III recóllese determinados aspectos do réxime financeiro e tributario.

prioritarios no plan nacional de abastecemento de materias primas minerais" (art. 27 LFM) ou que *"constitúan coutos mineiros ou desenvolvan a súa actividade en áreas de expansión industrial, sectores mineiros cualificados como industrias de interese preferente ou en zonas mineiras declaradas de preferente localización industrial"* (art. 28 LFM)⁶.

Entre as medidas de fomento da minaría contempladas na LFM, considerábase un aspecto fundamental a elaboración dun estatuto do mineiro⁷. Con iso perseguíase non só regular a súa actividade laboral, senón tamén dignificar e mellorar o seu hábitat, tendo en conta que *"a localización da actividade vén obrigada pola situación do xacemento e tamén polas condicións moi singulares nas que se desenvolven os traballos"*⁸. De aí as previsións que na Lei 22/1973, do 21 de xullo, e no Real Decreto 2857/1978, do 25 de agosto, se conteñen sobre os coutos mineiros (arts. 108 a 111 LM e arts. 134 a 137 RXRM, respectivamente) e os establecementos de beneficio (arts. 112 e 113 LM e arts. 138 e 139 RXRM).

Polo que respecta aos coutos mineiros, estes confórmanse como *"a agrupación de intereses de titulares de dereitos de explotación en diversas zonas dun mesmo xacemento ou de varios destes, situados de forma tal, que permitan a utilización conxunta de todos ou parte dos servizos necesarios para o seu aproveitamento"* (art. 108 LM). Pois ben, de acordo co disposto na lexislación mineira, o Estado, atendendo precisamente ao interese xeral da actividade extractiva, concederá a estes coutos, entre outros estímulos e con carácter xeral, *"os beneficios fiscais previstos ou que se prevexan nas disposicións pertinentes"* (art. 108 LM) precisando, ao respecto, o RXRM que os devanditos estímulos serán *"os de índole fiscal previstos na disposicións sobre protección das industrias declaradas de interese preferente, concentración de empresas, polos e polígonos industriais, acción concertada, plans de desenvolvemento e outros semellantes, ou que puidesen ditarse"* (art. 134 RXRM).

En canto aos establecementos de beneficio, cuxa instalación se prevé para a preparación, concentración ou beneficio de recursos (cfr. art. 112 LM)⁹, tamén gozarán de estímulos fiscais e financeiros, na medida en que sexan parte integrante do couto mineiro.

Así as cousas, no marco normativo da Comunidade Autónoma de Galicia, o carácter estratéxico da actividade mineira ponse igualmente de manifesto na LOMG, que inclúe entre os seus principios inspiradores *"a planificación mineira no marco da ordenación da economía e do territorio"* (art. 3, letra a, LOMG) e fixa, así mesmo, como criterios orientadores do

6 Nesta orde de ideas, debe chamarse a atención sobre o feito de que a LFM contemplaba tamén entre as medidas de fomento as tocantes á figura do factor de esgotamento, coa que se pretendía favorecer *"a investigación mineira e a posta en explotación de xacemento, permitindo, polo tanto, substituír os criadeiros esgotados por outros mediante o descubrimento e remobilización de novas reservas"* (arts. 30 a 39 da LFM); non obstante, tales previsións foron derogadas a través da disposición derogatoria única.2 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do Imposto de Sociedades. Así mesmo, no que se refire aos beneficios fiscais, ha de terse presente a aprobación polo Goberno do Real Decreto 1167/1978, do 2 de maio, polo que se desenvolve o título III, capítulo II, da Lei 6/1977, do 4 de xaneiro, de Fomento da Minaría.

7 En concreto, a Disposición adicional primeira facultaba ao Goberno para promulgar, no prazo máximo dun ano, dito estatuto; non obstante, o mandato en cuestión non foi obxecto de cumprimento ata a aprobación do Real Decreto 3255/1983, do 21 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Mineiro.

8 Exposición de Motivos da Lei 6/1977, do 4 de xaneiro.

9 De conformidade co establecido no art. 138.2 do RXRM habería que distinguir tres tipos de establecementos de beneficio: a) Instalacións de preparación, aquelas cuxa finalidade sexa a eliminación de elementos sen valor, e mediante operacións de trituración, moenda, clasificación e estrío, obter produtos vendibles aptos para o seu posterior tratamento ou utilización directa; b) Plantas de concentración, que comprenderán, por un lado, aquelas cuxo obxecto é o de tratar de separar no todo-un o mineral da ganga, así como eliminar os elementos que poidan ser susceptibles de penalización na comercialización ou tratamento posterior do produto e, por outro lado, aquelas en que, mediante procedementos mecánicos ou procesos metalúrxicos, se obteñan produtos máis apropiados para o seu tratamento posterior, caso de que os procesos sexan parciais; e c) Plantas de beneficio, que son aquelas instalacións cuxa finalidade é a de someter os recursos procedentes de xacementos naturais ou non naturais, ou os produtos resultantes das operacións anteriores, ao correspondente tratamento para a obtención ou recuperación dos elementos ou compostos que sexan útiles.

Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia, no que aquí pudiese resultar de interese, “o establecemento das bases do desenvolvemento dunha minaría sostible” (art. 12, letra a, LOMG), “a busca dunha maior vinculación da minaría coa mellora da economía das zonas en que se sitúen as explotacións e o fomento da creación de emprego” (art. 12, letra h, LOMG), ou, en fin, “a mellora da produtividade das empresas do sector mineiro e o apoio á implantación de industrias que permitan o peche de todos os ciclos de transformación dos materiais mineiros extraídos en Galicia” (art. 12, letra j, LOMG).

En consonancia co exposto, a propia Lei galega 3/2008, do 23 de maio, establece unhas específicas medidas de fomento da actividade mineira. En concreto, no referido Texto legal contéplanse actuacións en materia de investigación e formación (arts. 39 a 41 LOMG), incentivos económicos (arts. 42 a 44 LOMG) e declaración de municipios mineiros (art. 45 LOMG).

No que atinxe á investigación e á formación, a Xunta de Galicia, no marco do Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica, promoverá o desenvolvemento da investigación científica e técnica, así como a experimentación e os estudos en materia mineira e de recursos mineiros (cfr. art. 39 LOMG). De igual modo, a Xunta fomentará a reciclaxe e o perfeccionamento dos traballadores do sector (cfr. art. 40 LOMG) e impulsará a difusión da actividade mineira entre a sociedade, garantindo a conservación, mantemento e recuperación da documentación mineira (cfr. art. 41 LOMG).

En canto aos incentivos económicos, a LOMG remite a un plan estratéxico, que deberá ser elaborado de acordo coas xa citadas orientacións e principios do Plan sectorial, a fixación de “os incentivos económicos, os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución e os custos previsibles” (art. 42.1 LOMG), se ben quedan excluídos, de antemán, “os traballos, obras ou estudos que veñan impostos como consecuencia da obriga de restauración, nin os que se deriven da reparación dos danos causados por unha actuación que fose obxecto dunha sanción” (art. 44 LOMG)¹⁰.

E en relación cos municipios mineiros, que serán aqueles “nos que exista ou existira unha dependencia da minaría para a súa economía” (art. 45.1 LOMG), a LOMG remite igualmente ao Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia a concreción de medidas e plans específicos “de adaptación das infraestruturas [...], de mellora ambiental e seguridade e de diversificación do tecido produtivo” (art. 45.2 LOMG). Ao mesmo tempo, contéplase o compromiso da Xunta de Galicia de impulsar a celebración de convenios cos municipios mineiros, aos fins de regular as formas de asistencia e cooperación técnica e financeira.

Finalmente, en orde á configuración da actividade mineira como un dos sectores económicos estratéxicos, habería que referirse tamén ás disposicións da LPIG. En efecto, na Exposición de Motivos da citada Lei sostense, de modo expreso, a compatibilidade dos obxectivos que se persegue coa norma (innovación, internacionalización e competitividade) co impulso da excelencia de subsectores estratéxicos que amosaron unha especial capacidade de contribuír a un rápido progreso da economía galega e entre os que figura, de acordo

10 A teor do establecido no art. 42.3 da LOMG, “as axudas á minaría deberán ir dirixidas á mellora das condicións de traballo e á formación dos traballadores e traballadoras, a conseguir un aproveitamento eficiente dos recursos, á redución do impacto sobre o medio e á valorización endóxena dos recursos territorializando a cadea de valor”, precisándose no art. 42.4 do mesmo Corpo legal, que “serán obxecto das axudas: a) A innovación e investigación tecnolóxica. b) O mantemento do emprego e a mellora das condicións de seguridade laboral e da formación dos traballadores e traballadoras, así como da cualificación do emprego. c) A protección ambiental e a redución do consumo de recursos e da produción de residuos. d) O peche dos ciclos produtivos, a diversificación económica e o impulso das redes de comercialización e internacionalización das empresas mineiras. e) A investigación xeolóxica mineira”.



co “Plan estratéxico de Galicia 2010-2014: Horizonte 2020”, a industria da pedra e rochas ornamentais.

Mais, á marxe do citado Preámbulo, no que atinxe ao contido normativo da Lei, cabe destacar que esta ten por obxecto, entre outros aspectos, “*deseñar os instrumentos precisos para a eficaz e eficiente realización das actividades de planificación e promoción*” das actividades industriais (art. 1 LPIG), entre as que se inclúe, explicitamente, “*as actividades das industrias extractivas*” (art. 2, letra a, LPIG)¹¹. En consecuencia, a actividade mineira, en canto actividade industrial, poderá ser obxecto de fomento¹², fundamentalmente, a través de dúas medidas: por un lado, os proxectos de execución dos programas de impulso da actividade industrial¹³, que “*se executarán mediante proxectos que poderán revestir a forma de concesión de subvencións, axudas, incentivos públicos ou outro tipo de medidas*” (art. 38 LPIG)¹⁴; por outro, os proxectos industriais estratéxicos, destinados a captar investimentos relevantes que melloren ou consoliden o tecido industrial galego (art. 39 LPIG)¹⁵.

Neste sentido, abonde sinalar os importantes efectos que se seguen da declaración dunha proposta de inversión como proxecto industrial estratéxico e que, conforme ao art. 41.1 da LPIG, se concretan, ademais de na súa implantación, nos seguintes:

- a) *A aprobación do proxecto de implantación ou ampliación da instalación industrial.*
- b) *A non suxeición a licenza urbanística municipal.*
- c) *A declaración de utilidade pública e interese social do proxecto industrial estratéxico, así como a necesidade e urxencia da ocupación dos bens e dereitos afectados dos que o solicitante da declaración ostentase a condición de beneficiario da expropiación.*
- d) *A declaración de incidencia supramunicipal aos efectos previstos na presente Lei.*
- e) *A declaración de urxencia ou excepcional interese público aos efectos previstos na presente Lei.*
- f) *A declaración de prevalencia sobre outras utilidades públicas.*
- g) *A adjudicación directa de solo empresarial promovido polo Instituto Galego da Venda e Solo ou empresas públicas participadas por este que teñan entre os seus*

11 De acordo coas definicións formuladas no art. 2 da LPIG por “actividade industrial” cabería entender “*aquela actividade dirixida á obtención, reparación, mantemento, transformación ou reutilización de produtos industriais e ao envasado e embalaxe, así como ao aproveitamento, recuperación e eliminación de residuos ou subprodutos, calquera que sexa a natureza dos recursos, e procesos técnicos utilizados*”.

12 En concreto, a LPIG inclúe entre os seus fins: “[...] b) *Fomentar a creación e o desenvolvemento da actividade industrial*” (art. 4 LPIG).

13 Os programas de impulso da actividade industrial configúranse como “*instrumentos de carácter estratéxico nos que, no marco fixado polo Plan director da industria de Galicia, se sinala, en función de concretos fins a conseguir, os obxectivos a alcanzar nun determinado prazo e determinanse os mecanismos e medios para a súa consecución, con indicación dos sistemas para avaliar a súa eficacia e eficiencia en tal labor*” (art. 28 LPIG). Con carácter específico, sen prexuízo de aqueles outros que se poidan establecer regulamentariamente, a LPIG contempla entre os devanditos programas os de innovación (art. 30 LPIG), os programas de internacionalización (art. 31 LPIG) e os programas de mellora da competitividade industrial (art. 32 LPIG).

14 En todo caso, na execución dos devanditos programas de impulso da actividade industrial haberá de observarse tanto a lexislación comunitaria en materia de defensa da competencia, como o establecido na normativa sobre subvencións públicas (cfr. art. 39 LPIG).

15 A estes efectos, para determinar a incidencia dunha proposta de inversión no tecido industrial galego ou o grao de consolidación de este, a LPIG fixa como criterios a tomar en consideración: “*a) A súa importancia tecnolóxica. b) O volume de inversión, que haberá de ser como mínimo de 50 millóns de euros; o nivel de creación de emprego, que haberá de ser superior a 250 postos de traballo directos; e a diversificación que se introduza no tecido industrial galego*” (art. 40.2 LPIG).

obxectos a creación de solo empresarial, nas condicións establecidas pola normativa sectorial.

- h) A concesión de forma directa de subvencións de acordo co disposto na lexislación de subvencións.
- i) A imposición ou ampliación de servidume de paso para vías de acceso, liñas de transporte e distribución de enerxía e canalizacións de líquidos ou gases, nos casos en que fose necesario, de conformidade coa normativa que as regule.

Así mesmo, é importante ter presente que, conforme ao previsto no art. 41.2 da LPIG, “as determinacións consideradas nos proxectos industriais estratéxicos terán forza vinculante para as administracións públicas e os particulares, prevalecendo sobre as determinacións do plan urbanístico vixente”.

3 Proxección da ordenación do territorio sobre a actividade mineira

3.1 Delimitación previa: ordenación do territorio e urbanismo

A teor do disposto no art. 148.1.3º. da CE, as Comunidades Autónomas podían asumir as competencias sobre “*Ordenación do territorio, urbanismo e vivenda*”. Pois ben, á marxe da consideración da competencia das Comunidades Autónomas en relación coas devanditas materias, interesa resaltar que a Constitución atribúe distinto alcance á ordenación do territorio e ao urbanismo, sen prexuízo da complementariedade de ambas as dúas funcións, na medida en que ambas as dúas “*organizan e definen o uso do territorio e do solo de acordo co interese xeral*” (art. 3.1 do Real Decreto legislativo 2/2008, do 20 de xuño polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Solo Estatal; en diante TRLS).

Como sinala López Ramón, “a función pública especificamente denominada ordenación do territorio oríentase á coordinación do plan urbanístico municipal e das funcións sectoriais con relevancia territorial. Concíbese como unha función pública horizontal e integradora, que pretende garantir unha axeitada estrutura espacial para o desenvolvemento das políticas económicas, sociais, ambientais e culturais. Nela defínense as funcións correspondentes ás distintas zonas do territorio, as áreas a protexer e os ámbitos supramunicipais de complexa ordenación, establecéndose o sistema de relacións entre as diversas zonas, as medidas que inciden na distribución espacial das instalacións produtivas, os criterios para compatibilizar o desenvolvemento coa protección dos recursos naturais, as prioridades para a programación dos recursos públicos e a localización de infraestruturas e equipamentos”¹⁶.

O urbanismo, en cambio, ten como finalidade “o feito cidade”, a súa ordenación e expansión, o que remite, en termos xerais, ao solo urbano e urbanizable. “A falta de cidade (solo non urbanizable) —en palabras de López Ramón— só é tomada realmente en consideración polas técnicas urbanísticas para evitar ou controlar a aparición de edificacións e outros usos urbanísticos do solo”¹⁷. Por esa razón os instrumentos específicos de ordenación do

16 López Ramón, F., *Fundamentos de Derecho Urbanístico* (Martín Rebollo e Bustillo Balado, Dir.), T. I, Aranzadi-Thomson Reuters, Cizur Menor, 2009, p. 100.

17 López Ramón, F., *Introducción al Derecho Urbanístico*, Marcial Pons, Madrid, 2005, p. 45.

territorio proxéctanse substancialmente sobre solo rústico. Neste sentido, a STC 61/1997, do 20 de marzo, afirma que o urbanismo “alude á disciplina xurídica do feito social ou colectivo dos asentamentos de poboación no espazo físico, o que, no plano xurídico, se traduce na «ordenación urbanística», como obxecto específico das leis urbanísticas”.

En suma, á vista do exposto pódese concluír afirmando que a ordenación do territorio ten unha finalidade máis ampla que o urbanismo tanto no que atinxe ao ámbito territorial coma no que se refire ao seu propio contido. Por esta razón, e sen prexuízo de referirnos máis adiante á eficacia vinculante dos instrumentos de ordenación do territorio, cabe anticipar que o art. 45.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUPMRG) dispón que “*os plans de ordenación urbanística están vinculados xerarquicamente ás determinacións das directrices de ordenación do territorio e aos demais instrumentos establecidos pola Lei 10/1995, de Ordenación do Territorio de Galicia, e haberán de redactarse en coherencia con todos eles*”.

Pois ben, dende a perspectiva apuntada, cabe sinalar que algunhas Comunidades Autónomas optaron por integrar nun único texto normativo as materias de ordenación do territorio e urbanismo. E outras, pola contra, regularon ambas as dúas materias en textos legais separados. Este é o caso da Comunidade Autónoma de Galicia. Así, a ordenación do territorio regúlase pola Lei 10/1995, do 23 de novembro (LOT) mentres que a normativa directamente vinculada a urbanismo se regula na xa citada LOUPMRG, que foi obxecto de sucesivas modificacións; no que a nós interesa, pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, pola Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, pola Lei 2/2010, de 25 de marzo, e pola Lei 15/2010, do 28 de decembro.

3.2 A normativa galega sobre ordenación do territorio

3.2.1 A Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia. Os instrumentos de ordenación do territorio previstos na Lei. Marco xeral

Como xa se sinalou, a Comunidade Autónoma de Galicia optou por regular en corpos legais diferenciados, aínda que obviamente interrelacionados, a materia de ordenación do territorio e a relativa, de forma específica, ao urbanismo. Neste sentido, a Lei 10/1995, do 23 de novembro, completa o sistema de planificación urbanística mediante outro sistema, o de ordenación do territorio, co que, a través de determinados instrumentos planificadores, se trata de encher as insuficiencias da planificación urbanística. Por esta razón, o art. 5 da Lei dispón expresamente que “*os instrumentos previstos na presente Lei son complementarios e non excluintes dos que respecto á ordenación urbanística do solo se regulan na súa lexislación específica*”. Cuestión distinta, á que despois se aludirá, é a tocante á primacía en caso de conflito do sistema de planificación territorial previsto nos instrumentos de ordenación sobre a planificación urbanística¹⁸.

18 Polo demais, neste contexto convén recordar que o art. 5 bis da LOT —incorporado pola Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia— dispón no seu apartado 1 que “*acordada polo Consello da Xunta a iniciación do procedemento de elaboración de calquera instrumento de ordenación do territorio, a persoa titular da consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio, de forma motivada, poderá suspender cautelarmente os procedementos de aprobación do plan urbanístico, dos instrumentos de xestión ou execución do plan e de outorgamento de licenzas para ámbitos ou para usos determinados, coa finalidade de elaborar o instrumento de que se trate*”.

Así as cousas, a Lei 10/1995, do 23 de novembro, —que, a diferenza da Lei galega do solo (LOUPMRG), tan só foi obxecto de leixiras modificacións— ten como finalidade, segundo dispón o seu art. 1, “establecer os obxectivos fundamentais e crear os instrumentos necesarios para a coordinación da política territorial e a ordenación do espazo da Comunidade Autónoma de Galicia, ao obxecto de favorecer a utilización racional do territorio galego e protexer o medio natural, mellorar a calidade de vida e contribuír ao equilibrio territorial”.

De acordo co establecido no art. 4 da LOT, a ordenación territorial de Galicia realizarase a través dunha serie de instrumentos mediante os cales se trata de conseguir, como afirma a Exposición de Motivos da Lei, un marco territorial global e flexible, que dea cabida a actuacións tanto de carácter sectorial como integradas, potenciando a confluencia da política territorial coa económica. Nese contexto, o artigo citado establece a seguinte tipoloxía de instrumentos de ordenación do territorio: Directrices de ordenación do territorio, Plans territoriais integrados, Programas coordinados de actuación, Plans e proxectos sectoriais e Plans de ordenación do medio físico.

En consecuencia, tal e como máis tarde se constatará, a Lei parte da previsión dun instrumento de carácter global, as Directrices de ordenación do territorio, que constitúen o marco xeral de referencia para establecer os criterios espaciais de asentamento das actividades, de acordo coas políticas sociais, económicas e culturais da Comunidade.

En desenvolvemento das directrices de ordenación do territorio, a LOT prevé a posibilidade de formular plans territoriais integrados cuxa finalidade é “a organización de áreas xeográficas supramunicipais de características homoxéneas ou daquelas que, polo seu tamaño e relacións funcionais, precisen dunha planificación infraestrutural, de equipamentos e recursos de ámbito comarcal, e de carácter integrado” (art. 12.1 LOT).

Pola súa banda, os programas coordinados de actuación teñen como finalidade “formular un programa plurianual, referido á totalidade do ámbito comunitario ou a algunhas das súas áreas, de carácter sectorial ou intersectorial, integrando as actuacións propostas polas distintas administracións ou organismos públicos que operen no ámbito da Comunidade Autónoma” (art. 16.a LOT), así como “determinar, conxuntamente e de acordo co réxime de competencias establecido pola lexislación vixente, as administracións ou organismos responsables da súa execución e, no seu caso, os criterios para establecer os necesarios acordos ou convenios entre as administracións públicas que deban proceder ao seu desenvolvemento conxunto” (art. 16.b LOT)¹⁹.

Os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal teñen por obxecto “regular a implantación territorial de solo destinado a vivendas protexidas, infraestruturas, dotacións e instalacións de interese público ou utilidade social cando a súa incidencia transcenda do termo municipal no que se localicen, pola súa magnitude, importancia, demanda social ou especiais características, ou que se asenten sobre varios termos” (art. 22.1 LOT). Como subliña Meilán Gil, estes instrumentos responden á necesidade obxectiva dun plan de superior alcance ao municipal²⁰.

19 Convén resaltar que o art. 20 da LOT, que regula a eficacia dos devanditos programas coordinados de actuación, dispón no seu apartado 1º, sen prexuízo do suposto excepcional contemplado no apartado 2º, que “os programas coordinados de actuación non poderán modificar directamente as determinacións das figuras de plan xeral reguladas na lexislación urbanística nin dos plans de ordenación do medio físico”.

20 Meilán Gil, J. L., *Comentarios a la Ley de Ordenación Urbanística y Protección del Medio Rural de Galicia*, Aranzadi-Thomson Reuters, Cizur Menor, 2009, p. 45.



Finalmente, polo que se refire aos instrumentos de ordenación do territorio, a Lei 10/1995, do 23 de novembro, considera os plans de ordenación do medio físico, que vinculan o plan local nos termos previstos no art. 29 da LOT e que teñen por obxecto o desenvolvemento das directrices de ordenación do territorio *“nos ámbitos que aquelas delimiten en función das súas características morfolóxicas, agrícolas, gandeiras, forestais, paisaxísticas ou ecolóxicas diferenciadas, que esixan unha consideración e tratamento unitarios, baixo presupostos que excedan dos propios de cada un dos termos municipais afectados pola ordenación”* (art. 26.1 LOT).

En relación cos plans e proxectos sectoriais, as previsións recollidas na LOT desenvólense, de xeito singularizado, por Decreto 80/2000, do 23 de marzo. Neste sentido, o art. 6 do Decreto citado especifica que *“os plans sectoriais establecerán as condicións xerais para o futuro desenvolvemento das infraestruturas, dotacións e instalacións que sexan o seu obxecto, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, adecuándose á súa función vertebradora dunha política territorial, definindo os criterios de deseño, as características funcionais e localización, que garantan a accesibilidade e a inserción da totalidade do territorio nunha racional dispoñibilidade destes elementos estruturantes”*.

Pola súa banda, e igualmente en relación cos proxectos sectoriais, o art. 9.1 do Decreto 80/2000 declara que estes *“teñen por obxecto a regulación detallada e pormenorizada da implantación dunha infraestrutura, dotación ou instalación determinada de interese público ou utilidade social cando a súa incidencia transcenda do termo municipal no que se localice, adecuándose á súa función vertebradora dunha política territorial, definindo os criterios de deseño, as características funcionais e localización, que garantan a accesibilidade e a inserción da totalidade do territorio nunha racional dispoñibilidade dos ditos elementos estruturantes”*²¹.

Sen prexuízo de analizar máis adiante esta cuestión no ámbito da actividade mineira, cabe anticipar, en orde á eficacia dos plans e proxectos sectoriais, que as determinacións contidas nestes *“vincularán o plan do ente ou entes locais en que se asenten os devanditos plans ou proxectos, que haberán de adaptarse a elas dentro dos prazos que para tal efecto determinen”* (art. 24 LOT). De xeito específico no que atinxe aos plans sectoriais, o art. 8 do Decreto 80/2000 sinala que *“1. As determinacións contidas nos plans sectoriais de incidencia supramunicipal terán forza vinculante para as administracións públicas e para os particulares e prevalecerán sobre as determinacións do plan urbanístico vixente. 2. Os municipios nos que se asenten as infraestruturas, dotacións ou instalacións obxecto dun plan sectorial deberán adaptar o seu plan urbanístico ao contido do citado plan, no prazo que determine este último e, en todo caso, na primeira modificación ou revisión do plan urbanístico. 3. A execución das infraestruturas, dotacións ou instalacións obxecto dun plan sectorial requirirá a previa aprobación dun ou varios proxectos sectoriais”*²².

21 Cabe destacar que, se ben os proxectos sectoriais se deberán axustar ás determinacións do correspondente plan sectorial, non obstante é posible a aprobación de proxectos sectoriais para unha determinada infraestrutura, dotación ou instalación en ausencia do plan sectorial. Textualmente, o art. 9.2 do Decreto 80/2000 dispón ao respecto que *“os proxectos sectoriais deberán axustarse ás determinacións do correspondente plan sectorial”*; non obstante, *“en ausencia do plan sectorial, tamén se poderán aprobar proxectos sectoriais para unha determinada infraestrutura, dotación ou instalación”*. Nesta orde de ideas, convén recordar que as figuras dos plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal teñen a súa orixe na lexislación navarra de ordenación do territorio. Sobre a natureza dos plans e proxectos sectoriais pode verse, Sánchez Goyanes, E., *“Ditame solicitado polo Concello de Pontevedra sobre a declaración do plan de xestión de residuos sólidos urbanos de Galicia como plan sectorial de incidencia supramunicipal dos regulados na lei galega 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio,”* en *Revista Española de Dereito Ambiental*, nº 1, xaneiro, 2000.

22 O art. 11 do Decreto 80/2000 dispón, en relación coa eficacia dos proxectos sectoriais, o seguinte: *“1. As determinacións contidas nos proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal terán forza vinculante para as administracións públicas e para os particulares e preva-*

3.2.2 As Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia aprobadas por Decreto 19/2011, do 10 de febreiro²³

A. Alcance e eficacia das Directrices

Sobre a base das consideracións expostas no apartado precedente, as *Directrices de Ordenación do Territorio* de 2011 constitúen, tal e como se resalta na parte expositiva do Decreto 19/2011, polo que se aproban, “o primeiro instrumento de ordenación territorial que establece as regras para a implantación dos usos e actividades (servizos, dotacións, actividades produtivas, entre outras) en coherencia coas necesidades sociais, económicas, culturais e ambientais”. Polo tanto, é preciso resaltar que as determinacións recollidas nas *Directrices* serven como referencia para o resto das figuras de planificación. Así, o apartado 1.4 das *Directrices* de 2011 dispón que “os instrumentos de ordenación territorial, os restantes da planificación sectorial, así como os instrumentos de plan urbanístico, deberán xustificar a súa coherencia e conformidade coas determinacións e criterios establecidos polas directrices de ordenación do territorio, incorporando unha valoración da correspondencia dos seus contidos con respecto ao disposto nas DOT”. E, á súa vez, o apartado 10.1.1 das referidas *Directrices* establece que estas “completaranse e desenvolveranse por medio doutros instrumentos: plans territoriais integrados, programas coordinados de actuación, plans e proxectos sectoriais e plans de ordenación do medio físico”, engadindo que “as Administracións, no exercicio das súas competencias, poderán formular programas ou estratexias que, no que se refiran ou teñan incidencia sobre o territorio, deberán ser orientadas en congruencia coas determinacións das DOT”.

No que atinxe de xeito específico á eficacia xurídica das determinacións establecidas nas *Directrices*, cabe sinalar que o art. 9 da LOT establece que “as determinacións recollidas nas directrices de ordenación do territorio terán, en todo caso, a forza vinculante que sexa congruente coa súa función de instrumento directriz. Para este efecto, expresarán de forma clara e inequívoca o alcance concreto con que haberán de operar todas e cada unha das súas determinacións e que se poderá manifestar en calquera das seguintes formas: a. Excluínte de calquera outro criterio, localización, uso ou deseño territorial ou urbanístico. b. Alternativa entre varias propostas contidas dentro das mesmas directrices de ordenación do territorio. c. Orientativa, debendo a Administración competente concretar a proposta contida nas directrices de ordenación territorial”.

Pois ben, sobre a base do artigo da LOT que se acaba de transcribir, as *Directrices* de 2011 establecen determinacións de carácter excluínte e determinacións de carácter orientativo. Polo tanto, antes de analizar as determinacións establecidas en relación coa actividade mi-

lecerán sobre as determinacións do plan urbanístico vixente. 2. Os municipios nos que se asenten as infraestruturas, dotacións ou instalacións obxecto dun proxecto sectorial deberán adaptar o seu plan urbanístico ao contido do proxecto sectorial, no que se establecerán as determinacións deste plan local que deban ser modificadas como consecuencia da aprobación do proxecto sectorial e no prazo que determine este último e, en todo caso, na primeira modificación ou revisión do plan urbanístico. 3. As obras públicas definidas detalladamente no proxecto sectorial serán cualificadas expresamente como de marcado carácter territorial e non estarán suxeitas a licenza urbanística nin a ningún dos actos de control preventivo municipal, de acordo coa disposición adicional primeira da Lei 10/1995, de Ordenación do Territorio de Galicia. Neste suposto, con carácter previo ao inicio das obras, remitiráselle ao concello un exemplar do proxecto técnico destas. 4. As construcións e instalacións do marcado carácter territorial previstas de modo concreto e detallado nun proxecto sectorial, non necesitarán da autorización urbanística autonómica a que fai referencia ao artigo 77.3º da Lei 1/1997, do 24 de marzo, do Solo de Galicia. 5. No acordo de aprobación definitiva do proxecto sectorial o Consello da Xunta de Galicia poderá acordar, no seu caso, a declaración de utilidade pública ou interese social das obras, instalacións e servizos previstos de xeito concreto, así como a necesidade da ocupación para os efectos da expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución do proxecto sectorial, sempre que conste a descrición física e xurídica individualizada dos bens e dereitos afectados”.

23 DOG núm. 36, do 22 de febreiro.

neira, é preciso delimitar o alcance vinculante dunhas e outras. É dicir, trátase de determinar o grao de vinculación das directrices, segundo teñan a condición de excluíntes ou orientativas, denominación que, polo demais, é a utilizada noutros textos normativos autonómicos sobre ordenación do territorio, como recoñece a propia Exposición de Motivos da LOT ao afirmar que o catálogo de instrumentos de ordenación previstos na Lei foi elaborado sobre a análise comparada da produción lexislativa autonómica. Neste sentido, a lexislación autonómica utiliza estas ou outras denominacións semellantes, mediante as cales se trata de delimitar o grao de vinculación ou eficacia da correspondente determinación. Así, algunhas leis autonómicas sobre ordenación do territorio clasifican as directrices, atendendo, como sinalamos, ao grao de vinculación, en directrices de vinculación plena, básica e orientativa; estricta e plena ou de carácter básico; ou con vinculación excluínte, alternativa ou orientativa, como é o caso, segundo se indicou, da Lei galega de Ordenación do Territorio.

Así as cousas, polo que se refire ás determinacións de carácter excluínte, a cualificación con ese grao de vinculación supón que as determinacións cualificadas como tales ostentan o máximo grao de vinculación ou eficacia xurídica, de modo que se exclúe calquera outro criterio, localización, uso ou deseño territorial ou urbanístico. Pola contra mediante as determinacións de carácter orientativo trátase —en palabras de López Ramón— de vincular á consecución duns obxectivos ou resultados, de tal forma que é a Administración competente a que deberá concretar a proposta recollida nas directrices²⁴.

Sobre a base das consideracións precedentes, expóñense a continuación as determinacións que recollen as *Directrices de Ordenación do Territorio* de 2011 en relación coa ordenación e planificación territorial da actividade mineira.

B. As previsións recollidas nas Directrices en relación coa ordenación e planificación territorial da actividade mineira

As *Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia*, sen prexuízo da referencia no seu apartado 10.1.12 ao Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia ao que despois se aludirá, establecen no punto 3 do Anexo —referido ao “desenvolvemento e ordenación dos asentamentos, das áreas empresariais e das actividades produtivas”— as determinacións que se deben seguir en relación coa explotación dos recursos minerais e xeolóxicos; máis en concreto, no apartado 3.3, baixo a rúbrica de “determinacións para o desenvolvemento das actividades produtivas no medio rural”.

Pois ben, en relación coa explotación dos recursos minerais e xeolóxicos as Directrices de 2011 dispoñen o seguinte:

24 López Ramón, F., *Estudios Jurídicos sobre Ordenación del Territorio*, Aranzadi, Pamplona, 1995, p. 109. Como afirma González-Varas Ibáñez (*Urbanismo y Ordenación del Territorio*, Aranzadi-Thomson Reuters, 5ª ed., Pamplona, 2009, p. 71) “esta vía de matizar o grao de vinculatoriedade dos plans de ordenación territorial [...] é sensible coa autonomía local, distinguindo entre distintas situacións posibles, para os efectos de afirmar a vinculación matizada ou plena da ordenación territorial por referencia á urbanística (en función de se a materia vinculada é máis ou menos local)”. Neste contexto non está de máis sinalar que, tal e como dispón o art. 6 da LOT, as Directrices de Ordenación do Territorio teñen, entre outras funcións, a de “construír un marco xeral de referencia para a formulación dos restantes instrumentos de ordenación territorial, así como dos plans de ordenación previstos na lexislación urbanística, e para a formulación e execución das distintas políticas sectoriais da Comunidade, ao que se haberán de acomodar os plans, programas e accións con incidencia no territorio que poidan desenvolver as administracións públicas de carácter autonómico ou local, co fin de garantir unha axeitada coordinación e compatibilización de todas elas”. Polo tanto, é no contexto da autonomía local e das competencias urbanísticas das entidades locais no que se debe proxectar o alcance excluínte ou orientativo das determinacións contidas nas directrices. É significativo, neste sentido, que o art. 12 da Lei 10/1984, do 30 de maio, de Ordenación territorial da Comunidade de Madrid, xa derogada, dispuxese expresamente, tras especificar no art. 11 as distintas formas ou graos de vinculación, que “a vinculación das directrices de ordenación territorial terán sempre carácter orientativo cando afecten ao solo clasificado como urbano ou urbanizable programado, segundo o plan correspondente”.

3.3.17. *A Xunta de Galicia elaborará un plan específico para a ordenación dos recursos minerais e xeolóxicos na Comunidade Autónoma como soporte ao desenvolvemento da actividade mineira, considerando os valores do ámbito natural polas súas características xeolóxicas, morfolóxicas, ecolóxicas e paisaxísticas diferenciadas, variables dun lugar a outro, e as potencialidades de aproveitamento propias de cada zona. O devandito plan establecerá as directrices e previsións para conxugar o necesario aproveitamento racional destes recursos naturais e a protección, rehabilitación, conservación e mellora do espazo natural afectado pola labra e o seu beneficio.*

3.3.18. *Os instrumentos de ordenación e plan urbanístico na elaboración das súas propostas terán en conta as solicitudes e os dereitos mineiros outorgados na Comunidade Autónoma de Galicia. Estes instrumentos, entre as súas previsións para a compatibilización dos usos existentes e potenciais do territorio, deberán motivar calquera disposición restritiva en relación ás actividades incluídas na Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas.*

3.3.19. *A planificación e ordenación dos recursos minerais e xeolóxicos concederá especial atención á función ecolóxica que poidan desempeñar os terreos afectados polo seu aproveitamento e a mellora das condicións iniciais de uso destes terreos como consecuencia da súa rehabilitación posterior.*

En relación coas determinacións que se acaban de transcribir é necesario sinalar que todas elas teñen a condición de determinacións excluíntes, o que leva consigo que se lles outorgue o grao máximo de vinculación xurídica nos termos antes sinalados.

Á parte das determinacións de carácter excluínte, as *Directrices* de 2011 establecen, neste caso con carácter orientativo, a seguinte determinación no tocante á explotación dos recursos minerais e xeolóxicos:

3.3.20. *Acometeranse estudos co obxectivo de ponderar as diversas circunstancias e tecnoloxías que concorren no aproveitamento dos recursos minerais e xeolóxicos coas técnicas de rehabilitación dos terreos afectados e cos requirimentos que se derivan das características do ámbito natural e social. Entre os resultados destes estudos figurará a elaboración dun manual de boas prácticas que recolla estratexias de integración paisaxística e de minimización de impactos para as explotacións de recursos mineiros e xeolóxicos.*

Á súa vez, o apartado 10.1.12 das *Directrices*, en relación coa aplicación e eficacia destas respecto dos plans sectoriais, sinala que “os plans sectoriais axustaranse aos obxectivos e criterios plasmados nestas directrices”. E destaca, de xeito particularizado, que deberá desenvolver as previsións que se establecen respecto deste nas *Directrices* —entre outros— o Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia (letra c do apartado 10.1.12)²⁵.

Pois ben, das determinacións recollidas nas *Directrices* de 2011, no que concirne á explotación dos recursos minerais e xeolóxicos, pódese extraer unha serie de consideracións que cabería cualificar —con razón as *Directrices* atribúenlles a condición de determinacións ex-

25 Tamén en relación cos plans sectoriais, o apartado 10.1.10 sinala que “cando se formule un plan sectorial, o departamento responsable procurará que teña un carácter integrador e, polo tanto, que se refira ao conxunto de actuacións que pola súa función ou destino requiran dunha planificación conxunta”. E o apartado 10.1.11 das *Directrices* establece que “respecto ao seu alcance territorial, os plans sectoriais referiranse a toda a comunidade autónoma, salvo que pola súa especificidade se poida excepcionar o cumprimento desta regra”.

cluíntes— como principios reitores que informan o réxime xurídico da ordenación territorial e planificación da minaría en Galicia. En concreto trataríase das tres seguintes:

En primeiro lugar, a declaración do carácter vinculante que acompaña á ordenación territorial da minaría. Este carácter vinculante vén determinado porque a canle que se establece para a planificación territorial da actividade mineira é un plan sectorial de incidencia supra-municipal, tal e como polo demais, establece a propia LOMG de 2008. Dende a perspectiva do principio de localización inamovible dos recursos minerais, ao que despois aludiremos, e dende a perspectiva da transcendencia económica destes, á que xa se fixo referencia neste estudo, ese carácter vinculante eríxese en consecuencia obrigada.

En segundo lugar, no que atinxe á explotación dos recursos minerais e xeolóxicos pártese dun principio de aproveitamento racional, recollido, tanto no art. 122 da Lei de Minas de 1973, en virtude da modificación operada en 2007, coma no art. 14.2 da LOMG. Este principio de aproveitamento é, en definitiva, copia do interese xeral que subxace no abastecemento de recursos minerais. E de aí, precisamente, a consideración de bens de dominio público dos xacementos de orixe natural e demais recursos xeolóxicos²⁶.

E, finalmente, partindo da necesidade de integrar no proceso de planificación o “ciclo de vida completo da mina ou canteira”²⁷, cabería referirse a un terceiro aspecto básico da ordenación da minaría, cal é o relativo ao carácter temporal da explotación mineira. Neste sentido, non cabe obviar que a través dos plans de restauración, aos que alude a determinación 3.3.19 das *Directrices* de 2011 —e cuxa normativa xeral se recolle no Real Decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado polas actividades mineiras, modificado por Real Decreto 777/2012, do 4 de maio—, trátase, en termos xerais, de mellorar as condicións iniciais de uso dos terreos afectados por labores extractivos.

26 De conformidade co disposto no art. 2 da vixente Lei 22/1973, do 21 de xullo, os xacementos minerais e demais recursos xeolóxicos configúranse como bens demaniais; en concreto, a teor do referido precepto: “1. *Todos os xacementos de orixe natural e demais recursos xeolóxicos existentes no territorio nacional, mar territorial e plataforma continental, son bens de dominio público, cuxa investigación e aproveitamento o Estado poderá asumir directamente ou ceder na forma e condicións que se establecen na presente Lei e demais disposicións vixentes en cada caso.* 2. *En canto ao dominio das augas, estarase ao disposto no Código Civil e Leis especiais, sen prexuízo do que establece a presente Lei en orde á súa investigación e aproveitamento.*” Non obstante, máis alá desta manifestación xenérica, cabe xa advertir que o réxime xurídico concreto establecido na citada Lei de Minas non se corresponde exactamente coas clásicas notas definitorias do dominio público. En efecto, como sinala López Ramón (Sistema xurídico de los bienes públicos, Civitas Thomson-Reuters, Cizur Menor, 2012, p. 257), no réxime mineiro conséntase a ausencia de catro características propias dos bens de dominio público: en primeiro lugar, a propia titularidade pública sobre todos os recursos xeolóxicos, habida conta de que a existencia de parte deles resulta descoñecida; en segundo lugar, a non concorrencia da afectación do ben a un uso ou servizo público, que é substituído polo “*fomento da riqueza nacional*” (art. 339.2.º Cc); en terceiro lugar, a falta dos medios de defensa e de conservación do ben; e, en cuarto lugar, o feito de que non se requira a intervención administrativa para a constitución de todo uso privativo, dado que o aproveitamento dalgúns recursos mineiros se atribúe legalmente ao propietario do fondo. Con todo, a pesar da falta de identidade sinalada, a declaración demanial dos recursos mineiros formulada na LM resulta inequívoca. E iso vaíse traducir, como precisa De Arcenegui (*Derecho minero*, Civitas, Madrid, 2002, pp. 70-71), nas seguintes derivacións: en primeiro lugar, na imposibilidade de alienación dos xacementos minerais e demais recursos xeolóxicos, o que non obsta para que o suxeito que os explote, a través da pertinente concesión ou autorización, poida adquirir a propiedade dos minerais que separe do xacemento; en segundo lugar, na protección ofrecida polos principios de inalienabilidade, imprescriptibilidade e inembargabilidade previstos no art. 132.1 da CE; e, en terceiro lugar, en conexión co anterior, na atribución de competencias aos poderes públicos para, entre outros extremos, outorgar os títulos mineiros e, no seu caso, permitir a súa transmisión ou declarar a súa caducidade.

27 Neste sentido, no Ditame 2009/C27/19, do Comité Económico e Social Europeo sobre “a minaría non enerxética en Europa”, afirmábase de xeito taxativo que “os minerais son esenciais para o desenvolvemento e, polo tanto, para a nosa calidade de vida e a creación de comunidades sostibles. Os minerais non enerxéticos son materiais básicos da nosa vida cotiá: un edificio pode chegar a conter ata 150 toneladas de minerais en forma de cemento, arxila, xeso, carbonato cálcico, materiais compostos, vidro, pintura, cerámica, tellas e toneladas de metais; un automóbil contén ata 150 quilogramos de minerais (caucho, plásticos, vidro) e máis dunha tonelada de metais; o 50% das pinturas e do papel elabóranse a partir de minerais; o vidro e a cerámica tamén conteñen ata 100% de minerais. A planificación en materia de minerais garante que as necesidades económicas e da sociedade, así como o impacto da extracción e o tratamento para a poboación e o medio ambiente, se xestionen dun xeito integrado, tendo en conta no proceso de planificación o ciclo de vida completo da mina ou canteira dende o mesmo comezo do proceso de extracción e incluíndo tamén as operacións de clausura da mina ou canteira e as operacións subseguintes”.



3.3 A ordenación e planificación territorial das actividades extractivas en Galicia. En especial, o Plan sectorial de actividades extractivas

3.3.1 Consideracións de índole xeral

A idea de planificación da actividade mineira aparece xa recollida na vella, aínda que vixente con lixeiras modificacións, Lei 22/1973, do 21 de xullo, de Minas. Así, o art. 5.2 da Lei citada dispón que *"de conformidade co Consello Superior Xeográfico, publicara[se] ás escalas que regulamentariamente se establezan, os mapas xeolóxicos, xeofísicos, xeoquímicos, xeotécnicos, hidroxolóxicos, metaloxenéticos e calquera outros que o desenvolvemento tecnolóxico requira, que sexan útiles á ordenación do territorio e ao aproveitamento racional dos recursos minerais do país"*. En palabras de Junceda Moreno, *"coñecendo minuciosamente as riquezas mineiras que alberga o noso subsolo pódese facilitar en grao elevado a súa ordenación e utilización racional. Ademais, —engade— con iso evitaríase en última instancia ter que revisar os instrumentos planificadores cada vez que se descubra un novo recurso"*²⁸.

Así mesmo, a necesidade dun plan mineiro recollíase no borrador da Lei de Minas que o Ministerio de Industria deu a coñecer en febreiro de 2003²⁹. No preámbulo do borrador afirmábase que *"unha función primordial que a Lei quere potenciar é a da planificación das actividades mineiras, especialmente no que se refire tanto ás reservas coñecidas de recursos escasos e de grande valor, como aos relativamente abundantes, de escaso prezo no mercado pero de imprescindible utilización masiva nas actividades industriais e a construción, establecendo que a actividade mineira se teña en conta nos plans de ordenación urbanística"*. Dende esta perspectiva, o art. 4 do borrador ao que estamos a facer referencia, dispoñía, en relación coa planificación Mineira e Ordenación do Territorio, que *"1. As Comunidades Autónomas propiciarán o desenvolvemento de actividades mineiras dentro do seu ámbito territorial, considerando o interese xeral de abastecemento de recursos minerais"*. O apartado 2º. do mesmo precepto establecía, a eses efectos, que *"as Comunidades Autónomas planificarán o desenvolvemento de actividades mineiras, tomando en consideración os recursos minerais postos de manifesto no seu ámbito territorial"*. O artigo concluía afirmando que *"esta planificación será vinculante e se deberá trasladar aos instrumentos de ordenación do territorio correspondentes tanto ás Comunidades Autónomas, coma ás entidades locais"*.

En calquera caso, á marxe dos diferentes borradores elaborados, a partir do marco legal vixente as Comunidades Autónomas, fundamentalmente aquelas con tradición mineira, limitáronse a introducir a través das súas leis sobre ordenación do territorio e urbanismo previsións sobre a ordenación da minaría nos seus respectivos ámbitos territoriais. Unicamente a Comunidade Autónoma de Galicia exercitou as súas competencias *"desenvolvendo"* a Lei estatal de 1973 por medio dunha lei específica da minaría; a xa citada Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia³⁰.

28 Junceda Moreno, J., *Minería, Medio Ambiente y Ordenación del Territorio*, Civitas, Madrid, 2001, p. 343.

29 Facéndose eco deste borrador, vide. Renau Faubell, F., "Incidencia de las competencias urbanísticas de los municipios sobre las actividades mineras", en *Noticias Xurídicas*, xaneiro 2007.

30 Outras Comunidades Autónomas regulan, dalgún xeito, as actividades extractivas a través das súas normas de ordenación territorial. Así, por exemplo, na Comunidade Valenciana, o art. 16 da Lei 4/2004, do 30 de xuño, da Generalitat, de Ordenación do Territorio e protección da paisaxe dispón que *"co fin de promover o aproveitamento racional dos recursos naturais minerais e enerxéticos na Comunidade Valenciana, o Consell da Generalitat aprobará plans de acción territorial de carácter sectorial, co obxecto de asegurar simultaneamente a eficiencia das explotacións e os recursos enerxéticos, a súa seguridade, a conservación, recuperación e mellora do medio afectado por estas e do patrimonio cultural, con especial atención ao arqueolóxico e paleontolóxico, así como o fomento e mellora do medio rural nos municipios en que tales explotacións e aproveitamentos enerxéticos teñan unha presenza significativa"*.

3.3.2 A planificación da Minaría na Lei 3/2008, do 23 de maio, de Ordenación da Minaría de Galicia

A Lei 3/2008, do 23 de maio dítase ao amparo das competencias da Comunidade Autónoma para o desenvolvemento lexislativo e a execución do réxime mineiro. Se ben, como se tivo ocasión de sinalar, a fixación das bases corresponde ao Estado en virtude do disposto no art. 149.1.25ª. da Constitución, “a tardanza estatal en aprobar unha norma legal básica en materia de minas —sinala a Exposición de Motivos da Lei 3/2008— fai que se manteña vixente unha lexislación estatal sen adaptar ao novo réxime de distribución de competencias e inadecuada para a situación e os problemas actuais das actividades extractivas”.

Pois ben, no que agora interesa, o art. 3 da Lei enumera os principios nos que se inspira a ordenación de minaría en Galicia, destacando, en primeiro lugar, o de “a planificación mineira no marco da ordenación da economía e do territorio”. Dende a perspectiva deste principio reitor, a Lei dedica o Título III —arts. 11 a 14— á “Planificación da Minaría”.

No marco descrito, o art. 11 da LOMG dispón que a planificación da política mineira se realice por medio dun plan sectorial de incidencia supramunicipal. Especificamente o apartado 1 do citado precepto sinala que “o Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia se configura como un plan sectorial de incidencia supramunicipal dos regulados na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia. Como máximo instrumento de planificación da política mineira ten por obxecto establecer os principios e directrices para a ordenación mineira de Galicia, baseada en criterios de estabilidade e sostibilidade, así como a normativa necesaria para desenvolver os eixes básicos de actuación administrativa en Galicia no sector propiciando a coordinación das accións, o seu desenvolvemento sostible, a mellora tecnolóxica e a diversificación económica”.

Polo tanto, o Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia constitúe, porque así o establece a Lei 3/2008, o máximo instrumento de ordenación e planificación da minaría en Galicia. É, polo tanto, o propio lexislador de 2008 quen determina tanto o instrumento de planificación mineira que considera idóneo —un plan sectorial— como o alcance territorial da ordenación mineira³¹. Neste contexto, cabe apuntar que no proxecto de lei inicialmente remitido ao Parlamento galego non se contemplaba a figura dun plan sectorial de incidencia supramunicipal para ordenar as actividades mineiras, senón que se establecía que a ordenación mineira se debía levar a cabo por medio dun plan da minaría de Galicia de carácter temporal. Na tramitación parlamentaria substituíuse a figura inicialmente prevista —un plan, aparentemente, de alcance orientador— por un plan sectorial de incidencia supramunicipal, ao obxecto de establecer os principios e directrices do ordenamento mineiro nun instrumento que dese seguridade e certeza ao sector³². Neste sentido, a propia Exposición de Motivos da Lei alude á necesidade de establecer os principios e directrices para a

31 Con carácter xeral, o art. 22.4 da LOT sinala que “corresponde ao Consello da Xunta de Galicia cualificar, para os efectos do previsto na presente Lei, un plan ou proxecto sectorial como de incidencia supramunicipal, así como a determinación da Consellaría á que corresponda o seu impulso e, no seu caso, aquelas que terían que colaborar neste”. Pola súa parte, o art. 4 do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, dispón que “para declarar a incidencia supramunicipal da infraestrutura, dotación ou instalación, aos efectos previstos na Lei 10/1995, de ordenación do territorio de Galicia, e de conformidade co seu artigo 22.1º, teranse en conta os seguintes criterios: a) Os efectos positivos que produza para o medio, a paisaxe rural e o patrimonio cultural. b) A contribución ao desenvolvemento sostible social e económico de Galicia. c) A poboación beneficiaria da infraestrutura, dotación ou instalación. d) A función vertebradora e estruturante do territorio que leve consigo tal actuación. e) O asentamento da infraestrutura, dotación ou instalación sobre varios termos municipais. f) Calquera outro criterio que contribúa directamente aos obxectivos fundamentais enunciados no artigo 3 da Lei 10/1995, de ordenación do territorio de Galicia”.

32 Pode consultarse a tramitación parlamentaria da Lei na páxina web do Parlamento de Galicia, expediente núm. 07/PL-0031.



ordenación mineira de Galicia atendendo a criterios de estabilidade e sostibilidade, criterios plasmados tamén no art. 1 do Texto legal.

3.3.3 Criterios orientadores e contido do Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia

Xunto coas determinacións establecidas nas *Directrices de Ordenación do Territorio*, de 2011, a propia Lei 3/2008, do 23 de maio, establece, — neste caso, ademais, outorgándolle rango legal—, os criterios que han de orientar os contidos do Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia. Para tal efecto, o art. 12 da Lei dispón o seguinte:

“Os criterios que inspirarán o Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia serán os seguintes:

- a) *O establecemento das bases do desenvolvemento dunha minaría sostible.*
- b) *A identificación de zonas con potencial mineiro.*
- c) *A mellora da seguridade das explotacións mineiras e dos seus establecementos de beneficio.*
- d) *A harmonización da actividade extractiva co resto dos usos do solo dentro do marco da ordenación territorial, agraria e ambiental.*
- e) *O aproveitamento ordenado e sostible dos recursos mineiros de xeito compatible coa protección do medio natural e o patrimonio cultural.*
- f) *A racionalización do emprego de recursos naturais e de residuos a través da implantación das mellores técnicas dispoñibles e a valorización.*
- g) *A promoción da investigación, o desenvolvemento e a innovación nas propiedades e aplicacións dos materiais, así como nos procesos de produción, tratamento e aproveitamento de subprodutos.*
- h) *A busca dunha maior vinculación da minaría coa mellora da economía das zonas en que se sitúen as explotacións e o fomento da creación de emprego.*
- i) *O asesoramento, información e colaboración coas administracións locais, entes privados e organizacións empresariais e sindicais en cuestións relacionadas coas actividades mineiras e o desenvolvemento empresarial.*
- j) *A mellora da produtividade das empresas do sector mineiro e o apoio á implantación de industrias que permitan o peche de todos os ciclos de transformación dos materiais mineiros extraídos en Galicia.*
- k) *A máxima simplificación administrativa na tramitación dos expedientes mineiros.*
- l) *O carácter temporal da explotación mineira respecto á ordenación do territorio e os usos do solo”.*

Pois ben, do precepto que se acaba de transcribir convén resaltar, no que á ordenación territorial da minaría interesa, os seguintes criterios a partir dos cales se debe elaborar o Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia. En primeiro lugar, establécese a necesi-



dade de identificar as zonas con potencial mineiro. Esta cuestión ten especial importancia na medida en que, como afirma Renau Faubell, o plan debe ser congruente coa realidade xeolóxica³³.

Neste contexto, non está de máis sinalar que o art. 14.1 da Lei 3/2008, esixe ter en conta na elaboración de instrumentos de planificación que poidan incidir na minaría as solicitudes e os dereitos mineiros outorgados ou concedidos. E convén recordar que as Directrices de 2011 —apartado 3.3.18— reiteran a devandita previsión legal.

Polo demais, esa congruencia entre a realidade xeolóxica e o plan tamén foi posta de relevo polo Tribunal Supremo. Así na Sentenza do 11 de decembro de 2003 declara o Alto Tribunal que “para decidir sobre a delimitación dos labores extractivos, as Administracións competentes non tiveron en conta determinados informes técnicos sobre feitos ou circunstancias xeolóxicas, xeoquímicas e xeotécnicas relevantes, que deben ser correctamente valoradas para definir o perímetro de explotación da canteira debido á existencia desas características xeolóxicas da zona que escapan a toda discrecionalidade, pois son tales como se manifiestan na realidade, sen que, polo tanto, poida decidirse polas devanditas Administracións a aprobación do plan urbanístico eludindo a súa existencia, como se procedeu, dado que o único informe contemplado para iso non aludía a esas características xeolóxicas e xeoquímicas do macizo en que está situada a canteira, razón pola que a Sala sentenciadora non conculcou, ao resolver, o ordenamento xurídico que se cita no motivo de casación alegado nin a doutrina xurisprudencial que o interpreta, senón que, antes ben, os aplicou e interpretou correctamente, dado que a decisión adoptada polas Administracións urbanísticas non se mostra acorde coa realidade xeolóxica do xacemento calcario e, por conseguinte, se afasta dos feitos determinantes, que se deberon ter en conta, por se basear exclusivamente nun informe que non aludía a eles”³⁴.

En segundo lugar, establécese a necesidade de harmonizar a actividade extractiva co resto dos usos do solo dentro do marco da ordenación territorial, agraria e ambiental. Ao respecto convén adiantar que o propio Tribunal Constitucional puxo de relevo a transcendencia económica da actividade mineira incardinándoa no art. 128 da CE. E iso partindo dun principio xeral de harmonización e non exclusión, como despois se verá.

E, por último, no que agora interesa, entre os criterios que deben inspirar o Plan sectorial, menciónase expresamente o carácter temporal da explotación mineira respecto á ordenación do territorio e os usos do solo. Debe facerse notar que este último apartado se incorporou na tramitación parlamentaria da lei, coa finalidade —parece ser— de poñer de manifesto, precisamente pola súa temporalidade, a compatibilidade da actividade mineira co medio ambiente³⁵.

33 Renau Faubell, F., “El nuevo artículo 122 de la Ley de Minas”, en *Noticias Xurídicas*, decembro 2007, p.5.

34 RJA 2004 \ 511.

35 No debate no Pleno do Parlamento sobre o proxecto de lei, o voceiro do Grupo parlamentario popular, que introducira a devandita emenda afirmou que “*nós apostamos por que a actividade mineira de Galicia sexa plenamente respectuosa e compatible cos valores naturais e medioambientais de Galicia. Pero esa compatibilidade non se consegue prohibindo a actividade mineira, señorías; esa compatibilidade conséguese establecendo os mecanismos necesarios para garantila. Vostedes saben que hai unha tecnoloxía suficientemente desenvolvida precisamente para garantir esa compatibilidade. Pero o máis importante, señor director, que vostedes deberían de facer pedagogía. A actividade mineira é unha actividade temporal, é unha actividade que non se pode manter non tempo, nun metro cadrado determinado, máis de dez anos. E, por outra banda, hai que facer pedagogía, os países máis mineiros do mundo, Canadá, Suecia, Alemaña, Australia, ningún nesta Cámara dúbida da súa sensibilidade ambiental e do seu grao de desenvolvemento; polo tanto, compatibilidade plena da actividade mineira co medio ambiente*” (*Diario de Sesións do Parlamento de Galicia*, núm. 127, do 13 de maio de 2008).

Polo que se refire ao contido do Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia, o art. 13 da Lei 3/2008 establece o contido que, sen prexuízo do disposto con carácter xeral no art. 23 da LOT³⁶, se deberá reflectir naquel. Así, a teor do disposto no art. 13 da Lei, o Plan deberá conter, en todo caso: *“a) Un diagnóstico da minaría en Galicia que inclúa referencias aos recursos existentes e en investigación, aos dereitos mineiros, aos efectos da minaría sobre o ámbito económico, social e ambiental, á localización das explotacións, ao emprego no sector con indicación das condicións laborais existentes e ás repercusións ambientais máis relevantes das explotacións existentes. b) A coordinación cos instrumentos de protección ambiental e patrimonio cultural coa determinación dos ámbitos incompatibles con actividades extractivas polas necesidades de preservación dos devanditos bens sociais. c) A fixación de obxectivos de desenvolvemento do sector tendo en conta os condicionamentos territoriais, agrarios e ambientais e o obxectivo de diversificación e peche do ciclo produtivo. d) As liñas de actuación e os programas específicos, destacadamente os destinados a municipios mineiros, de acordo cos principios de actuación da presente Lei. e) Os instrumentos financeiros e de xestión para a execución do plan e as liñas directrices das medidas de fomento da minaría que deberán estar presididas polos obxectivos que fixa a presente Lei. f) As bases da investigación mineira para alcanzar unha extracción, preparación e posta en mercado eficiente e sostible dos recursos minerais. g) As accións encamiñadas a mellorar a calidade do emprego no sector, incrementando a seguridade e potenciando a formación dos traballadores e traballadoras, así como a incorporación de mulleres a un sector no que están infrarrepresentadas a través de políticas de acción positivas. h) A valoración económica das actuacións previstas”.*

3.3.4 Eficacia xurídica do Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia

Segundo dispón o apartado 2 do art. 11 da Lei 3/2008, *“as determinacións do Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia serán directamente aplicables e prevalecerán de forma inmediata sobre as do plan urbanístico, que haberá de ser obxecto de adaptación”.* Esta disposición trae causa do disposto con carácter xeral para os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal no art. 24 da LOT, así como no art. 8 do Decreto 80/2000, do

36 O art. 23 da LOT dispón que “os plans e proxectos sectoriais constarán dos documentos necesarios para reflectir con claridade e suficiencia as seguintes determinacións: 1. *Descrición do espazo en que se asente a infraestrutura, dotación ou instalación obxecto do plan ou proxecto, e ámbito territorial de incidencia deste.* 2. *Organismo, entidade ou persoa xurídica ou física promotor e titular da infraestrutura, dotación ou instalación.* 3. *Xustificación do interese público ou utilidade social da infraestrutura, dotación ou instalación.* 4. *Descrición, coa especificación suficiente das características da infraestrutura, dotación ou instalación obxecto do plan ou proxecto, duración temporal estimada da súa execución e recursos económicos afectados a esta.* 5. *Incidencia sobre o territorio físico, afeccións ambientais e medios de corrección ou minimización destas.* 6. *Adecuación co plan local vixente no termo ou termos municipais en que se asente a infraestrutura, dotación ou instalación ou, no seu caso, determinacións do devandito plan local que han de ser modificadas como consecuencia da aprobación do plan ou proxecto sectorial, así como o prazo para realizar a correspondente adecuación.* 7. *Os proxectos sectoriais que impliquen a transformación e parcelación urbanística do solo deberán conter, ademais das determinacións esixidas neste artigo, as que se indican no artigo 66 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística y protección do medio rural de Galicia. Cando os devanditos proxectos afecten a terreos que, de conformidade coa lexislación urbanística, deban ser clasificados como solo rústico de especial protección, se esixirá o informe favorable do organismo que ostente a competencia sectorial por razón do correlativo valor obxecto de protección”. Pola súa banda, o art. 6 do Decreto 80/2000, referíndose xa de forma específica aos plans sectoriais, dispón que conterán, como mínimo, as seguintes determinacións: “a) *Delimitación dos ámbitos territoriais nos que se poderán asentar as infraestruturas, dotacións ou instalacións obxecto do plan a desenvolver mediante proxectos sectoriais.* b) *Organismo ou entidade ou persoa xurídica ou física promotora do plan.* c) *Xustificación do interese público ou utilidade social das infraestruturas, dotacións ou instalacións previstas no plan.* d) *Descrición das características xerais das infraestruturas, dotacións ou instalacións obxecto do plan.* e) *Directrices para a redacción dos proxectos sectoriais que desenvolvan o contido do propio plan sectorial.* f) *Medidas para a súa articulación co plan urbanístico e cos demais instrumentos de ordenación do territorio. O plan sectorial deberá procurar a súa adecuación co plan municipal vixente no termo ou termos municipais nos que se asente a infraestrutura, dotación ou instalación ou, no seu caso, sinalará as determinacións do plan municipal que deban ser modificadas como consecuencia da aprobación do plan sectorial, así como o prazo para realizar a correspondente adecuación.* g) *Incidencia sobre o territorio físico, afeccións ambientais e medidas de corrección e minimización dos impactos producidos sobre o medio físico e a paisaxe”.**

23 de marzo, aos que xa nos referimos con anterioridade. Nese sentido, convén recordar que a propia Lei 9/2002, do 30 de decembro, dispón explicitamente no seu art. 45.2, que os plans de ordenación urbanística están vinculados xerarquicamente ás determinacións das directrices de ordenación do territorio así como aos demais instrumentos de ordenación previstos na LOT. Por iso, a teor do disposto no art. 8.2 do Decreto 80/2000, os plans sectoriais deberán determinar o prazo no que se deberá levar a cabo a adaptación do plan urbanístico ao contido do plan³⁷.

Polo demais, en orde á eficacia dos plans sectoriais respecto dos proxectos sectoriais, e á marxe da posibilidade de formulación de proxectos sectoriais sen a previa existencia dun plan sectorial, cabe sinalar que, segundo dispón o apartado 10.1.13 das Directrices de Ordenación do Territorio de 2011, *“cando se aprobase un plan sectorial só se poderán formular, con esa mesma finalidade, os proxectos sectoriais que desenvolvan o plan sectorial”*. Por iso, *“a realización dunha actuación non prevista no plan sectorial requirirá a súa modificación, que en ningún caso poderá supoñer unha alteración substancial dos obxectivos e criterios de implantación territorial nel establecidos, pois no caso contrario o plan deberá ser revisado”*.

3.4 A necesidade de motivar calquera disposición restritiva en relación coa ordenación territorial das actividades mineiras. O impedimento legal de prohibicións xenéricas. A xurisprudencia ao respecto

A consideración do interese xeral de aproveitamento dos recursos minerais e xeolóxicos determina dous aspectos esenciais en relación coas actividades extractivas e o uso do solo; a saber: o deber de motivar calquera disposición restritiva en relación coa ordenación territorial das actividades mineiras e o impedimento das prohibicións xenéricas. Así, o art. 14.2 da Lei 3/2008 dispón ao respecto que *“calquera prohibición contida nos instrumentos de ordenación sobre actividades incluídas na Lei 22/1973, do 21 de xullo, de Minas, e na presente Lei haberá de ser motivada e non poderá ser de carácter xenérico”*. É conveniente poñer de manifesto que esta última disposición vén precedida doutra —art. 14.1— en virtude da cal *“para a elaboración de instrumentos de planificación con incidencia na minaría teranse en conta as solicitudes e os dereitos mineiros outorgados ou concedidos no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, para o cal será obrigatorio solicitar da consellería competente en materia de minas un informe dos datos reflectidos no Rexistro Mineiro de Galicia”*³⁸.

Esta previsión de motivación e de prohibicións xenéricas, que se reproduce tamén na *Directrices* de 2011, tal e como se expuxo anteriormente, trae causa da modificación operada na Lei 22/1973, do 21 de xullo, de Minas pola Lei 12/2007, do 2 de xullo, pola que se modifica a Lei 34/1998, do 7 de outubro, do Sector de Hidrocarburos, co fin de adaptala ao disposto na Directiva 2003/55/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2003, sobre normas comúns para o mercado interior do gas natural. A Disposición Adicional 1ª do

37 Convén recordar que o art. 8.2 dispón expresamente o seguinte: *“os municipios nos que se asenten as infraestruturas, dotacións ou instalacións obxecto dun plan sectorial deberán adaptar o seu plan urbanístico ao contido do citado plan, no prazo que determine este último e, en todo caso, na primeira modificación ou revisión do plan urbanístico”*.

38 O art. 14 da LOMG leva por rúbrica “participación da consellería competente en materia de minas en instrumentos de planificación”. Por outra banda, o Rexistro Mineiro de Galicia regúlase no art. 9 da Lei 3/2008 e neste deberán inscribirse todos os dereitos mineiros autorizados ou concedidos no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. Á súa vez, o art. 10 da citada Lei establece o Rexistro de Solicitudes de Dereitos Mineiros, o cal se articula como unha sección independente dentro do Rexistro Mineiro de Galicia.

Texto legal mencionado, á marxe de modificar o art. 121 da Lei de 1973, incorporou o art. 122 co seguinte teor: “calquera prohibición contida nos instrumentos de ordenación sobre actividades incluídas na Lei de Minas deberá ser motivada e non poderá ser de carácter xerónico”. En palabras de Moreu Carbonell, a reforma de 2007 “ofrece unha solución aos habituais conflitos entre desenvolvemento económico-minaría, medio ambiente e urbanismo, en difícil equilibrio dende a coñecida e tantas veces citada STC 64/1982, do 4 de novembro, que xa negaba a posibilidade de que as Comunidades Autónomas prohibisen con carácter xeral o desenvolvemento de actividades extractivas nunha serie de espazos declarados de interese natural por norma con rango de lei. Con maior énfase aínda —conclúe a citada autora— a tamén coñecida e posterior STC 170/1989, do 19 de outubro, veta calquera prohibición xeral que subtraia posibles recursos mineiros á riqueza nacional, mesmo no marco dos espazos naturais protexidos”³⁹.

En efecto, a doutrina sentada pola STC 64/1982, do 4 de novembro, que resolveu o recurso de inconstitucionalidade interposto fronte á Lei catalá 12/1981, do 24 de decembro, que establecía normas adicionais de protección dos espazos de especial interese natural afectados por actividades extractivas, parte da consideración da transcendencia económica da actividade mineira e a súa incardinación no art. 128.1 da CE, declarando ao respecto que “conforme ao artigo 128.1 da mesma «toda a riqueza do país nas súas distintas formas e fose cal fose a súa titularidade está subordinada ao interese xeral». Nunha das súas aplicacións, este precepto supón que non poden subtraerse á riqueza do país recursos económicos que o Estado considere de interese xeral, aducindo outras finalidades, como a protección do medio. Trátase de novo de harmonizar a protección do medio coa explotación dos recursos económicos. Iso supón que se ben [...] a imposición dunha carga adicional para a protección do medio non é en si contraria á Constitución [...] si o é a prohibición con carácter xeral das actividades extractivas das seccións C e D, que son as de maior importancia económica, nunha ampla serie de espazos, aínda que se exceptúe desa prohibición os casos en que a nivel estatal e segundo o plan enerxético ou calquera outro análogo sexa definida a prioridade daquela actividade con referencia a outros intereses públicos concorrentes (artigo 3.3 da Lei). Cuestión distinta é que poidan prohibir a actividade mineira en casos concretos, sempre que non exista un interese prioritario, pero o carácter xeral, coa excepción citada, que prevé o artigo 3.3 da Lei impugnada debe riscarse de inconstitucional por exceder a finalidade da Lei e por subtraer á riqueza nacional posibles recursos mineiros”. Para o Tribunal Constitucional, a conciliación entre a protección do medio e o desenvolvemento do sector económico mineiro “supón ponderar en cada caso a importancia para a economía nacional da explotación mineira de que se trata e do dano que poida producir ao medio ambiente”⁴⁰.

Á súa vez, a STC 170/1989, do 19 de outubro, reitera a doutrina sentada na STC 64/1982, se ben declarando, neste caso, a constitucionalidade da Lei impugnada ao considerar o Tribunal Constitucional que a prohibición está limitada a uns terreos moi concretos e destinada fundamentalmente a actividades extractivas enmarcables nas seccións A e B, «acti-

39 Moreu Carbonell, E., “Minas”, en *Fundamentos de Dereito Urbanístico* (Martín Rebollo e Bustillo Beado, Dir.), T. II, Aranzadi-Thomson Reuters, Cizur Menor, 2009, p. 1.621.

40 O artigo 6.4 da Lei do Parlamento catalán impugnada autorizaba a Administración da Generalitat a denegar a autorización cando a explotación fose de pouco valor económico ou de baixa rendibilidade a causa dos elevados custos de restauración. Ao respecto, o Tribunal Constitucional alude á falta de proporcionalidade da medida, declarando que “non resulta que a facultade de denegar sexa necesaria para alcanzar a finalidade confesada da Lei, xa que o sistema de fianzas que a mesma establece parece suficiente para asegurar a protección do medio ambiente, todo iso sen prexuízo do disposto nos artigos 61 e concordantes da Lei de Minas”.

vidades extractivas, e de cantería, areeiros, graveiros e semellantes». E conclúe afirmando que “aínda cando a Lei impugnada non faga referencia expresa, a diferenza da Lei catalá, á existencia dun interese público prioritario, o mesmo xa resulta implícito tamén na propia referencia contida na Lei estatal 4/1989, o art. 13.2 da cal prevé a prohibición do aproveitamento dos recursos naturais incompatibles coas finalidades que xustificaran a creación do Parque”. Por iso, o Tribunal Constitucional entende que “a existencia destas cautelas, o carácter territorialmente limitado da prohibición, e a súa escasa repercusión no interese xeral económico, permiten entender que o lexislador autonómico ponderou axeitadamente os valores constitucionais protexibles e que, por iso, o art. 14.2 c) da Lei autonómica non é contrario ao art. 128.1 C. E”.

Unha vez que se delimitou a razón á que obedece o art. 122 da Lei estatal de Minas e o seu equivalente na Lei galega, faise necesario agora realizar algunhas puntualizacións ao respecto. Así, en primeiro lugar, é preciso determinar cales son os instrumentos de ordenación aos que alude o precepto; e, en segundo lugar, é necesario fixar o alcance da expresión “prohibición de carácter xenérico”.

Pois ben, en opinión de Moreu Carbonell, a expresión “instrumentos de ordenación” do art. 122 da LM se debe interpretar en sentido moi amplo comprendendo calquera instrumento de plan de carácter territorial ou urbanístico, ambiental e mesmo os de tipo económico ou industrial⁴¹.

Polo que se refire ao alcance que se debe dar ao carácter xenérico da prohibición, para a autora citada, tal expresión supón que non se permiten prohibicións que afecten a todo o ámbito territorial do instrumento de planificación de que se trate, como tampouco serían admisibles prohibicións que afectasen a todos os tipos de actividades mineiras. “Combinando estes dous factores (territorialidade e clasificación) —sinala Moreu Carbonell— ningún instrumento de ordenación pode establecer prohibicións que afecten ás actividades extractivas en todo o seu ámbito territorial, aínda que si en determinadas clases de solo [...] e, complementariamente, tampouco son admisibles as prohibicións xenéricas de actividades extractivas, senón as que se refiran a determinadas clases de recursos mineiros”⁴².

En suma, como ben sinala Renau Faubell, o art. 122 —e o mesmo cabe dicir do art. 14.2 da Lei 3/2008— establece dúas regras que necesariamente han de ser cumpridas polos instrumentos de ordenación cando afecten ás actividades extractivas: a imposibilidade de establecer prohibicións xenéricas do uso mineiro e a necesidade de motivar calquera prohibición que non poderá ser de carácter xenérico, o que determina a necesidade de levar a cabo un xuízo de ponderación entre o interese mineiro e os demais intereses concorrentes. Así pois, en palabras de Moreu Carbonell o artigo 122 “esixe ponderar en cada caso os requirimentos ambientais, económicos e sociais concorrentes e a efectiva incompatibilidade do desenvolvemento da actividade extractiva cos devanditos valores, tendo moi en conta, ademais, o principio de localización inamovible dos recursos minerais”⁴³.

41 Moreu Carbonell, E., “Minas”, op. cit., pp. 1.621 e 1.622. No mesmo sentido Renau Faubell, F., “El nuevo artículo 122 de la Ley de Minas”, op. cit., pp. 1 e ss.

42 MOREU CARBONELL, E., “Minas”, op. et loc. cit.

43 MOREU CARBONELL, E., “Minas”, op. et loc. cit.

4 Conclusións

Sobre a base das consideracións expostas nas páxinas precedentes, pódense extraer as seguintes conclusións:

En primeiro lugar, a importancia social e económica que as actividades mineiras revisten no conxunto da economía nacional é unha realidade incontrovertida. Esta relevancia do sector da minaría veuse evidenciando na aprobación de diversas normas tendentes a lograr unha axeitada planificación e ordenación das actuacións en materia mineira. No marco normativo da Comunidade Autónoma de Galicia, o carácter estratéxico da actividade mineira ponse igualmente de manifesto na LOMG, que fixa como criterios orientadores do Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia, no que aquí puidese resultar de interese, *“o establecemento das bases do desenvolvemento dunha minaría sostible”* (art. 12, letra a, LOMG), *“a busca dunha maior vinculación da minaría coa mellora da economía das zonas en que se sitúen as explotacións e o fomento da creación de emprego”* (art. 12, letra h, LOMG), ou, en fin, *“a mellora da produtividade das empresas do sector mineiro e o apoio á implantación de industrias que permitan o peche de todos os ciclos de transformación dos materiais mineiros extraídos en Galicia”* (art. 12, letra j, LOMG).

En segundo lugar, pódese afirmar que o legislador galego decidiu establecer a ordenación da minaría en Galicia a través dun específico instrumento de ordenación, cal é a figura dun plan sectorial de incidencia supramunicipal. Mediante este instrumento e, atendendo fundamentalmente á eficacia xurídica dos plans sectoriais de incidencia supramunicipal, en canto que as súas determinacións prevalecen de forma inmediata sobre o plan, quérese dotar de seguridade a un sector que, pola súa transcendencia económica, se anoa directamente o disposto no art. 128.1 da CE.

Mais tamén, e dende a perspectiva da consideración da actividade mineira como actividade económica estratéxica, pola canle das delimitacións recollidas no Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia trátase de perfilar e concretar como principio xeral o de aproveitamento racional dos recursos mineiros, segundo se deriva do disposto na LOMG e nas Directrices de Ordenación do Territorio. A tal fin parece responder tanto a necesidade de identificar as zonas con potencial mineiro (art. 12, letra b, LOMG) como a necesidade de ter en conta, para a elaboración dos instrumentos de planificación, as solicitudes e os dereitos mineiros outorgados ou concedidos no territorio da Comunidade Autónoma (art. 14.1 LOMG). Así mesmo, se a iso se anoa que as *Directrices* de 2011, recollendo, polo demais, as previsións do art. 122 da LM e 14.2 da LOMG, declaran que os instrumentos de ordenación e plan urbanístico deberán motivar calquera disposición restritiva de actividades extractivas, a existencia de tal principio xeral resulta incuestionable.

O urbanismo da pequena escala. A dimensión oculta da cidade

AURELIA BLANCO GONZÁLEZ

Dra. en Dereito

JOSÉ ANTONIO FRANCO TABOADA

Dr. Arquitecto

Regap

MONOGRÁFICO
Ordenación do territorio e urbanismo

Resumo: *Este artigo ten como obxectivo analizar a planificación urbana de pequena escala na cidade, como son os SLOAP, acrónimo en inglés para “Space Left Over After Planning”, espazo excedente pos planeamento, ou aquelas actuacións que teñan como obxectivo introducir espazos peonís e de lecer no tecido urbano densamente masificado, ocupado por vías do momento do desenvolvementismo ou obsoletos, sen destruí-los, mais tentando integralas no paisaxe urbano. Pártese do concepto e definición de “urbanismo” e a súa evolución para chegar ao particular, o urbanismo en España e, sobre todo, en Galicia. Discútese varios exemplos de creación de rúas peonís e espazos e as súas repercusións legais. Conclúese suscitando as posibilidades que o actual ordenamento xurídico ofrece para permitir o tipo de actuacións de “pequeno urbanismo”, analizadas.*

Palabras clave: *planificación urbana, planeamento, rúas e prazas peonís, dereito administrativo.*

Abstract: *This article aims to analyze the urbanism of small scale in the city, as the SLOAP, an acronym of “Space Left Over After Planning”, or actions which aim to introduce recreational or pedestrian spaces in urban fabric densely overcrowded, occupied by roads of the era of developmentalism or obsolete, without destroying them but trying to integrate them into the urban landscape. Starting from the concept and definition of the term “urbanism” and its evolution, it arrives to the particular: urban planning in Spain and more specifically, in Galicia. Examples of creation of streets and pedestrian spaces and their legal impact are analyzed. The text concludes considering the possibilities offered by the existing legal system to enable the type of actions of “small urban planning” analyzed.*

Key words: *Urban design, urban planning, pedestrian streets and spaces, administrative law.*

I Concepto de urbanismo

Ao intentar introducirmos no tema que propoñemos no artigo cremos necesario facer, aínda que sexa superficialmente, algunhas referencias ao urbanismo contemporáneo español e a súa evolución dende o seu nacemento ata o momento actual. E é que como sinala Antonio Alonso Timón¹ "A historia ten sempre interese á hora de analizar as diferentes institucións xurídicas. Móstranos a súa evolución e supón un eficaz exercicio para a comprensión do presente".

Non obstante non nos remontaremos aos antecedentes mediatos (os que algúns autores sitúan na Idade Media o que obviamente pode ser máis ou menos discutible), senón aos inmediatos máis próximos. Chegados a este punto, quizais, sexa oportuno partir dun concepto previo do que debemos entender por urbanismo.

Sempre resulta útil acudir en primeiro lugar aos dicionarios ao uso para rastrexar a definición de calquera termo e polo tanto tamén do Urbanismo. O termo urbanismo aparece por primeira vez no dicionario da Real Academia Española en 1956 e defínese como "conxunto de coñecementos que se refiren ao estudo da creación, desenvolvemento, reforma e progreso dos poboados en orde ás necesidades da vida urbana".

Esta definición parece un intento de abranguer o maior número posible de elementos que poden incidir no concepto de urbanismo. Nesa pretensión como mínimo bótase en falta a referencia ás cidades sen que se poida interpretar que poboado sexa sinónimo de cidade.

Na actualidade o dicionario da Real Academia Española substituíu a antedita definición por outra mais acorde co que a maioría dos estudosos do urbanismo propugnan e que é a seguinte: "urbanismo: conxunto de coñecementos relativos á planificación, desenvolvemento, reforma e ampliación dos edificios e espazos das cidades".

No de Julio Casares dísenos: urbanismo: "Conxunto dos coñecementos referentes ao desenvolvemento e progreso das poboacións". É evidente que a citada definición resulta excesivamente xeralista, pois non calquera coñecemento que sirva ao desenvolvemento e progreso das poboacións deberá ser considerado urbanismo, véxase o relativo ás finanzas, comercio etc.

No Espasa atopamos a seguinte definición: "Conxunto de coñecementos que se refiren ao estudo da creación desenvolvemento, reforma e progreso das cidades e poboacións en orde ás necesidades materiais da vida humana". Por último o Dicionario Enciclopédico de Salvat dinos: "Urbanismo: Ciencia que estuda os distintos aspectos do desenvolvemento e planificación das cidades".

A primeira conclusión que podemos extraer das definicións antecitadas é que as catro se refiren ao que en esencia é considerado como ciencia, neste caso concreto á do urbanismo, aínda que só a última se refire a esta expresamente, polo que podemos en principio afirmar que o urbanismo é unha CIENCIA.

A segunda conclusión é que en todas elas atopamos termos semellantes, cando non idénticos, ao se referir ao emprego que se lle deba dar aos coñecementos científicos aos que se refiren, isto é ao desenvolvemento, reforma, ampliación etc., das cidades e poboacións.

1 ALONSO TIMÓN, A., *Evolución del Urbanismo en España, e Manual de Derecho de la Construcción*, Cordinadora San Cristóbal Reales, Susana, La Ley, 2008, páx. 701, Madrid.



II Definición dos autores

En España, por exemplo Alonso Timón², en, ao noso xuízo, un intento de conceptualización do urbanismo, sinala: “O urbanismo fai referencia á actividade de ordenación da utilización do solo e, polo tanto, tamén da xestión, execución e control de todos os procesos de transformación, aproveitamento e uso do devandito recurso”.

Tamén José Luque Valdivia³ ao comentar os traballos de Manuel Castel sobre a socioloxía urbana, móstranos como este chega a un concepto de urbanización que é o que estuda “[...] a produción das formas espaciais a partir da estrutura social de base”.

Pola súa parte Tomás Ramón - Fernández⁴ pregúntase: Que é entón o urbanismo na actualidade? “[...] sinxelamente, unha perspectiva global e integradora de todo o que se refire á relación do home co medio no que se desenvolve e que fai da terra, do solo, o seu eixe operativo”.

En Italia Giovanni Astengo⁵ sinala: “A urbanística é a ciencia que estuda os fenómenos urbanos en todos os seus aspectos, tendo como fin a planificación do seu desenvolvemento histórico, sexa a través da interpretación, reordenación, saneamento, adaptación funcional de agregados urbanos xa existentes e o seu crecemento, sexa a través da proxectación eventual de novos agregados. Ou sexa, finalmente, a través da reforma e a organización ex - novo dos sistemas de relación dos agregados, entre eles e co ambiente natural. Neste sentido o significado do termo urbanística é profundamente diverso doutros, de análoga raíz, cos que se confunde ás veces: *Urbanísimo*, que indica a concentración e condensación dos factores demográficos, sociais, culturais e económicos que constitúen a cidade; *urbanizzazione*, que fai referencia ao proceso de formación e diseminación da cidade nunha área determinada, e finalmente, *inurbanamento*, que indica o proceso de afluencia de poboación dende o máis rural aos núcleos urbanos”.

Como vemos son definicións realmente parecidas que intentan abranguer os diversos aspectos referentes ao urbanismo, sendo unhas máis descritivas ca outras, porque iso é conforme co significado do termo que é demasiado diverso como para facer unha definición de corte sintético ou se se quere heteroxénea.

III Evolución do urbanismo. A lexislación española

Neste punto é preciso partir do xeral, o urbanismo no mundo, para finalmente chegar ao particular cal é o urbanismo en España.

Así poderíamos centrarnos nos CIAM (Congresos Internacionais de Arquitectura Moderna) fundados en 1928, porque son instrumentos que serven ao intento de iniciar un novo marco para entender a arquitectura e o urbanismo

2 ALONSO TIMÓN, Ob. Cit. Cap. 14, páx. 274 e ss.

3 LUQUE VALDIVIA, J., *Constructores de la ciudad contemporánea*. Departamento de Urbanismo de la Escuela Técnica Superior de Arquitectura. Universidad de Navarra, 2004, páx. 248.

4 FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, T., *Manual de Derecho Urbanístico*, La Ley/ El consultor, 22ª Ed.-2011, páx. 16

5 ASTENGO, G., 1966, Voz “urbanística”, en la *Enciclopedia Universale del Arte*, Vol. XIVcc. 541-642, Instituto per la Collaborazione Culturale. Venecia Roma, comentado por LUQUE VALDIVIA, Ob. Cit., páx. 102.



Neste I congreso trátase de achar un novo enfoque sobre a arquitectura e o urbanismo. Nos seguintes congresos a intención era pasar da pura teoría a posicións máis pragmáticas, pero o problema é que os arquitectos máis eminentes dos participantes movíanse no campo teórico. Así Le Corbusier nunha das súas publicacións máis coñecidas URBANISME, expón o seu concepto do urbanismo evidentemente dende o punto de vista teórico.

Este mesmo autor encárgase de redactar a Carta de Atenas que consta de 95 puntos repartidos en tres seccións sendo a terceira a relativa á finalidade do urbanismo e ao seu marco legal. Esta carta é consecuencia dos primeiros CIAM e, máis concretamente o IV que tivo lugar en 1933 e cuxas conclusións non foron consideradas definitivas e por iso se deixou para outro congreso a elaboración como tal das devanditas conclusións, o que non se producira aínda en 1943, que é cando intervéñ Le Corbusier na redacción da influínte Carta de Atenas na evolución do Urbanismo moderno.

En España, os autores que se ocuparon da cuestión que agora tratamos, a evolución do urbanismo moderno, son case unánimes ao centrar a mesma partindo do século XIX e citando como causas a explosión demográfica, a revolución industrial e a afluencia masiva de poboación que se traslada do agro ás cidades buscando mellores perspectivas.

Os problemas que as devanditas causas ocasionan e que os políticos deberán intentar resolver levarán aos arquitectos a propoñer en esencia dúas posibilidades a saber: unha estender as cidades fóra dos seus límites é dicir o ensanche e outra a creación de novas cidades, sen esquecer por suposto a necesidade de reformas internas das cidades existentes que aparecerían como imprescindibles, as máis importantes relativas á salubridade e hixiene etc., máis ou menos o que xa vimos que acontecía no resto do mundo.

Prodúcense varios intentos do legislador por regular as actuacións urbanísticas ás que nos referimos mediante textos legais específicos como por exemplo *El Proyecto de Ley General para la Reforma, Saneamiento, Ensanche y otras mejoras de las poblaciones* de Posada Herrera de 1861, que non foi aprobado aínda sendo gabado pola maioría dos autores tanto da época como actuais. Finalmente apróbase e promulga a primeira *Ley de Ensanche de las poblaciones* do 29 de xuño de 1864, recibindo bastantes críticas dos autores, basicamente por se tratar dunha lei de corte excesivamente liberal e que fundamentalmente acolle e protexe os intereses dos propietarios do solo.

A esta lei séguenlle a *Ley de Ensanche de 1892* e a de *Reforma Interior* de 1895 sen que haxa que sinalar outras normas importantes na materia ata que se chega á importantísima *Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana* do 12 de maio de 1956, que foi moi ben acollida pola doutrina maioritaria, podendo citar entre todos a García de Enterría⁶ "A LS é unha obra notablemente orixinal, de calidade técnica pouco común [...] é o suceso máis importante en toda a historia do Dereito urbanístico español".

Os autores adoitan resaltar a grande importancia práctica desta lei, non obstante algún como Alonso Timón⁷ "A enorme transcendencia práctica que a Lei do Solo de 1956 ten se pon de relevo en todo o seu esplendor" parece estar moi convencido do carácter práctico da citada lei nunha parte do seu comentario pero a continuación sinala:

6 GARCÍA DE ENTERRÍA, E., *Lecciones de Derecho Urbanístico*, Ed. Civitas, Madrid, 1979.

7 ALONSO TIMÓN, Ob. Cit., páxs. 708 e ss.

“Un feito curioso que puxo perspicazmente de manifesto a doutrina é a dificultade na aplicación práctica da LS de 1956 debido a dous factores concretos: a súa complexidade técnica, o que facía difícil a comprensión polos chamados a aplicala e a necesidade de que fose completada por regulamentos de desenvolvemento”.

Parece pois evidente que o lexislador intentou imprimir un carácter práctico ao texto da Lei, pero non conseguiu o devandito propósito.

Tamén é importante resaltar na citada lei outras cuestións, tal como fai a doutrina, entre outros Tomás-Ramón Fernández⁸ di que “[...] a lei reclamou por primeira vez no noso dereito para os poderes públicos a enteira responsabilidade no que concirne á ordenación urbanística de todo o territorio nacional e iso tanto no que respecta á planificación como no que se refire á determinación do réxime xurídico do solo, a execución das urbanizacións e o fomento e intervención das facultades dominicais relativas ao uso do solo e a súa edificación”. A partir dese momento o urbanismo é unha función pública e non unicamente unha consecuencia da facultade do dominio que corresponde a todo propietario.

Outra cuestión que suscitou o interese dos comentaristas da LS de 1956, é a consideración que se lle deberá dar a partir desta á propiedade. Sen intentar facer unha análise profunda da cuestión, cremos que o Código Civil, que xorde nun período de tempo no que triunfaba o máis puro liberalismo económico, adopta un modelo de propiedade acorde co modelo liberal como non podía ser doutro modo, pois como sinalan Diez-Picazo e Gullón⁹ “A propiedade e a súa regulación xurídica en boa medida non é máis que unha superestrutura das ideas sociais, políticas e económicas que nun período determinado sacoden ás nacións”.

Por iso non podemos negar que o Código Civil de 1889, (no artigo 348 sinala: A propiedade é o dereito de gozar e dispoñer dunha cousa sen máis limitacións que as establecidas nas leis) configura a propiedade como un dereito real que outorga ao seu titular as facultades de gozar e dispoñer sobre unha cousa, sen que sexa absoluto como o era en Roma, pero dende logo o máis pleno dos posibles, aínda que ao noso entender o verdadeiramente importante para a época é a limitación do exercicio da propiedade que se reserva ás leis, é dicir, cremos que o lexislador en defensa do interese xeral podería intervir nas facultades recoñecidas ao propietario para limitalas.

Nos anos inmediatamente anteriores á Constitución de 1978, prodúcese a modificación da Lei do Solo de 1956 mediante a *Ley de Reforma* de 1975 e o *Texto refundido* de 1976, que basicamente tratan de resolver os problemas prácticos que producira a primeira intentando darlle máis facultades á Administración en materia de urbanismo.

Chégase así á Constitución vixente na que na Sección 2ª Capítulo Segundo, Título Primeiro e baixo a rúbrica *Dos dereitos e deberes dos cidadáns*, que non dos dereitos fundamentais, atópase o importante artigo 33 onde se recoñece o dereito á propiedade privada e á herdanza para a continuación engadir que a función social destes dereitos delimitará o seu contido de acordo coas leis. Polo tanto a partir deste momento a propiedade deberá cumprir unha función social que só o lexislador poderá determinar. Todo iso complementábase co artigo 53 que é o das garantías das liberdades e dereitos fundamentais e que sinala que só por lei se poderá regular o exercicio de tales dereitos e liberdades, cremos que será unha

8 FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, Ob. Cit., páx. 21.

9 DIEZ PICAZO, L. y GULLÓN, A., *Sistema de Derecho Civil*, Vol. III, Derecho de Cosas, Ed. Tecnos 1981, páx. 175.



reserva de lei ordinaria e non orgánica pois esta queda para os dereitos fundamentais aos que nos referimos antes.

Pero se a nova consideración da propiedade que a Constitución efectúa é esencial en materia de urbanismo, non a é menos a repartición de competencias entre as diversas administracións que dende ese momento ocasionaron numerosas friccións entre todas elas. En efecto, a Constitución vixente no seu Título VIII regula a organización territorial do Estado e, no seu primeiro artigo, o 137, establece que o Estado se organiza territorialmente en municipios, en provincias e nas Comunidades Autónomas que se constitúan. Todas estas entidades gozan de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses.

Así, o artigo 149 di: “O Estado ten competencia exclusiva sobre as seguintes materias [...]”: a continuación seguen 32 regras en ningunha das cales se refire á ordenación do territorio, urbanismo e vivenda, pero na última daquelas no apartado 3 sinala que as materias non atribuídas expresamente ao Estado por esta Constitución poderán corresponder ás Comunidades Autónomas en virtude dos seus respectivos Estatutos.

Consecuentemente co disposto no citado artigo 149, o artigo 148 ao referirse ás competencias das CCAA utiliza o termo facultativo cando di que “[...] estas poderán asumir competencias nas seguintes materias: (non usa a expresión competencias exclusivas do 149, iso porque de non asumir nos seus Estatutos de Autonomía aquelas competencias que o Estado non ten atribuídas constitucionalmente, poderán tamén ser asumidas por este) [...] 3ª Ordenación do territorio, urbanismo e vivenda”.

Polo tanto e posto que non está, como xa sinalamos, entre as competencias exclusivas do Estado o relativo ao urbanismo e si entre as correspondentes ás CCAA, sempre que as incorporasen aos seus respectivos Estatutos de Autonomía pasarán a ser da súa exclusiva competencia sendo o certo que todas elas así o fixeron.

Non obstante, despois do texto constitucional sucédense distintas reformas legais de ámbito estatal que teñen por obxecto o urbanismo, así en 1990-1992 e en 1996-1997, algún de cuxos textos foron impugnados polas CCAA e declarados inconstitucionais, pola famosísima sentenza do 20 de Marzo de 1997 en canto que segundo o Tribunal Constitucional a competencia en materia de urbanismo será competencia exclusiva das CCAA, polo que o Estado carecerá, *a contrario sensu*, de calquera competencia propia do urbanismo e da ordenación do territorio en aplicación da regra 3ª do artigo 148, nunha interpretación maximalista da mesma. A todo iso hai que engadir en materia competencial do urbanismo, o que o artigo 137 proclama respecto á autonomía dos municipios, provincias e CCAA para a xestión dos seus respectivos intereses.

Polo tanto o lexislador estatal só poderá ter competencia para regular cuestións digamos tanxenciais co urbanismo, pero básicas para este, como é o dereito de propiedade en toda a súa extensión (incluída a expropiación forzosa, valoración do solo etc.). As devanditas competencias asúmeas a través de leis do solo ou leis específicas como a Lei de Expropiación forzosa, etc.

Así a *Ley 8/2007, de 28 de mayo, de Suelo*, que xa na súa Exposición de motivos sinala: “[...] a Historia do Dereito Urbanístico español contemporáneo forxouse na segunda metade do século XIX, nun contexto socio-económico de industrialización e urbanización, en torno a dous grandes tipos de operacións urbanísticas: o ensanche e a reforma interior, a

creación de nova cidade e o saneamento e a reforma da existente. A devandita historia cristalizou a mediados do século XX coa primeira lei completa na materia, da que segue sendo tributaria a nosa tradición posterior. En efecto, as grandes institucións urbanísticas actuais conservan unha forte inercia respecto das concibidas entón: a clasificación do solo como técnica por excelencia da que se valen tanto a ordenación como a execución urbanísticas, onde a clase de urbanizable é a verdadeira protagonista e a do solo rústico ou non urbanizable non merece apenas atención por xogar un papel exclusivamente negativo ou residual; a instrumentalización da ordenación mediante un sistema ríxido de desagregación sucesiva de plans; a execución dos devanditos plans practicamente identificada coa urbanización sistemática, que pode ser acometida mediante formas de xestión pública ou privada, a través dun conxunto de sistemas de actuación”.

A Exposición de motivos antecitada refírese obviamente ao Dereito Urbanístico, un dos aspectos do urbanismo, xusto aquel que regula a todos os demais. Pero a continuación refírese aos dous grandes tipos de operacións urbanísticas: a creación de nova cidade (ensanche) e a reforma das xa existentes.

IV O urbanismo no momento actual. A pequena escala

Podemos concluír que o sistema urbanístico español dende os seus inicios tratou de deixar en mans dos propietarios do solo o dereito - deber de producir solo urbanizado, reservándose a Administración dun lado a vixilancia desa actividade que se deberá adecuar ás preceptivas licenzas administrativas que serán imprescindibles para iniciar calquera actuación urbanística, e de outro o que xa a Lei do Solo do 75 e o Texto Refundido do 76 estableceran respecto do procedemento para urbanizar a súa propiedade que se coñece como sistema de Compensación mediante o cal tal como sinala Gerardo Roger Fernández¹⁰ “Na grande maioría das actuacións urbanizadoras (as de iniciativa privada) a Administración española non participa nin nos custos derivados da xestión nin nos derivados da urbanización, operacións que se atribúen e se realizan de xeito exclusivo polos propietarios do solo”.

Ademais a Administración recibirá en beneficio do interese xeral as infraestruturas axeitadas que se establecesen ao respecto na licenza outorgada como finalización do sistema de compensación ao que nos referimos.

Agora ben, Que acontece cando os propietarios non cumpren co ordenado ou autorizado na correspondente licenza? así por exemplo os prazos para levar a cabo a urbanización, pois como sinala Gerardo Roger Fernández¹¹ “Neses casos, a preceptiva reacción pública que comporta a lexislación tradicional española era a substitución do sistema de execución privada por un de execución pública, fundamentalmente pola expropiación da totalidade dos terreos”.

E, chegamos aquí ao momento máis espiñento da cuestión, cal é o feito incontestable da falta de recursos económicos que dende sempre veu arrastrando a Administración para poder acometer as posibles expropiacións e deste modo xerar terreos para urbanizar.

E se isto foi así dende os albores do urbanismo en España que podemos dicir do que aconteceu dende que se iniciou a chamada “burbulla”, que podemos situar en 1998.

10 ROGER FERNÁNDEZ, G., *Para comprender el urbanismo español (de una vez por todas)*, Lustel 2011, páx. 55.

11 ROGER FERNÁNDEZ, Ob. Cit., páx. 56.



De xeito simplista podemos dicir que se trata de que ante a imposibilidade de que as distintas administracións foron incapaces de xerar solo urbano por non poder acometer as expropiacións como sinalamos, os soares seguían en mans dos seus propietarios que alegando que tampouco podían afrontar a urbanización, podían esperar a un momento especulativamente máis propicio para sacar o mellor partido ao solo que acabou producindo vivendas, locais etc. cada día máis caros ata chegar ao momento actual cuxa conxuntura todos coñecemos.

Consecuentemente agora que parece que as grandes actuacións nas cidades van retardarse ou mesmo paralizarse durante uns cantos anos pola crise económica, é posible que a atención municipal se volva ás pequenas actuacións urbanas, en xeral esquecidas a pesar de que os seus presupostos —ou quizais precisamente por iso— serían en xeral bastante modestos. Non estaría mal facer agora da necesidade virtude e resolver situacións urbanas inadecuadas ou pouco aproveitadas. Entre estas actuacións destacan as referidas á peonalización dalgunhas rúas, a regulación do tráfico con carrís para autobuses e taxis ou para bicicletas e as pequenas actuacións en pequenos espazos libres da cidade.

Os americanos denominan ás actuacións ás que nos referimos *SLOAP*, acrónimo de *Space Left Over After Planning*, é dicir, “Espazos excedentes post plan», segundo a definición de James Stevens Curl¹². Un exemplo que pode ilustrar axeitadamente o concepto é o Wlishire Plaza, en Los **Ángeles**, California¹³. Este “parque de peto” (*pocket park*), como o bautizaron os seus promotores, mide unicamente 12 metros de anchura por 18 de profundidade e se construíu sobre a cuberta do aparcamento subterráneo dun edificio a nivel de rúa, pechado lateralmente por unha fachada lisa que parece unha medianeira.

En esencia formulouse un pequeno lugar de descanso a xeito dun oasis de tranquilidade no medio do fragor da rúa, con bancos calefactados, un surtidor e plantas. Integrouse coa beirarrúa existente continuando a súa pavimentación a base de ladrillo visto, que se utilizou tamén nos bancos, na fonte e nas xardineiras. As colocadas contra a medianeira plantáronse con *Ficus* para minimizar o seu impacto visual e ofrecer outra escala visual aos usuarios do pequeno parque¹⁴. Foi un exemplo de colaboración do concello cos particulares para aproveitar un espazo sen un uso definido.

Se a idea era proporcionar un pequeno lugar de descanso ou para xantar, as actuais restricións aos fumadores fomentarían aínda máis a súa utilización. Precisamente estas restricións están a potenciar, nun clima certamente inhóspito nalgunhas épocas do ano, como o galego, a creación de pequenas terrazas, calefactadas ou non, moitas veces cubertas, que antes apenas existían.

En todos as vilas e cidades existen pequenos espazos como o arriba descrito, que son percibidos como mostras de abandono urbanístico e, cunha mentalidade que a crise puxo en cuestión, como espazos desaproveitados e sobre os que se debería construír. Moitas veces estes espazos intersticiais no medio do tecido da cidade son efectivamente soares procedentes da demolición de edificios antigos ou en ruína derrubados para construír outros novos. Agora que parece que moitos deles tardarán en ser edificadas, podería formularse a súa recuperación municipal para construír eses pequenos parques de petos ou zonas de xogo infantís que tanto precisan as cidades.

12 STEVENS, J., *A Dictionary of Architecture and Landscape Architecture*. 2000.

13 Obra do estudio de arquitectura Fong, Preston, Jung Associates.

14 Ver unha descrición detallada en LYALL, S., *Landscape. Diseño del espacio público. Parques. Plazas. Jardines*, GG, 1991, páx. 28.

Poderase argüir que xa existen grandes parques e xardíns, con zonas de xogo infantís, en todas as vilas e cidades. Pero non estarán á volta da esquina, ao lado ou moi preto de casa. Ildefonso Cerdá xa dicía en 1867, na súa *Teoría General de la Urbanización*, que hai que *ruralizar* aquilo que é urbano e *urbanizar* aquilo que é rural. O seu deostado Plan para Barcelona, imposto por decreto do Goberno central, foi dende o principio atacado, denigrado e calumniado polas forzas vivas da cidade¹⁵, á cal dotou dun visionario, aínda que ancorado firmemente na realidade, instrumento que potenciou o seu desenvolvemento ata a converter nunha gran cidade¹⁶.

No seu proxecto, como é sabido, Cerdá creaba *de partida* estes parques de peto, que ocupaban unha parte importante do rueiro. A especulación, apoiada moitas veces en infames xustificacións, converteu estes pequenos parques interiores, na maioría dos casos, en novos soares para edificar, aumentando ademais as alturas coidadosamente calculadas para un axeitado soleamento, de modo que se a superficie edificable orixinal de cada rueiro tipo era duns 67.000 m² se acabou edificando uns 300.000 m², é dicir, case un 500% máis de construción.

Con todo iso eliminouse non só a *ruralización* da cidade que ideara Cerdá senón que tamén se eliminaron os grandes corredores verdes, suma dos pequenos espazos verdes dos rueiros con edificación en dous bloque paralelos, que tiveran atravesado a cidade, así como as prazas de barrio formadas polo conxunto de cada catro rueiros, nos casos da edificación proxectada en L.

tivo ocasión de manifestar en diversas ocasións, o campo de aplicación da súa disposición transitoria 10ª, referida á incidencia do cambio normativo nos procedementos sancionadores ou de reposición da legalidade, é unicamente o dos aspectos substantivos ou de fondo, quedando excluídos os meramente procedementais, é dicir, que coa entrada en vigor desta Lei, é aplicable o seu prazo prescricional ás obras ou actividades executadas ou iniciadas con anterioridade que non visen consumada a súa prescrición cuatrienal conforme ao artigo 176 da Lei 1/1997. Non existe ningún dereito xa adquirido a prescribir nun determinado tempo futuro, polo que a ampliación do prazo de prescrición respecto daquelas situacións que aínda non a houberen gañado non infrinxe nin descoñece dereitos subxectivos susceptibles de protección, nin existe aplicación retroactiva de norma menos favorable: como moito, poderíase falar dunha retroactividade de grao mínimo --aplicación da nova norma ás situacións futuras orixinadas por feitos pretéritos-- que goza do recoñecemento xurisprudencial; desta forma, posto que en 1 de xaneiro de 2003 non se consumara a prescrición con cómputo iniciado no mes de setembro de 2000, a pretensión debe decaer”.

Ou a STSX Galicia, número 491/2006, ditada no procedemento ordinario 5533/2003: “Tampouco merece ser acollida a alegación sobre prescrición sendo de aplicación o prazo de 4 anos previsto na Lei 1/1997, do 24 de marzo, do solo de Galicia, debéndose recordar que segundo o establecido na disposición transitoria cuarta da devandita lei, a mesma será aplicable ao procedemento que estivese en tramitación á entrada en vigor da devandita Lei, pero é que nin resulta acreditada a total terminación das obras antes da entrada en vigor da Lei 9/2002 e mesmo aínda que se lograse tal acreditación en todo caso sería evidente que na data de tal entrada en vigor non se tería gañado a prescrición conforme á normativa anterior”.

2.3.1.6. Prescrición: Establece o artigo 132 da Lei 30/1992 que as infraccións e sancións **prescribirán** segundo o disposto nas leis que as establezan, establecendo uns prazos supletorios en caso da correspondente normativa sectorial non determine prazo ningún. En materia de infraccións (non así en sancións como veremos) non teremos que acudir á aplicación supletoria por canto a LOUG sinala os seguintes prazos de prescrición das infraccións:

- Infraccións moi graves: quince anos.
- Infraccións graves: seis anos.
- Infraccións leves: dous anos.

O cómputo do prazo, o *dies ad quo*, determínase dende a total terminación das obras, tendo en conta que a carga da proba recae no administrado. (Corresponde a carga da proba da data de terminación das obras para os efectos da prescrición das infraccións urbanísticas ao administrado que voluntariamente se colocou en situación de clandestinidade: STS do 14 de maio de 1990).

En relación a que entender por total terminación das obras remitirémonos ao establecido no epígrafe correspondente do procedemento de reposición non reproducindo aquí o alí sinalado.

2.3.2 Sancións

2.3.2.1. Tipicidade: Xunto co principio de tipicidade das infraccións, a **Lei 30/1992**, no seu artigo 129 establece o deber de que as **sancións estean delimitadas pola lei**. A delimitación das sancións na LOUG contense no Art. 220. Este precepto contén unha delimitación en función da clasificación da infracción. Así:

- a) As infraccións leves, con multa de 300 a 6.000 euros e como mínimo o 2% do valor da obra, instalación ou actuación realizada.
- b) As infraccións graves, con multa de 6.001 a 60.000 euros e como mínimo o 20% do valor da obra, terreo, exceso de edificación ou actuación realizada.
- c) As infraccións moi graves, con multa de 60.001 a 1.000.000 de euros e como mínimo o 30% do valor das obras, terreo, edificacións ou actuacións realizadas. Nos supostos de escasa entidade da infracción, a administración poderá aplicar a sanción prevista na letra b) anterior.

A sanción establécese conforme a un dobre parámetro, por unha parte debe atoparse no abano comprendido entre as cantidades que fixa a lei e, en ningún caso, pode ser inferior á porcentaxe do valor das obras.

O TSX Galicia, na súa sentenza 274/2009, do 12 de marzo de 2009, ditada no procedemento ordinario 4256/2007, confirma unha contía por infracción moi grave, establecendo de forma tallante que *"as sancións impostas establécense conforme a un dobre parámetro, por unha parte debe atoparse no abano comprendido entre 60.001 e 1.000.000 de euros e, en ningún caso, pode ser inferior ao 30% do valor das obras"*. No mesmo sentido sentenza pronúnciase na súa Sentenza 265/2008, do 3 de abril de 2008, ditada no procedemento ordinario 4264/2005.

2.3.2.2. *Sancións accesorias*: A maiores destas sancións pecuniarias existe a posibilidade de establecer, para as infraccións moi graves, sempre e cando as accións que as motivaron non sexan legalizables, as sancións accesorias que establece o Art. 221:

- a) Inhabilitación durante un prazo de ata cinco anos da posibilidade de obter subvencións públicas ou crédito oficial e do dereito a gozar de beneficios ou incentivos fiscais.
- b) Prohibición durante un prazo de ata cinco anos para asinar contratos coa Administración autonómica e coas administracións locais de Galicia.
- c) Publicación nun diario de maior circulación da provincia das sancións firmes en vía administrativa e da identidade dos sancionados.

2.3.2.3. Circunstancias modificativas: Considerarase como circunstancia **atenuante**, sempre e cando se realice de modo voluntario tras as oportunas inspeccións e coa debida e pertinente advertencia, a paralización das obras, o cesamento na actividade ou uso.

Considerarase circunstancia **agravante** o incumprimento dos requirimentos efectuados pola administración para a paralización das obras e a restauración da orde urbanística, a obstrución á función inspectora e aquelas outras que se determinen regulamentariamente.



Reglamentariamente (o RDUG) establécense outras circunstancias agravantes como o prevalerse para cometer a infracción da titularidade dun oficio ou cargo público, a utilización de violencia ou coacción sobre a autoridade ou funcionario público encargado do cumprimento da legalidade urbanística, o cometela alterando os supostos de feito que presuntamente lexitimen a actuación, ou mediante falsificación dos documentos en que se acreditase o fundamento legal da actuación, o realizala aproveitándose ou explotando en beneficio propio unha grave necesidade pública ou do particular ou particulares que resultasen prexudicados.

Cando concorra algunha circunstancia agravante, a sanción imporase *sempre* en contía superior á terceira parte do seu máximo.

Se concorre algunha circunstancia atenuante e ningunha agravante, se imporá na súa contía mínima.

Esta previsión normativa comporta que, por exemplo, non dar cumprimento a unha orde de demolición derivada do expediente de reposición para un uso prohibido (como sería un residencial non vinculado a explotación gandeira ou agropecuaria en solo rústico) suporía como mínimo unha sanción de 333.334 euros. Se ben, o mero feito de solicitar medida preventiva de suspensión da resolución que ordena a demolición e, en tanto en canto non sexa resolta ou, no seu caso estimada, impediría a aplicación desta agravante, por canto non se pode esixir o cumprimento de algo que está en suspenso ou aínda non hai pronunciamento (auto) xudicial da medida preventiva correspondente.

Por outro lado o responsable da infracción terá dereito a unha redución do 80% da multa que se haxa de impoñer en caso de que repoña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador. É dicir, se ben o elenco ou galla sancionadora é elevada, tamén é elevada a redución da sanción pola reposición da legalidade; trátase de garantir a finalidade última perseguida que non é a recadatoria senón a de restitución do terreo ao estado anterior á comisión da infracción.

A maiores a DA 5ª contempla unha redución na contía das sancións (extensible ás multas) dun 30% se son aboadas no prazo de quince días dende a notificación e o infractor fai constar expresamente a súa renuncia ao exercicio de toda acción de impugnación.

Unha peculiaridade do procedemento sancionador establecido na LOUG dáse nos supostos en que se instrúa expediente sancionador por dous ou máis infraccións tipificadas entre as que exista conexión de causa a efecto. Neste caso imporase unha soa sanción, e será a correspondente ás actuacións que supoñan o resultado final perseguido, na súa contía máxima (con independencia de se a sanción correspondente ao resultado é máis ou menos grave que a que serviu de causa). Por exemplo, a demolición parcial dun edificio histórico artístico para ampliar unha planta adicional sancionárase coa multa correspondente ás obras de aumento de edificabilidade, cando pode ser máis grave o medio utilizado (a demolición parcial ou alteración) en función do ben xurídico protexido. Todo iso sen prexuízo das sancións que poidan impoñer dende outras administracións en función das competencias que teñan encomendadas.

Nos demais casos, aos responsables de dous ou máis infraccións urbanísticas imporánselles as multas correspondentes a cada unha delas.

Cabería preguntarnos as consecuencias dunha posible inexecución dunha orde de demolición por unha legalización posterior como consecuencia de cambio de plan. En que medida afectaría ao procedemento sancionador? Se ben esta nova situación pode ter efectos en relación á obrigada reposición dos terreos ao seu estado anterior e a demolición do construído, no caso de chegar a obter a licenza urbanística conforme a un proxecto que se haberá de acomodar á realidade do edificado, carece dela aos efectos de excluír a responsabilidade por unha infracción xa cometida e consumada (Sentenza do TSX Galicia 274/2009, do 12 de marzo de 2009, ditada no procedemento ordinario 4256/2007: *“A claridade da Lei 9/2002, exclúe toda posibilidade de dúbida interpretativa, de maneira que a actuación da agora recorrente foi realizada con evidente coñecemento da súa ilegalidade, sen que esta última se poida ver desculpada por acontecementos posteriores que determinan unha alteración da clasificación do solo a todos os efectos, xa que o relevante dende a perspectiva sancionadora é que a actuación urbanística foi realizada con violación da prohibición legal expresa que entón lle era de aplicación, non producíndose no caso un suposto de retroactividade de norma sancionadora máis favorable, xa que a devandita norma sancionadoras segue sendo a mesma, senón a posterior aprobación de instrumento de plan que despregará os seus efectos cara ao futuro a partir da súa formal aparición”*). (Nestes mesmos termos pronunciouse o TSX Galicia na súa sentenza 683/2008, do 9 de outubro de 2008, ditada no procedemento ordinario 4049/2006, e no mesmo sentido na sentenza 652/2008, do 25 de setembro de 2005, ditada no procedemento ordinario 4242/2006).

2.3.2.4 Prescrición: En canto á **prescrición**, e, a diferenza da concreta regulación establecida na LOUG para a prescrición de infraccións, non aparece regulación ningunha para as sancións; é por iso que nos debemos remitir ao establecido na Lei 30/1992, onde establece os prazos de prescrición supletorios de tres anos para as sancións impostas por faltas moi graves, de dous anos para as impostas por faltas graves e dun ano para as impostas por faltas leves.

2.3.2.5 Procedemento: En canto ao **procedemento** propiamente dito, non contén a lexislación urbanística galega un procedemento sancionador “ad hoc” senón que a Lei 9/2002 nos remite ao procedemento establecido na lexislación de procedemento administrativo, é dicir, ao sinalado na Lei 30/1992 e no RD 1398/1993 do 4 de agosto (Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora).

O que si se establece na LOUG é un prazo concreto para a resolución do procedemento: un ano a contar dende a data da súa iniciación, polo que non será de aplicación o prazo xeral de seis meses establecido na Lei 30/1992 e no RD 1398/1993, do 4 de agosto. (Sentenza do TSX de Galicia 919/2008 de 27.11.08 entre outras).

Este prazo, tal e como ten sentado doutrina e xurisdición, é un prazo de caducidade, polo cal é viable unha nova incoación dun procedemento caducado sempre e cando a infracción non prescribira (Art. 92 da Lei 30/1992).

Tal e como sinalamos anteriormente para a determinación do momento de comisión da infracción debemos de ter en conta que, o criterio que determina a lexislación aplicable en cada momento é a data de finalización das obras ou a data na que se realizou o último acto de edificación, así como o establecido na disposición transitoria 10ª.



2.3.2.6. Órganos competentes: Para a imposición de sancións establece a lei unha clasificación competencial en función da contía da multa proposta polo instructor e en función da clase de solo, así textualmente establece:

- Por infraccións moi graves, a partir de 600.000 euros, o *Consello da Xunta*, e inferiores a esta contía o *conselleiro* competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio.
- Por infraccións graves cometidas en solo rústico sen a preceptiva autorización da Comunidade Autónoma, cando esta sexa esixible conforme á presente lei, ou incumprindo as súas condicións, o director xeral competente en materia de urbanismo.
- Nos demais supostos, por infraccións graves e leves, o alcalde.

Por outro lado establece a Lei a posibilidade de delegación da imposición de sancións á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU). Así as cousas, debemos de ter en conta o Decreto 213/2007, do 31 de outubro, polo cal se aproban os Estatutos da Axencia, cuxo artigo 3 establece o ámbito funcional da Axencia, e en concreto o seu apartado f) recolle, entre outras, a competencia que o art. 222.1 da LOUG asigna á Comunidade Autónoma para a imposición de infraccións urbanísticas graves ou moi graves de ata 600.000 euros.

Sentado o anterior a delimitación competencial queda establecida actualmente da seguinte forma:

- a) Consello da Xunta: Infraccións moi graves a partir de 600.000 euros.
- b) APLU: infraccións moi graves ata 600.000 euros e infraccións graves cometidas en solo rústico sen a preceptiva autorización da Comunidade Autónoma, cando esta sexa esixible conforme á presente lei, ou incumprindo as súas condicións.
- c) O Alcalde: nos demais supostos de infraccións graves e en todo caso nas leves.

A resolución dos expedientes sancionadores tramitados pola Axencia, cando o instructor do procedemento propoña a imposición dunha sanción entre 300.000 a 600.000 euros é competencia do Consello Executivo (órgano colexiado da APLU conformado por representantes das Administracións Local e Autonómica). Nos demais casos a competencia é da dirección da Axencia.

3 Reflexións conclusivas

Segundo o exposto anteriormente podemos definir a disciplina urbanística como o conxunto de normas xurídicas que regulan as potestades (potestade-obriga) e medios que goza a administración competente para velar pola protección da legalidade urbanística, de modo tal que se dea cumprimento ao establecido, non só en normativa, senón tamén en plan aplicable.

A finalidade última é a restauración da orde física vulnerada coa reposición ao estado anterior á actuación ilegal, e, indirectamente, evitar posteriores situacións ilícitas mediante medios punitivos como a imposición da correspondente sanción.

Para a consecución do devandito obxectivo resulta imprescindible a concienciación cidadá, o que inclúe, como é obvio, á concienciación política, de modo que, o popularmente coñecido como “*ti vai facendo*” no se chegue a manifestar nin o cidadán realice actuacións sen título xurídico que o habilite. Como vén sinalando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xusticia de Galicia, entre outras, sentenza nº 624/2005, do 14 de xullo de 2005, “*as futuras e hipotéticas novas previsións de ordenación urbanística poderán terse en conta na data na que cheguen a entrar en vigor, coas consecuencias que diso poida entón derivar, pero aínda con independencia de recordar a obviedade de que as obras se deben axustar ás previsións de ordenación urbanística e non estas últimas ás obras ilegais coas que se pretenda forzar a modificación daquelas, en todo caso é evidente que ten que ser aplicada a determinación de ordenación vixente e non outra que nin sequera existe...*”

Entre todos temos que rematar coa percepción de impunidade que ata hai poucos anos viña existindo no campo do urbanismo, promover un labor educativo en valores cívicos entre os que se encontra a non transgresión da lexislación urbanística e medio ambiental.

Dende a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística damos a coñecer que toda edificación sen licenza ou sen autorización autonómica leva consigo ás seguintes consecuencias:

1. Adopción efectiva das medidas necesarias para restaurar a orde urbanística infrinxida, procedendo á demolición das obras non legalizadas.
2. A imposición de sancións aos responsables das infraccións urbanísticas

Na súa actuación a Axencia segue un escrupuloso respecto dos dereitos dos cidadáns, tanto dos interesados nos procedementos tramitados, velando polos dereitos de defensa sen que en ningún caso se producise indefensión, como no dos cidadáns que exercen a acción pública, tramitando as denuncias segundo a orde de prioridades fixada obxectivamente por un Plan de inspección que se aproba anualmente.

4. Bibliografía

BULLEJOS CALVO, CARLOS e ORTEGA MARTÍN, EDUARDO, *Enciclopedia de la Administración Local*.

CHAMORRO GONZÁLEZ, J.M, “*Estudio jurisprudencial en torno a la disciplina urbanística*”.

DOMÍNGUEZ BLANCO, J.M, relatorio “*Procedimiento sancionador: infracciones y sanciones*” impartida en xornadas de disciplina urbanística desenvolvida pola EGAP no ano 2010.

PAREJO ALFONSO, L, “*La disciplina Urbanística*”, *Iustel*.

RIVERA FRADE, M^a DOLORES, *Disciplina Urbanística en la Comunidad Autónoma de Galicia*.

Se ben o presente traballo foi desenvolvido tomando como base a normativa aplicable e sentenzas do noso Tribunal Superior de Xusticia.

As políticas urbanas e territoriais

CARLOS NÁRDIZ ORTIZ

Dr. Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos
Decano do Colexio de Enxeñeiros de C. C. e P. de Galicia

Resumo: *O artigo intenta achegarse aos obxectivos amplos cos que se aborda hoxe a ordenación do territorio, que vai dende a escala europea, co marco das Directrices de Estratexia Territorial Europea (ETE), ata as políticas urbanas de investimento na cidades para a mellora na calidade urbana e social desta. En canto que a ordenación do territorio necesita precisar os seus obxectivos en ámbitos concretos, as estratexias a medio e longo prazo para o territorio deben concretarse tamén nos documentos de plan urbano e de ordenación do territorio que superen a escala municipal, especialmente nas áreas metropolitanas e rexións urbanas, as que se adaptan ás distintas políticas urbanas e territoriais, incluídos os plans sectoriais que fan referencia á promoción do chan ou ás planificacións de infraestruturas e equipamentos.*

Palabras clave: *Ordenación do Territorio, Urbanismo, Proxectos estratéxicos, Directrices de Ordenación do Territorio, Plan Urbano.*

Abstract: *The article tries to be approached to the wide goals with which the ordering of the territory, which goes from the European scale, with the frame of the Guidelines of European Territorial Strategy (ETE), is formulated today up to the urban policies of investment in the cities for the improvement in the urban and social quality of this. As soon as that the ordering of the territory needs to need his goals in specific areas, the strategies to means and long deadline for the territory must be specified also in the documents of urban plan and of ordering of the territory that surpass at scale municipal, especially in the metropolitan areas and urban regions, the that they are adapted to the different urban and territorial policies, the sectorial plans included that they do reference to the promotion of the ground or to the plannings of infrastructures and equipments.*

Key words: *Ordering of the Territory, Planning, strategic Projects, Guidelines of Ordering of the Territory, Urban Plan.*

Índice: *1. Introducción. 2. O ámbito europeo. 3. O ámbito urbano. 4. As directrices da estratexia territorial europea (ETE). 5. Os obxectivos dos documentos de ordenación do territorio. 6. Os obxectivos das políticas urbanas.*



1 Introducción

O marco instrumental da ordenación do territorio e o urbanismo, inclúe un abano amplo de instrumentos que van desde as políticas de investimentos públicos en infraestruturas, medio ambiente, solo, vivenda, equipamentos, que leva a cabo a Comunidade Europea, os Estados, as Comunidades Autónomas, os Concellos, ata a propia redacción dos documentos de planificación sectorial (estradas, ferrocarrís, portos, augas, infraestruturas sanitarias, residuos sólidos, montes, vivendas, etc) ou a redacción de documentos de planeamento urbano e territorial ou de proxecto, orientados cara a integración dos documentos de planificación sectorial, aínda que sen comprometer, como fan aqueles, os investimentos.

As políticas de investimento público, relaciónannos *cos obxectivos territoriais, económicos e sociais da ordenación do territorio*. Estes obxectivos, están tamén na planificación sectorial, pola aproximación que cada unha das formas de planificación, incluída a de infraestruturas, permiten realizar aos obxectivos e aos efectos territoriais derivados de determinadas alternativas de planificación. Finalmente, a crise na que se viron inmersos os documentos de planeamento urbano e ordenación do territorio (en contradición co seu reclamo por parte da administración), e a aposta por documentos de menor escala ligados ao proxecto urbano ou aos proxectos de edificación, ten que ver co fondo debate metodolóxico sobre o papel que pode xogar o planeamento e o proxecto como instrumentos ao servizo de determinadas políticas territoriais ou urbanas.

A ordenación do territorio, necesita precisar os seus obxectivos nun ámbito concreto. Os obxectivos políticos que abranguen territorios amplos, concréntanse en estratexias a longo prazo. Os obxectivos sectoriais, que apoian estas políticas, teñen un horizonte no medio prazo (como límite que non adoitan exceder unha década, na que se adoitan comprometer os investimentos para levalos a cabo). Os obxectivos relacionados coa política urbana reflectidos en documentos de planeamento ou de proxecto, poden ter un prazo mesmo menor.

2 O ámbito europeo

Os obxectivos da *Carta Europea de Ordenación do Territorio de 1983*, eran o desenvolvemento económico equilibrado das rexións, a mellora da calidade de vida, a xestión responsable dos recursos naturais, a protección do medio natural, e a utilización racional e equilibrada do territorio. Os obxectivos da *Estratexia Territorial Europea de 1999*, apoian o obxectivo último dun desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio da UE, en tres directrices fundamentais de desenvolvemento territorial: o desenvolvemento dun sistema urbano policéntrico máis equilibrado, o fomento de estratexias integradas de transporte e comunicación, e o desenvolvemento e protección da natureza e do patrimonio cultural mediante unha xestión intelixente, considerando que estas directrices poden ser incorporadas, desde as súas etapas iniciais, polas distintas políticas sectoriais con incidencia no territorio.

Trátase, por tanto, de estratexias territoriais a longo prazo, nas que o obxectivo do desenvolvemento equilibrado das rexións do *Tratado de Maastricht de 1992*, e os principios de desenvolvemento sostible da Conferencia de Río do mesmo ano, serviron para precisar mellor os obxectivos da Carta Europea de 1983. Estas precisións lévanse ata a identificación de distintas opcións políticas para o cumprimento das directrices da ETE de 1999. O obxectivo do desenvolvemento dun sistema urbano policéntrico máis equilibrado, co fin de que non siga concentrándose excesivamente a riqueza e a poboación no núcleo central da UE,

que ata entón se concentrara na mellora da conexión entre a periferia e o núcleo central por medio dos proxectos de infraestruturas de transporte, considérase que debe apoiarse tamén na creación de novas rexións metropolitanas de doado acceso internacional, ben conectadas coas rexións rurais e as cidades de distinto tamaño das súas áreas de influencia, promocionando estratexias integradas de desenvolvemento territorial para os grupos (cluster) de cidades e redes urbanas por medio dunha cooperación máis estreita da política estrutural e a política de redes transeuropeas.

As opcións políticas para conseguir cidades e rexións urbanas dinámicas, atractivas e competitivas, que contribúan á diminución da taxa de desemprego, precisan dos cinco aspectos que se consideran decisivos para o desenvolvemento sostible das cidades (o control da expansión urbana, a mestura de funcións e grupos sociais, a xestión dos recursos do ecosistema urbano, a mellora da accesibilidade, e a protección e o desenvolvemento do patrimonio natural e cultural), e doutras apostas estratéxicas relacionadas co desenvolvemento endógeno, o reforzo das cidades pequenas e medias no medio rural, a diversificación da utilización agrícola dos solos, a utilización do potencial das enerxías renovables, a explotación dun turismo respectuoso co medio ambiente, a promoción da cooperación entre cidade e campo co fin de reforzar as rexións funcionais. Trátase, por tanto, de obxectivos, en relación ao sistema urbano, que se trasladaron despois a escala europea á escala nacional e rexional.

3 O ámbito urbano

As políticas orientadas a influir no crecemento urbano das cidades, formando parte do que Labasse (1972) chamaba a "xeografía voluntaria" para corrixir os efectos da xeografía de "laissez-faire", apoiadas ata os anos 60 na industrialización, intentando difundir o crecemento urbano cara as rexións urbanas, como no caso das rexións de París e Londres, ou nos polos de desenvolvemento ou de crecemento franceses, italianos ou españois, entraron en crise nos 70, polas súas consecuencias urbanísticas, sociais e ambientais, pola transformación que se produciu nesas áreas das tendencias na urbanización e o crecemento urbano, co crecemento das periferias respecto á cidade central e a redución das correntes migratorias, nas que as cidades sen apenas crecemento da poboación foron ocupando cada vez maiores extensións das periferias metropolitanas, e onde as políticas urbanas tiveron que orientarse tamén cara a revitalización dos centros e as periferias das cidades industrializadas, para evitar a perda da poboación, e os problemas sociais de emprego e do deterioro urbano, que non estaban presentes nas políticas dos anos 40, 50 e 60 de crecemento urbano.

Unha síntese dos problemas urbanos xurdidos a partir dos anos 70 e 80 nas cidades, e das novas políticas (que hoxe forman parte dos obxectivos da práctica común do urbanismo e a ordenación do territorio en relación ás cidades), pode verse no *Vol. 1. Políticas e Financiamento* do informe elaborado pola OCDE (Organización e Desenvolvemento Económico) en 1983 (MOPU, 1984) sobre *As cidades en transformación*. As políticas orientadas a incidir sobre o crecemento urbano (favorecéndoo ou freándoo), a escala nacional, rexional ou local apóanse nun conxunto amplo de instrumentos ou accións territoriais que van desde aqueles orientados a actuar sobre o mercado do solo e a vivenda (dentro do marco tradicional do planeamento e a xestión urbanística), a aqueles dirixidos a influir á localización das actividades económicas, (con programas de subvención e incentivos cara o sector privado), ou a aqueles relacionados coa construción de infraestruturas viarias e sanitarias, transporte

público, equipamentos, zonas verdes, mellora do medio ambiente urbano, ao servizo do crecemento urbano, a todas as escalas.

Xunto a estes instrumentos, que formaron parte das políticas urbanas ou territoriais, hai outros que aparentemente non se relacionan con estas políticas, pero que poden ter unha forte incidencia no crecemento urbano.

É o caso da *política orzamentaria* que incide no nivel de renda, nos préstamos hipotecarios, na capacidade de consumo, nas desgravacións fiscais; da *política industrial*, que apoia o mantemento de determinadas industrias (estaleiros, químicas, siderúrxicas, enerxéticas, ou instalacións relacionadas coa defensa) das que dependen cidades ou núcleos de poboación; das *políticas de impostos*, por parte de distintas administracións estatais, rexionais, locais, que inflúen nas decisións de localización residencial, comercial, industrial; da *política agrícola*, que inflúe no mantemento da poboación do rural, ou na concentración arredor de determinadas vilas que actúan de cabeceira de comarca; das *políticas de transporte*, coa construción de infraestruturas en relación ás redes de infraestruturas de transporte; e das *políticas de inmigración*, que inflúen na demanda de traballo, nos programas sociais de vivendas, na ocupación dos barrios das cidades.

Os factores que actúan hoxe sobre a transformación das cidades, escapan mesmo das distintas políticas sectoriais que levan a cabo as administracións (incluída a urbanística), incidindo factores relacionados coa globalización ou internacionalización da economía, onde os sistemas de produción e distribución industrial, difiren dos de fai dúas ou tres décadas polas posibilidades das infraestruturas de transporte e as tecnoloxías de comunicación, polo atractivo que ten para as grandes empresas a descentralización da produción cara países non industrializados, con menores custos de man de obra, que determinan o declive das áreas industrializadas apoiadas anteriormente na gran industria; factores relacionados coa substitución do traballo polo capital, ou co desenvolvemento do sector servizos, no que de forma crecente se están apoiando as cidades, competindo con outras na atracción de determinados equipamentos culturais, comerciais, e na transformación de áreas urbanas en declive (con usos obsoletos, como os ligados a industrias ou actividades relacionadas co transporte), que si poden ser apoiados con instrumentos ou medidas estritamente urbanísticas (ver por exemplo *Instituto de Urbanística de Valladolid, Cidade 5, 1999: Vantaxes urbanas e competitividades entre cidades*).

4 As directrices da estratexia territorial europea (ETE)

A aposta polas cidades, como núcleos dunha rede que organiza a estrutura do territorio europeo, en substitución da política anterior na que os actores eran unicamente as rexións, nas que se seguen apoiando as políticas rexionais europeas, está detrás dos modelos de desenvolvemento urbano máis policéntricos que defende a *ETE de 1999*, aos que antes os referiamos, e detrás das políticas de revitalización das cidades (de vivenda, de rexeneración dos barrios e as áreas obsoletas, de mellora da urbanización e os equipamentos, de transporte público, ...) polas que están apostando as cidades, competindo entre elas na atracción de actividades que permitan o mantemento da poboación e o emprego.

A *Europa Próxima. Europa de Rexións e Cidades* era o título do libro (UPC, 1999) coordinado por *Pascual Maragall* que reproducía unha serie de intervencións, sobre o papel das rexións e as cidades na construción da UE. O modelo que defende neste libro *Capellin*, "As redes de



ciudades en Europa e o desenvolvemento dunha política urbana para a cohesión europea”, é o dunha Europa, na que non exista un centro e unha periferia, senón un sistema múltiple de cidades e rexións, no que se valoren os centros intermedios e as comunicacións, de tipo transversal. A importancia da rede de transporte para o mantemento do sistema policéntrico de cidades (fronte á concepción anterior da rede apoiada na potenciación dunha serie de eixes), é a segunda directriz que recolle a ETE de 1999, relacionada co *fomento de estratexias integradoras de transporte e territorio*.

As opcións políticas que formula para a consecución desta segunda directriz, pasan polo reforzo das redes de transporte secundarias e as súas interconexións coas RTE, incluíndo o desenvolvemento de sistemas rexionais de transporte público, a mellora do acceso ás infraestruturas de telecomunicacións, a introdución dos estudos de impacto ambiental como instrumentos de avaliación espacial dos grandes proxectos de infraestruturas (hoxe obrigatorios nos países integrados na UE), pola mellor articulación das políticas de transporte coas de solo, polo fomento da integración en rede dos nós intermodais de transporte de mercadorías. As consecuencias territoriais, económicas, sociais, e urbanas destas políticas, aparentemente sectoriais, cos seus efectos territoriais, obrigan a prestar maior atención desde o urbanismo e a ordenación do territorio, ás infraestruturas de transporte a escala europea, estatal, rexional e local, como construtoras do territorio e das propias cidades, poñendo novamente de manifesto, a todas as escalas, as fortes relacións que existen entre o transporte e o territorio: “moitos problemas urbanísticos —di Capellin— poden resolverse modificando a rede de transporte, e unha determinada rede de transporte comporta unha forma concreta do territorio”.

A terceira directriz, que defende a ETE de 1999, relaciónase coa *xestión da natureza e o patrimonio cultural*. Xa nos referimos, en relación á aproximación ambiental, á importancia que de forma crecente vai ter a protección e xestión dos recursos naturais e culturais, nas decisións que se tomen desde os documentos de ordenación do territorio ou o planeamento urbano e metropolitano. O patrimonio cultural de Europa —dise na ETE— é a expresión da súa identidade e reviste unha importancia mundial.

A política de protección dos recursos naturais europea, apoiada na *Directiva Hábitat*, e na *rede Natura 2000*, considérase que debe integrarse nas políticas de planificación dos usos do territorio, que son as que deben proporcionar o marco para protexer os espazos naturais, sen illalos, incluíndo a definición das zonas de protección. A ampliación das consideracións ambientais das zonas protexidas, ás áreas de montaña, ás áreas fluviais, litorais, rurais, ás áreas sometidas a riscos naturais, determina que os instrumentos de planificación territorial, se formulen no futuro como un instrumento fundamental de planificación que condicione as distintas políticas sectoriais.

Como retos particulares parte da ETE para o desenvolvemento territorial, identifícase a *xestión dos recursos hídricos*, apoiada nunha política de protección e de xestión das augas superficiais e subterráneas; a *xestión creativa das paisaxes culturais* que teña un particular significado cultural, histórico, estético e ecolóxico, valorizándoos no marco de estratexias integradas de desenvolvemento territorial, e a *xestión creativa do patrimonio cultural*, onde gran número de cidades e pobos posúen un valor cultural extraordinario, que malia os investimentos que se produciron nos últimos anos, non conseguiron deter o proceso de deterioro. No patrimonio cultural nas UE, non se inclúen soamente os monumentos e xacementos arqueolóxicos, senón tamén os diferentes estilos de vida dos habitantes e os

pobos, que están expostos á comercialización e a uniformidade cultural, destruindo a súa individualidade e identidade.

A busca de políticas integradas de desenvolvemento territorial, determina que as directrices que recollen os ETE a nivel de Comunidade Europea, teñan que instrumentalizarse a través *da cooperación horizontal* (entre nacións, rexións e municipios), e a través *da cooperación vertical* entre distintos organismos encargados do desenvolvemento territorial (ordenación do territorio, planificación rexional, planificación urbana) e dos planes sectoriais. Os fondos estruturais, ou o programa Interreg, orientados cara a cooperación entre Estados, está contribuíndo a que esas políticas comunitarias de desenvolvemento territorial, de forma crecente, se vaian interiorizando a todas as escalas, incluída a local. Constitúen, polo tanto, unha *auténtica política de ordenación do territorio da Comunidade*, na que se miran os distintos Estados membros, coa compoñente legislativa e económica á que antes nos referíamos.

5 Os obxectivos dos documentos de ordenación do territorio

Os obxectivos territoriais da Carta Europea de Ordenación do Territorio de 1983, trasladáronse aos documentos de ordenación do territorio a escala rexional, por exemplo das Comunidades Autónomas en España que se redactaron a partir de mediados dos 80. Os obxectivos da ETE de 99, están presentes nos novos documentos de Ordenación do Territorio, cuxas bases e estratexias territoriais, remiten ás directrices, e as estratexias europeas, trasladándoas ao territorio concreto da Comunidade.

A definición dun modelo de asentamento que corrixa os desequilibrios das épocas pasadas, a mellora do sistema relacional, a coordinación das distintas políticas sectoriais a escala rexional, ou comarcal, a consecución dun territorio competitivo no contexto internacional, a integración do urbanismo coa ordenación do territorio, entendida esta a unha escala supramunicipal, a defensa e recuperación do medio rural, a protección do patrimonio rural, natural e cultural, facendo compatibles as actividades económicas cos valores ecolóxicos e ambientais do territorio, etc, forman parte hoxe *dos obxectivos dos documentos de ordenación do territorio*, que se concretan en directrices xerais en forma de declaracións non apoiadas por programas específicos (a diferenza do que ocorre coas directrices da CE) e con directrices sectoriais relativas ás actividades económicas, ou as infraestruturas de transporte e básicas, ao plan municipal, ao patrimonio natural e cultural, tanto a escala rexional, como comarcal. A introdución dunha escala intermedia de ordenación, entre as rexións e o municipio, é un dos obxectivos dos documentos de ordenación, onde a *delimitación das comarcas* (que nalgúñas Comunidades como Galicia ou Aragón, seguiron a súa propia dinámica, ligada a plans de desenvolvemento comarcal), *áreas metropolitanas, ou áreas funcionais do territorio*, considéranse fundamentais para integrar as distintas políticas sectoriais, incluídas as urbanísticas.

Os obxectivos xerais destes documentos de ordenación a escala rexional, trasladando directrices da escala europea, á escala da Comunidade, sen o papel intermedio que podería xogar o Estado (aparentemente sen competencias na ordenación do territorio), convertidas en declaracións contraditorias coas decisións sectoriais das administracións que as aproban, intentaron revestirse nos anos 60 e 70 dunhas *técnicas relacionadas coas distintas etapas nas que se divide a planificación*. A planificación entendida como proceso cíclico, segundo *Mc Loughlin (1969, 1971)*, debía incluír unha primeira etapa de análise territorial, unha segunda de formulación das metas e os obxectivos, unha terceira de modelización do sis-



tema territorial, e unha cuarta de utilización dos modelos para xerar estratexias alternativas e avalialas.

6 Os obxectivos das políticas urbanas

Os obxectivos xerais das políticas urbanas, nos que se viu reflectida a actuación dos distintos Concellos democráticos a partir dos anos 80 (respondendo inicialmente a reivindicacións para solucionar carencias das décadas anteriores), con distintas alternativas respecto da promoción de vivendas públicas e privadas, a revitalización dos centros históricos degradados, os equipamentos dos barrios periféricos, as infraestruturas viarias e sanitarias, o patrimonio natural e cultural, a protección do medio actual urbano, ou respecto ao mercado do solo, *instrumentáanse a través do plan, e doutros medios de intervención directa ou indirecta* por parte da administración, formulando distintas políticas urbanísticas nas que os Concellos se ven complementados pola acción das Comunidades Autónomas, ou doutras administracións rexionais ou locais. Ver por exemplo no *Vol. II O papel dos poderes público* do documento da OCDE sobre as *Cidades en Transformación*, MOPU, 1984, que fai referencia ao marco institucional das políticas urbanas nos distintos países, cos seus conflitos e problemas de coordinación.

Unha distinción entre os mecanismos ou instrumentos de intervención directa ou indirecta para orientar as actividades privadas e corrixir os seus efectos no territorio pode verse en *CEUMT, Brau, Herce, Tarragó, Manual Municipal de Urbanismo (1981)*. Como *mecanismos de intervención directa*, recollen aqueles que se relacionan coa intervención sobre o mercado do solo (con adquisición de solo no mercado libre, con adquisición de solo por expropiación, coa formación de patrimonios municipais de solo a partir dos mecanismos de cesión que permite a lei, ou coa venda de solo por parte de entes públicos), aqueles que se relacionan coa execución de obras de urbanización (absorbendo déficits, construíndo infraestruturas de carácter estratéxico, dotando de infraestruturas ao solo patrimonio municipal, mantendo as obras de urbanización, ou aproveitándose das vantaxes de localización das transformacións das infraestruturas interurbanas), e aqueles que se relacionan coa construción pública de vivendas coas que se inclúe o apoio ás políticas de rehabilitación.

Como *mecanismos de intervención indirecta*, recollen o plan urbanístico, como principal instrumento en mans do sector público para a intervención indirecta no proceso urbano, a xestión e disciplina urbanística, como instrumentos de execución do plan, e os instrumentos impositivos (imposto municipal, sobre radicación, contribución territorial urbana, imposto sobre o incremento do valor dos terreos, ou a aplicación de beneficios de carencias fiscais) que se converteron en instrumentos indirectos fundamentais, como complemento do plan urbanístico, da intervención do sector público no mercado do solo e a vivenda, respecto aos que os distintos países aplican diferentes políticas condicionadas polo financiamento dos gastos públicos urbanos, aspecto que planea sobre toda a práctica urbanística.

A impugnación indirecta dos instrumentos de planeamento urbanístico: a eliminación do dereito ao recurso

44 Regap

JOSÉ ÁNGEL OREIRO ROMAR

Letrado da Xunta de Galicia
Director da Área de Urbanismo e Infraestruturas
do concello de Santiago de Compostela

Regap

MONOGRÁFICO
Ordenación do territorio e urbanismo

Resumo: *No presente artigo pretendemos analizar como as vicisitudes procesuais dun determinado asunto poden dar lugar á desaparición da segunda instancia procesual fronte a disposicións de carácter xeral, en función da vía que se utilice para a súa impugnación.*

Esta situación determina que un Plan Xeral poida chegar ou non a ser analizado nunha segunda instancia casacional, en función de si foi impugnado por vía directa ou indirecta.

O presente artigo non se limita a analizar os sucesivos pronunciamentos xurisdicionais que dan lugar á conclusión final do Tribunal Supremo, senón que valora negativamente esta conclusión considerándoa inexplicable desde a perspectiva do dereito a tutela xudicial efectiva (art. 24 da CE) na súa vertente do dereito de acceso aos recursos legalmente previstos.

Abstract: *In this Oarticle, we attempt to analyze how the procedural events of a particular case may lead to the disappearance of the second instance proceedings in the appeal against general prescriptions, depending on the route used for impeachment.*

This situation determines that a General Plan can or cannot be analyzed in a second appellete review, depending on whether it has been challenged by direct or indirect way.

This article is not just limited to analyze the successive judicial pronouncements which lead to the final conclusion of the Supreme Court, but it also exposes a negative opinion of this conclusion, very difficult to explain from the perspective of the right to an effective defense (Article 24 EC) in the slope of the right of access to resources provided by law.

Introdución

No presente artigo pretendemos analizar como as vicisitudes procesais dun determinado asunto poden dar lugar á desaparición da segunda instancia procesal fronte a disposicións de carácter xeral, en función da vía que se empregue para a súa impugnación.

Esta situación, inexplicable desde a perspectiva do dereito á tutela xudicial efectiva do art. 24 da Constitución Española de 1978 na súa vertente do dereito de acceso aos recursos legalmente previstos, determina que un Plan Xeral só poida chegar a ser analizado nunha segunda instancia casacional en función de se se impugnou por vía directa ou indirecta, e con independencia dos vicios que concorran no mesmo.

Consideramos que a situación que procedemos a expoñer non ten paragón no noso ordenamento xurídico, é contraria á literalidade da lei e carece dunha fundamentación solvente e aceptable desde a perspectiva dunha correcta praxe procesal.

O noso ordenamento xurídico, para limitar o acceso aos recursos, é dicir, a unha segunda instancia, emprega, en función da orde xurisdiccional de que se trate, diferentes criterios: a contía (ex. art. 86.2(a) da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición contencioso administrativa – 600.000 euros), a materia (art. 86.2(a) da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición contencioso administrativa —as ditadas en materia electoral—), ou mesmo algún concepto xurídico indeterminado como o interese casacional (lei de Axuizamento Civil 1/2000, de 7 de xaneiro).

Pero non existe no noso ordenamento xurídico procesal norma algunha que supedite o recurso xurisdiccional ao simple e mero feito de que o tribunal que coñeceu do asunto en primeira instancia o fixo pola vía directa do recurso contencioso ordinario, ou pola vía indirecta da cuestión de ilegalidade.

Pola contra, e como seguidamente veremos, tal resultado, ao que chegou a xurisprudencia, parece radicalmente oposto á literalidade da lei.

En definitiva, e concretando, expoñeremos a contradición da nosa práctica procesal que pode producir e de feito produce situacións tan absurdas como a admisión dun recurso de casación fronte a un instrumento de planeamento urbanístico (por exemplo, un Plan Parcial), cando o mesmo é examinado por medio do recurso contencioso administrativo directo por un Tribunal Superior de Xustiza, e a inadmisión do mesmo recurso de casación contra o mesmo Plan Parcial cando este foi examinado en primeira instancia polo mesmo tribunal, pero vía recurso indirecto (cuestión de ilegalidade).

A primeira instancia: recurso directo ou indirecto

I Natureza xurídica dos instrumentos de planeamento:

En primeiro termo, é necesario partir da base de que un Plan Xeral de Ordenación Municipal, ao igual que o resto dos instrumentos de planeamento urbanístico (plans parciais, plans especiais, ou mesmo estudos de detalle), teñen legal e xurisprudencialmente recoñecida a súa natureza regulamentaria, é dicir, son disposicións de carácter xeral.



II Tipos de recursos

Para contextualizar o suposto analizado é necesario partir das dúas vías xa aludidas, que o noso sistema procesal ofrece para a impugnación en primeira instancia de actos e disposicións de carácter xeral.

Así, na Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso Administrativa (LXCA), diferencia a vía directa e a indirecta:

Recurso directo: Artigo 25 da LXCA.

O recurso contencioso-administrativo é admisible en relación coas disposicións de carácter xeral (...)

Recurso indirecto - cuestión de ilegalidade: Artigo 26.

1. *Ademais da impugnación directa das disposicións de carácter xeral, tamén é admisible a dos actos que se produzan en aplicación das mesmas, fundada en que tales disposicións non son conformes ao Dereito.*

III Órgano xurisdiccional competente

Esta orientación advírtese de modo claro na Exposición de Motivos. Na mesma insítese en que o “medio rural e o solo rústico deben ser motivo preferente de atención co fin de trazar unha verdadeira política territorial sobre este medio”. O solo rústico, por outra parte, é aquel espazo preservado da acción construtiva, con excepcións contempladas na propia lei. Nesta liña increméntanse os niveis de protección destes solos, marcando diferentes niveis de protección en base ao diferencial interese paisaxístico ou patrimonial de cada área: solos rústicos de protección ordinaria e de especial protección. Neste último caso atopámonos cunha ampla tipoloxía: protección agropecuaria, forestal, de augas, ... Presentándose tamén como unha novidade significativa o feito de que as competencias en materia de solo rústico pasan a ser exclusivas da Xunta de Galicia.

No transfondo desta norma xorde un debate que, en certa medida, non ten aínda sido resolto dun xeito satisfactorio, vencellado coa orientación funcional que debe ter o espazo rural no modelo territorial de Galicia. Este debate fixa dous papeis: un rural cunha orientación principal orientada á produción de materias primas agrarias, ou un espazo residencial non dependente en exclusiva das actividades primarias. En lóxica tense que avanzar e orientar a acción pública cara a complementación de ambas as dúas potencialidades, se ben nos últimos anos se ten primado unha visión máis proteccionista do espazo rural, entendéndose este como o soporte dunha serie de valores e recursos a protexer pola lexislación urbanística. Non se debe esquecer que a propia Lei 9/2002 pode considerarse a suma de dúas leis, unha meramente urbanística e outra de protección do medio rural.

A LOUGA tamén incrementa a documentación necesaria para a aprobación do plan. A maiores do “Estudo do medio rural e do modelo de asentamentos” xa existente, incorpora como novidade o “Estudo de sostibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico”. Un compendio informativo que implica unha análise integral do espazo a planificar en aspectos demográficos, de aproveitamentos económicos do solo, de relacións funcionais dos SNR e outras cuestións xeográficas, que parten da premisa comunmente aceptada de que para planificar ou ordenar un territorio, primeiro é necesario coñecelo.

Porén, a aplicación concreta desta norma puxo rapidamente de manifesto unha serie deivas que era preciso encauzar para ir solucionando problemas que xurdiron de xeito paulatino na súa aplicación. Algunhas das máis significativas é que non recoñecía as modificacións que nas últimas décadas se tiñan producido no sistema de asentamentos rurais, que á marxe do seu carácter máis ou menos afortunado desde unha perspectiva paisaxística, tiñan xerado novos procesos morfolóxicos de ocupación do territorio como resposta ao cambio funcional acaecido nos mesmos, ou as excesivas rixideces que formulaba para o desenvolvemento da actividade agropecuaria que é aínda a maioritaria no conxunto do rural. Así no 2004 impúlsase unha primeira modificación da LOUGA, que entre os seus obxectivos principais estaba definir con maior precisión as delimitacións dos SNR.

Formúlase así unha diferenciación entre o SNR tradicional, correspondente cun perímetro de 50 m. desde as vivendas denominadas tradicionais, as existentes no denominado “voe americano” de 1956. A este correspondíalle unha ordenanza específica, na que se regula o tamaño medio de parcelas, usos característicos, ... E, por outra parte, a Área de Expansión, perímetro cun máximo 200 m. desde as últimas vivendas, que se entendía que era o espazo preciso para o crecemento futuro de cada núcleo. Esta diferenciación entre Núcleo Tradicional e Área de Expansión materializábase nunha serie de diferenzas no tratamento urbanístico, en aspectos como as posibilidades de parcelamento das parcelas existentes (prohibidas



nas áreas de expansión), ou os usos potenciais. Este avance na delimitación e regulación dos núcleos rurais non aporta achega unha solución do todo satisfactoria ao tratamento dos núcleos rurais, pois aínda que se avanza no recoñecemento das formas de ocupación do territorio, non é quen polo momento de encorsetar a ampla diversidade morfolóxica e funcional dos asentamentos rurais. Asimesmo incrementáanse as liñas de regulación de usos nos solos rústicos, tanto nos comúns, como nos de protección especial, outorgando un tratamento integral de protección dos valores espaciais e patrimoniais destes ámbitos.

Os últimos anos foron prolixos na aprobación de modificacións da lexislación urbanística e territorial. Así continúaase coa lei 6/2007 de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral, a coñecida como a "lei dos 500 m.". Esta non modifica os instrumentos de ordenación urbanística nin territorial, pero si introduce un cambio significativo na elaboración e na tramitación dos plans municipais: a necesidade, para dar cumprimento ás normativas europeas, de someter os instrumentos de planificación urbanística a un novo trámite, a "Avaliación Ambiental Estratéxica". A finalidade deste novo procedemento é someter as accións de transformación humana do territorio a un proceso de análise de carácter ambiental, presentando alternativas de uso e/ou transformación, calibrando a incidencia da acción urbanística sobre os recursos naturais, garantindo a sostibilidade dos recursos naturais, etc.

Establécese un procedemento de participación pública, no que hai que ir superando determinados pasos ata chegar á "Memoria Ambiental" definitiva na que se formulan unha serie de criterios que o órgano promotor do instrumento de planeamento debe introducir como parámetros de referencia na ordenación do solo.

Esta nova tramitación situouse no seu momento na antiga Consellería de Medio Ambiente, mentres que as tramitacións administrativas mantíñanse nun departamento diferente, a de Política Territorial. Consecuencia desta desmembración nas tramitacións incrementáronse notablemente os tempos de tramitación administrativa dos instrumentos de planificación, sendo frecuente o non solapamento de trámites e prazos, a promulgación de informes contradictorios, etc.

Tamén pola vía de urxencia fórmulase a lei 6/2008 de medidas urxentes en materia de vivenda e solo. A finalidade case exclusiva da mesma radica no incremento das porcentaxes de vivenda sometida a algún réxime de protección nos solos urbanizables e nos plans de desenvolvemento, chegándose á ratio dun 40% para os concellos de máis de 20.000 habitantes, así como noutras cuestións vencelladas coa organización dos Patrimonios Municipais de Solo, os prazos temporais de construcións para as vivendas protexidas, etc.

2 Fundamentos da recente modificación

Nesta situación chégase ao 2009, en que se identifica un interese por impulsar unha nova norma urbanística que corrixa as eivas que dificultaban a aplicación da LOUGA, especialmente no espazo rural, pois nos solos urbanos e urbanizables non se tiñan detectado disfuncións significativas. Tamén nestes intres se entra de cheo nun contexto económico moi marcado pola crise do sector inmobiliario e pola necesidade de repensar algúns dos principios e das formas anteriores de facer urbanismo, especificamente tendentes a corrixir e encauzar un modelo expansivo da oferta de vivenda.

A modificación da LOUGA xorde dunha reclamación do municipalismo galego, partindo da base de que os concellos son os que mellor coñecen o funcionamento do día a día, as dificultades de aplicación dos marcos xurídicos, e sobre todo as disfuncións que son preciso corrixir. Nesta nova andaina tómasse como referencia un documento elaborado pola FEGAMP en marzo do 2007, que achega unha serie de propostas que elevan á Xunta de Galicia coa intención de tentar tramitalas, sen éxito, dentro das accións legislativas dese momento. Este documento contempla 8 puntos: impulsar unha maior colaboración do goberno autónomo cos concellos, reducir a lentitude das tramitacións administrativas, deseñar un novo réxime para os SNR, impulsar o planeamento territorial, etc. A asunción por parte da Xunta de Galicia deste documento como punto de partida para a modificación da LOUGA, maniféstase no asinamento dun acordo marco entre a Xunta de Galicia e a propia FEGAMP, encamiñado a fomentar os puntos de encontro para unha nova modificación da lexislación que dea resposta ás demandas do mundo local.

Os obxectivos principais que se propoñen céntranse na redución das tramitacións administrativas, na reordenación urbanística do espazo rural, tanto dos SNR como do propio solo rústico, así como o propio reforzamento competencial dos concellos na planificación e xestión urbanística. Con posterioridade, e ao longo da tramitación da modificación, xorden outros aspectos de interese, que mesmo superaron en impacto mediático os tres iniciais, e que acadan tamén un valor substancial.

2.1 Redución dos peazos das tramitacións administrativas

As tramitacións administrativas do plan, tanto xeral como de desenvolvemento, sempre foron lentas e enfarragosas. Malia a mala organización técnica, consistente na separación entre os trámites urbanísticos propiamente ditos e os derivados da implementación da AAE, en consellerías diferentes, con prazos de exposición, e mesmo informes contraditorios entre eles, etc, aumentaron notablemente os tempos administrativos de elaboración e posterior aprobación.

A esta situación engádeselle a lentitude no relativo ás autorización en solo rústico. Neste caso as competencias autonómicas sobre este tipo de solo, estaban a levar de novo a unha acusada ralentización para a aprobación de calquera tipo de actividade a desenvolver en solo rústico. Esta situación levou a unha paralización de innumerables expedientes que dificultan o desenvolvemento da actividade produtiva rural (por exemplo para recibir subvencións económicas nos expedientes de incorporación ou mellora de explotacións agrarias).

Para dar saída a ambas as dúas problemáticas, fórmulase como un dos grandes obxectivos desta modificación o desfacer o *nó gordiano* das tramitacións. Propón neste sentido a uniformización nun único proceso administrativo da tramitación ambiental e urbanística, mediante o vencellamento dos prazos e exposicións públicas da AAE e da propia tramitación urbanística. Esta novidade acompáñase dunha redución dos prazos de informes autonómicos de 3 a 2 meses, co que se pretende acurtar os tempos dun xeito significativo.

A nivel de autorizacións en solos rústico, o que se formula é outorgar aos concellos capacidade efectiva para poder informar, e así reducir a dependencia do goberno rexional. Coa excepción das vivendas vencelladas á explotación agraria, a maior parte das novas autorizacións pasan de novo a ser competencia dos propios entes locais. Con esta medida búscase reducir os tempos de espera dos expedientes, á vez que se manteñan os mesmos niveis



de protección, pois do que se tratou con esta medida é de reducir os tempos de espera, e non modificar os usos a desenvolver, que na súa maior parte se manteñen sen alteracións significativas¹.

2.2 Reordenación do medio rural

Este obxectivo fundaméntase na existencia dun escenario de profunda crise demográfica e económica no mundo rural. A lexislación urbanística debe favorecer, ou polo menos non entorpecer, as actividades económicas vencelladas aos recursos agrogandeiros e forestais. Os cambios contemplados buscan favorecer e impulsar tanto o asentamento de novas vivendas nos núcleos coa vontade de minorar o despoboamento, de aí a definición dun novo réxime de SNR, así como o desenvolvemento daquelas actividades económicas vencelladas aos recursos do medio e con capacidade de fixar poboación no mundo rural.

A tradición ruralista da lexislación urbanística galega leva a centrar a maior parte das modificacións e melloras introducidas no proxecto normativo. Así 44 artigos do texto reformado, xunto á maior parte das Disposicións teñen como referente este ámbito, co obxecto de novo de ir adecuando a praxe urbanística ao espazo rural.

Neste escenario o máis significativo ven a ser a definición dun novo réxime de SNR, que posibilite adecuar a norma á ampla diversidade do sistema de asentamentos galegos, no que os núcleos de val, montaña, costa, etc, teñen problemáticas e procesos de formación diferentes. Esta situación deriva tamén dunha tipoloxía da estrutura do hábitat dispar con asentamentos de natureza lineal, outros compactos, de natureza máis laxa, etc. Asimesmo tamén se identifican diferentes dinámicas sociais e de vocación produtiva nos núcleos onde moitos dos mesmos xa non se caracterizan por unha prevalencia da actividade agraria, presentándose nos últimos anos evolucións e situacións contrastadas. Formúlase así unha lectura máis ampla do sistema de núcleos ao non vencellarse as súas dinámicas en exclusiva ás actividades agrogandeiras, entendéndose que no rural conviven na actualidade diversos procesos de ocupación que é preciso recoñecer e encauzar coa finalidade de favorecer o seu desenvolvemento. Por tal motivo, posibilitanse novos usos económicos non contemplados ata o momento nos SNR, coa explícita intencionalidade de dar resposta aos crecentes cambios funcionais do espazo rural.

O réxime de SNR pretende superar a visión uniformizadora previa, baseada nun tratamento uniforme para o amplo número de asentamentos rurais. Para iso establece tres tipoloxías: Histórico-Tradicional, Común e Complexo, que manifestan as diferenzas existentes na configuración de cada núcleo no relativo á súa morfoloxía, dinámica recente, disposición edificatoria... Tamén se formulan uns criterios de delimitación baseados na compacidade, abandonándose o criterio de distancia existente ata o momento. Con esta alteración desaparece a Área de Expansión que tiña xurdido no 2004. Os Plans Xerais, a través do "Estudo do medio rural e do sistema de asentamentos", adquiren maior protagonismo para fixar os criterios definitorios dos respectivos SNR, fixando a parcela mínima de ocupación en cada caso, as tipoloxías construtivas... coa finalidade de que sexa este instrumento, en última instancia, quen fixe as características específicas dos seus SNR. Tamén, co establecemento desta tipoloxía o que se pretende é dar unha cobertura técnica á complexidade e diversidade

1 Con posterioridade, na Lei de acompañamento á de orzamentos de 2011 introdúcese unha modificación puntual no tocante ós solos rústicos de especial protección agrícola e forestal, tendente a posibilitar o desenvolvemento nos mesmos de usos industriais e empresariais, evidentemente ó amparo dos instrumentos de desenvolvemento pertinentes.

de dos asentamentos rurais e, do mesmo xeito que se recolle nas DOT aprobadas no 2010, adecuar o deseño normativo á zonificación territorial do rural.

Respecto ao espazo rural, preténdese flexibilizar e facilitar, dentro dun contexto de crise demográfica e económica, a implantación de actividades económicas agrarias e non agrarias, turismo, enerxías renovables... que poden desenvolverse neste medio e que poñen en valor os recursos do territorio e aportan capacidade de creación de emprego.

En definitiva, os cambios funcionais e de uso dos núcleos rurais reflicten a evolución social e económica das últimas décadas, modificándose as súas tipoloxías en relación a cambios significativos como as melloras na accesibilidade viaria, a xeralización do uso residencial non agrícola ou a difusión de novos valores e pautas de comportamento colectivo. Así, a lei quere ser efectiva e contemplar as diferentes tipoloxías e os cambios sociais acaecidos no rural, facilitando que sexa o concello quen defina o seu propio modelo territorial. Deste xeito, o novo réxime vai permitir establecer diferentes tipoloxías de SNR, que recollan mellor as notables diferenzas e diversidade dos núcleos rurais.

2.3 Reforzar o papel dos concellos

O reforzamento do papel dos concellos na planificación e xestión do urbanismo completa os grandes obxectivos programáticos do presente marco normativo. Nesta liña preténdese superar a idea colectiva de que carecen de capacidades e competencias neste ámbito. Dando pé a unha nova cultura na que se fai preciso darlle máis responsabilidades e recoñecer a súa función, pero tamén ofrecer máis cooperación e superar unha sorte de neocentralismo, que mesmo chegou a cuestionar a súa posición dentro da armazón normativa urbanística e teritorial.

Nesta liña apóstase por darlle un maior protagonismo ao Plan Xeral como instrumento que define o modelo territorial de cada termo municipal. Pártese do feito pouco discutible de que os concellos son os que mellor coñecen o seu propio territorio. Asimesmo se lle transfere unha maior capacidade para informar os expedientes en solo rústico, coa finalidade de dar maior axilidade e capacidade de resposta ás demandas cidadáns, e favorecer deste modo a actividade económica rural.

Dun xeito transversal aos grandes obxectivos anteriores, a modificación fundaméntase nuns eixes transversais que están presentes ao longo de todo o documento. O primeiro fai referencia á sostibilidade e á xestión dos recursos ambientais e paisaxísticos, a partir da premisa de que son finitos e un auténtico patrimonio colectivo que temos a obriga de preservar. O segundo, e en conexión coa idea de sostibilidade de xestión eficaz dos recursos, baséase no principio de posibilitar o desenvolvemento das actividades humanas. Unha cultura auténticamente sostible non se fundamenta de xeito específico na prohibición, senón na compatibilización do uso dos recursos coa preservación dos mesmos. Neste sentido apóstase por unha nova cultura territorial que supere a idea "do non facer", pola de "facer ben", cos criterios, parámetros ou medidas correctoras e de integración necesarias que posibiliten o uso coa preservación dos valores ambientais e paisaxísticos do territorio.



3 A procura dun lugar de encontro

A Lei 2/2010 xorde dunha vocación de consenso e de escoitar ao conxunto dos axentes sociais e políticos que comeza no acordo coa FEGAMP, e que tamén se identifica ao longo da tramitación do texto normativo. Neste sentido vanse incorporando diferentes aspectos ao texto inicial que contribúen a enriquecelo e sobre todo axustalo ás demandas sociais formuladas. Deste xeito, unha modificación que naceu cuns fins concretos, adquire un protagonismo moito maior, formulando máis solucións das que se pretendía nun inicio.

Este proceso de participación comeza co informe do CES. No texto fórmulanse 22 consideracións, das que 10 son aceptadas de xeito íntegro, 6 sono de xeito parcial e só 6 son rexeitadas. Este informe avala cuestións fundamentais como a busxa dunha redución das tramitacións administrativas ou a disposición da norma de favorecer a actividade produtiva no medio rural. Si foron contempladas cuestións como a rebaixa da inxerencia da norma urbanística respecto a normativas sectoriais vixentes (por exemplo a forestal), a redución dos tamaños mínimos das parcelas para usos non residencias ou a maior flexibilidade nos materiais das vivendas contruidas no espazo rural. Pola súa parte formula algúns aspectos incorporados no trámite de emenda. Tal é o caso da regularización das naves industriais en solo rústico, ou outros aspectos como a ampliación dos prazos de caducidade de licenzas ou a segregación en solos rústicos, coa excepción daqueles de especial protección agropecuaria, por motivos de herdanza.

Algúns aspectos, porén, non foron contemplados. É o caso da equiparación directa dos montes en man común, a solos rústicos de especial protección forestal, a rebaixa das porcentaxes de vivenda sometida a algún tipo de protección que se solicita sexa adaptado ás particularidades de cada concello, ou que a obtención de autorización para a ubicación en solo rústico dunha vivenda vencellada a unha explotación agropecuaria sexa de licenza municipal directa. Outras consideracións, como xa se dixo, foron introducidas dun xeito parcial. Tal é o caso, entre outros aspectos, da revisión das distancias entre vivendas e explotacións gandeiras, caso no que a modificación se quedou nunha situación intermedia entre a norma preexistente e o solicitado polo propio CES.

No trámite parlamentario de ponencia legislativa os partidos políticos con representación formulan un número significativo de emendas: o PP 31, o PSOE 44 e o BNG 33. Mostra do interese de acadar un consenso xeral e abrir a norma á participación colectiva, unha ampla porcentaxe destas emendas foron aceptadas. Así, do PSOE admítense 25, néganse 6, transacciónanse outras 6, e 4 son retiradas. Mentres no BNG a situación móvese entre 6 aceptadas, 17 negadas, 9 transaccionadas e 2 retiradas. Evidentemente as do PP, como forza que sustenta o goberno, son aceptadas na súa integridade.

Durante este procedemento diferentes colectivos profesionais (Cluster da Madeira, Federación de Áridos, Sindicatos Agrarios, Colectivos ecoloxistas,...), achéganse aos grupos parlamentarios para propoñer novas cuestións a introducir no texto da lei. Un número significativo das cuestións formuladas son asumidas polas forzas políticas que as trasladan ao marco normativo, contribuíndo ao enriquecemento do texto, e a dotalo dun maior valor resolutivo respecto ás problemáticas formuladas en cada un dos casos.

A vocación de xerar un consenso xeral tamén se manifesta cando, de xeito inaudito por carecerse de precedentes, se recibe un informe do Ministerio de Vivenda durante o trámite de Ponencia. Malia a excepcionalidade deste feito e a súa aparente discrecionalidade, pois

non tiña sido solicitado por ningunha institución nin a súa participación se contempla desde unha perspectiva procedementa, resolveuse de xeito satisfactorio, incorporándose moitas das súas formulacións, pois eran basicamente cuestións de técnica xurídica.

Durante este proceso de elaboración, moi participativo como se acaba de presentar, buscouse dar solucións a problemáticas existentes na sociedade e no territorio galego. Optouse por un modelo de acción de “non pechar os ollos” ante realidades existentes e consolidadas. Por este motivo se incorporaron unha serie de cuestións, algunhas problemáticas e de forte impacto mediático, pero que se entendía necesario corrixir ou encauzar, pois do contrario tales problemáticas, en vez de corrixirse e encauzarse xuridicamente, seguirían a manterse nunha situación de indefinición.

Unha destas cuestións, por exemplo, foi a relativa á regularización dos asentamentos industriais xurdidos á marxe do plan. Auténticos polígonos industriais espontáneos nos que se ubica unha significativa porcentaxe da creación de emprego e PIB deste país. Neste caso na Disposición Transitoria 13 ábrese a posibilidade a que estes asentamentos adquiran a clasificación de solos urbanizables para que posteriormente se poida desenvolver un plan parcial ou de sectorización que, a consta dos propietarios, se complete a urbanización destes sectores e se dote das medidas de corrección ambiental precisas. Dáse un tratamento común a unha problemática xeral do territorio galego, e que xa na pasada legislatura se tiña iniciado, aínda que cunha diferenza, pois agora se opta por unha solución global, mentres que con anterioridade se facía mediante convenios particulares cos afectados das bolsas de solo de usos empresariais existentes.

Algo semellante se formula para as vivendas sen licenza en solo rústico que se pretenden regularizar e recoñecer co fin de que pasen a unha situación de fóra de ordenación parcial e poidan adscribirse de xeito efectivo ao patrimonio dos seus propietarios. Aquí ábrese unha ampla casuística, desde vivendas que contan con licenza ao abeiro da LASGA, outras existentes en concellos sen ningún tipo de plan, outras cunha considerable antigüidade, etc. Neste caso, e sempre e cando sexan contrucións previas ao 2003 e que non conten con expedientes de infracción urbanística, se poderán recoñecer mediante a presentación ante o concello dun expediente administrativo específico².

Nesta liña de dar solucións, tamén se enmarca a ampliación do prazo de caducidade das licenzas construtivas. Búscase con isto evitar as posibles solicitudes de devolución do ICIO, que neste contexto de crise financeira moi evidente nas arcas municipais suporía unha auténtica mazada para as mesmas. Ou a articulación de mecanismos de coordinación e xestión conxunta entre a lexislación de concentración parcelaria e a urbanística, que ata o momento imposibilitaba que os procesos de concentración puidesen levarse a cabo nos SNR, e a partires de agora ábrese a vía, a partir dun convenio co concello afectado, de interactuar de xeito conxunto sobre a realidade territorial.

Mención aparte merece, quizais, o aspecto de maior repercusión mediática, vencellado aos usos permitidos nos espazos naturais, e nomeadamente naqueles clasificados como Rede Natura. Estes usos, regulados no art. 39, polo seu particular valor ambiental son merecentes da introdución das máis significativas medidas de compatibilización. O principal debate xor-

2 Coa finalidade de facilitar a interpretación destes aspectos, xunto a outros de carácter substancial, a técnicos e profesionais véñense de publicar en maio de 2011catro instrucións centradas na metodoloxía do cálculo do grao de consolidación edificatoria na delimitación dos SNR, o seu vencellamento no referente ás tramitacións administrativas, e o propio desenvolvemento das disposicións orientadas á aplicación dos asentamentos xurdidos á marxe do plan e das edificacións e construcións realizadas sen licenza ou autorización autonómica.



de arredor da posibilidade de ubicar instalacións de piscifactorias neste tipo de solos. Con anterioridade tanto ao Plan de Acuicultura de 2005, como ao de 2008, contemplaban a construción deste tipo de plantas en Rede Natura, de conformidade co conxunto da Unión Europea no que este uso está permitido nesta clasificación de solo. A norma, despois das negociacións tidas entre as forzas políticas, formula a introdución das máximas cautelas de protección existentes, fundamentadas na normativa comunitaria en vigor. De tal xeito que a norma urbanística posibilita este uso, pero non é competencia da mesma a correspondente autorización, que en todo caso recae no órgano competente en protección da natureza. Este último, emitirá o seu informe favorable, ou non, en base ao proxecto particular de cada caso no que se mide integración paisaxística e ambiental, criterios de sustentabilidade, etc.

O resultado final, o balance político, é coñecido. Só foron rexeitadas por unha minoría do arco parlamentario galego, contando con 38 votos favorables, os do PP, 25 abstencións correspondentes ao PSOE e 12 votos negativos do BNG. Este resultado, tendo en conta os equilibrios políticos, pode interpretarse como un forte aval para esta modificación, que se complementa co apoio directo do municipalismo desde os seus inicios.

A lei 2/2010 pode considerarse o primeiro ensaio dun interese xeral por acadar un Pacto polo Territorio no que as forzas políticas fixen unhas liñas mestras no referente á ordenación territorial e urbanística. Con posterioridade, a aprobación das DOT e do Plan do Litoral, así como o anuncio da elaboración dun novo marco urbanístico con vocación de permanencia no tempo, van na liña de aunar esforzos na procura deste anhelado colectivo. Este é un proceso actualmente en marcha que, partindo das lóxicas sensibilidades e discrepancias, chama á responsabilidade dos axentes e representantes políticos. A consecución dun marco estable na planificación, dunhas regras claras que dean referencias e seguridade xurídica, o asentamento da sensibilidade colectiva respecto dos valores ambientais e de sostibilidade ou a defensa dun territorio vivo que compatibilice o uso coa conservación dos recursos ambientais e paisaxísticos, son un anhelado común a acadar. E na nosa man, na de todos, está facelo.

4 Bibliografía

- A.A.V.V. (2004): Implicacións territoriais e socioeconómicas da lei 9/2002 de ordenación urbanística e de protección do medio rural en Galicia. FEGAMP, Santiago de Compostela.
- A.A.V.V. (2007): A protección da ordenación do territorio en Galicia. Consellería de Presidencia, Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.
- Díaz Lema, J.M (1989): Derecho urbanístico de Galicia. Fundación Caixa Galicia. A Coruña.
- Estévez Goytre, R. (2006): Manual práctico de planeamiento urbanístico. Comarez. Granada.
- Fernández Carballal, A. (2003): Derecho urbanístico de Galicia. Civitas, Madrid.
- González-Cebrián Tello, J. (2009): Intervención sobre el medio rural en Galicia. E.T.S.A, Universidade de A Coruña.
- Grandío Dopico, A., editor (2005): Ordenación de los espacios litorales en Galicia. Netbiblo. Oleiros.
- López Porto, P (2008): O solo de núcleo rural na lei 9/2002. EGAP. Santiago de Compostela.

Resumo: *A paisaxe é un elemento da xeografía galega e para a súa preservación conta cunha normativa que a trata desde os puntos de vista urbanístico e medioambiental, ademais do cultural. Este último punto de vista, o que máis incide desde o punto de vista da normativa internacional, é o obxecto deste traballo, que atende á normativa da Comunidade Autónoma de Galicia.*

Palabras clave: *Dereito administrativo. Patrimonio cultural. Medio ambiente. Urbanismo. Paisaxe. Galicia*

Abstract: *Landscape is a significant element in Galician geography and its preservation has a complex legal treatment from urban and environmental point of views, as well as cultural. The latest point of view, the main from the scope of the international law, is the subject of this work, which studies the Law of Galicia.*

Key words: *Administrative Law. Cultural Heritage. Environment. Town planning. Landscape. Galicia.*

Índice: *1. A noción de paisaxe cultural. 2. O tratamento da paisaxe na lexislación de Galicia. 2.1. Presupostos derivados de dereito internacional. 2.2. Espazos expresamente declarados pola lexislación cultural. 2.2.1. Sitios históricos e zonas arqueolóxicas. 2.2.2. Os camiños de Santiago. 3. Medio de bens de interese cultural e catalogados. 3.1. Inseparabilidade do medio. 3.2. Preceptividade de autorización das autoridades culturais das actuacións que afecten ao medio. 3.3. Prohibición de elementos que limiten a contemplación do ben. 3.4. Incidencia do monumento nas actuacións lindeiras. 4. Impacto ambiental desde o punto de vista cultural. 5. Conclusións. 6. Bibliografía*

1 A noción de paisaxe cultural

O tratamento xurídico da paisaxe no ordenamento xurídico desenvólvese entre dous sectores distintos, por un lado o patrimonio cultural, que en Galicia atopa a súa principal manifestación na veterana Lei 8/1995 de Patrimonio Cultural de 1995, por outro lado, na lexislación medioambiental. A norma internacional fundamental para o tratamento deste ámbito atópase no Convenio Europeo da paisaxe, aberto á sinatura en Florencia o 20 de outubro de 2000 cuxo artigo 3 establece como o seu obxectivo promover a protección, xestión e ordenación das paisaxes, así como organizar a cooperación europea nese campo. No seu preámbulo, o Convenio sinala como os seus precedentes o Convenio relativo á conservación da vida silvestre e do medio natural en Europa (Berna, 19 de setembro de 1979), o Convenio para a salvagarda do patrimonio arquitectónico de Europa (Granada, 3 de outubro de 1985), o Convenio Europeo para a protección do patrimonio arqueolóxico (La Valeta, 16 de xaneiro de 1992), o Convenio Marco Europeo sobre cooperación transfronteiriza entre comunidades ou autoridades territoriais (Madrid, 21 de maio de 1980) e os seus protocolos adicionais, a Carta Europea de Autonomía Local (Estrasburgo, 15 de outubro de 1985), o Convenio sobre a diversidade biolóxica (Río de Xaneiro, 5 de xuño de 1992), a Convención sobre a protección do patrimonio mundial, cultural e natural (París, 16 de novembro de 1972) e a Convención sobre o acceso á información, a participación do público na toma de decisións e o acceso á xustiza en asuntos ambientais (Aarhus, 25 de xuño de 1998). En suma, o tratamento da paisaxe combina tanto os aspectos culturais como os medioambientais.

A lexislación autonómica fundamental é a Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia¹. O seu artigo 1 define a través desta expresión o seu obxectivo:

A presente lei ten por obxecto o recoñecemento xurídico, a protección, a xestión e a ordenación da paisaxe de Galicia, a fin de preservar e ordenar todos os elementos que a configuran no marco do desenvolvemento sostible, entendendo que a paisaxe ten unha dimensión global de interese xeral para a comunidade galega, por canto transcende aos campos ambientais, culturais, sociais e económicos.

A tal fin, a presente lei impulsa a plena integración da paisaxe en todas as políticas sectoriais que incidan na mesma

Polo tanto, mencionando a cultura como un dos ámbitos sectoriais nos que transcende a paisaxe, menciona empero o desenvolvemento sostible como a pedra angular de tratamento da paisaxe². E non deixa de sorprender a posición adoptada, toda vez que a convención que serve de referencia establece como compromisos dos estados³:

- 1 E non é o único caso que, dentro da lexislación medioambiental, se refire á paisaxe. Poden engadirse os artigos 5.2 e 18 da Lei 10/1985 de 14 de agosto de Concentración Parcelaria de Galicia, 44 e 56 da Lei 9/2001, de 21 de agosto, de conservación da natureza de Galicia ou a Lei 3/2008 de ordenación da minería de Galicia. A elas cómpre engadir a Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral, nos seus aspectos máis propiamente urbanísticos. De acordo con Díaz Otero, 2009, pp. 164-165: "Mesmo podería dicirse que os instrumentos recollidos nelas non son só o valor xurídico da paisaxe suficientes, senón sobreabundantes. É por isto que, na aplicación desta lexislación, han de tomarse en consideración os mandatos que, non por xenéricos, son por iso menos imperativos e ha de coidarse a axeitada coherencia entre os diversos instrumentos a imbricar por parte dos operadores institucionais".
- 2 Non é o único suposto. Tamén o artigo 1 da Lei 8/2005, de 8 de xuño de protección, xestión e ordenación da paisaxe de Cataluña opta por esta tendencia. Pola súa parte, o artigo 11 da Lei valenciana 4/2004 de ordenación do territorio e protección da paisaxe conecta paisaxe e planeamento dentro do epígrafe "desenvolvemento sostible". Todas elas gardan conexión co artigo 10.2.b) da Lei estatal 4/1989, de 27 de marzo, de Conservación dos Espazos Naturais e da Flora e Fauna Silvestres, que prevé que a tutela dos espazos naturais protexidos pode obedecer, entre outras finalidades, á protección daquelas áreas e elementos naturais que ofrecen un interese singular desde o punto de vista científico, cultural, educativo, estético, paisaxístico e recreativo. Estes espazos defínense como aqueles espazos do territorio nacional, incluídas as augas continentais, e os espazos marítimos suxeitos á xurisdición nacional, incluídas a zona económica exclusiva e a plataforma continental, que conteñan elementos e sistemas naturais de especial interese ou valores naturais sobresaiñtes, sexan obxecto dunha declaración de protección de acordo co regulado na mesma.
- 3 V. M- Dejéant-Pons, 2007, 35 ss.



- a) recoñecer xuridicamente as paisaxes como elemento fundamental do medio humano, expresión da diversidade do seu patrimonio común cultural e natural e como fundamento da súa identidade.
- b) definir e aplicar en materia de paisaxes políticas destinadas á protección, xestión e ordenación da paisaxe mediante a adopción das medidas específicas contempladas no artigo 6.
- c) establecer procedementos para a participación pública, así como as autoridades locais e rexionais e outras partes interesadas na formulación e aplicación das políticas en materia de paisaxe mencionadas na anterior letra b).
- d) integrar a paisaxe nas políticas de ordenación territorial e urbanística e nas súas políticas en materia cultural, medioambiental, agrícola, social e económica, así como en calquera outras políticas que poidan ter un impacto directo ou indirecto sobre a paisaxe.
- e) E á vez reduce o impacto do desenvolvemento sostible a dous puntos, na definición de xestión da paisaxe (artigo 1, e) e na fixación dos criterios para a concesión do Premio da paisaxe do Consello de Europa (artigo 11.4).

A opción lexislativa contrasta con outras do noso medio xurídico máis inmediato. Por un lado, en Italia o Decreto Lexislativo de 22 de xaneiro de 2004 redactou o Codice dei beni culturali e del paesaggio, ai sensi dell'articolo 10 della legge 6 luglio 2002. O seu artigo 2 define desta maneira o patrimonio cultural:

1. Il patrimonio culturale e' costituito dai beni culturali e dai beni paesaggistici.
2. Sono beni culturali le cose immobili e mobili che, ai sensi degli articoli 10 e 11, presentano interesse artistico, storico, archeologico, etnoantropologico, archivistico e bibliografico e le altre cose individuate dalla legge o in base alla legge quali testimonianze aventi valore di civiltà.
3. Sono beni paesaggistici gli immobili e le aree indicati all'articolo 134, costituenti espressione dei valori storici, culturali, naturali, morfologici ed estetici del territorio, e gli altri beni individuati dalla legge o in base alla legge.
4. I beni del patrimonio culturale di appartenenza pubblica sono destinati alla fruizione della collettività, compatibilmente con le esigenze di uso istituzionale e sempre che non vi ostino ragioni di tutela.

Este texto remite aos seus artigos 131 e seguintes a protección da paisaxe que neste punto si se conecta co desenvolvemento sostible. Do mesmo modo, a Lei 107/2001 de 8 de setembro de bases da política e do regime de protección e valorización do patrimonio cultural de Portugal integra a calidade paisaxística entre os valores culturais nos seus artigos 12, 14, 17, 44, 52, 53, 70 e 79. En concreto, o artigo 44, cuxo epígrafe é *Defesa da qualidade ambiental e paisagística*, di así:

1. A lei definirá outras formas para asegurar que o patrimonio cultural imóvel se torne um elemento potenciador da coerência dos monumentos, conjuntos e sítios que o integram, e da qualidade ambiental e paisagística.



2. Para os efectos deste artigo, o Estado, as Regiões Autónomas e as autarquias locais promoverán, no âmbito das atribucións respectivas, a adopción de providencias tendentes a recuperar e valorizar zonas, centros históricos e outros conjuntos urbanos, aldeas históricas, paisagens, parques, jardins e outros elementos naturais, arquitectónicos ou industriais integrados na paisagem.
3. Relativamente aos conjuntos e sítios, a legislação de desenvolvemento establecerá especialmente:
 - a) Os criterios exigidos para o seu reconecemento legal e os beneficios e incentivos daí decorrentes;
 - b) Os parámetros a que deben obedecer os planos, os programas e os regulamentos aplicábeis;
 - c) Os sistemas de incentivo e apoio à gestão integrada e descentralizada;
 - d) As medidas de avaliación e control.

2 O tratamento da paisaxe na lexislación de Galicia

Malia esta opción, a Lei da paisaxe de Galicia non é único texto legal que condiciona o tratamento xurídico da paisaxe, toda vez que xa con anterioridade a normativa cultural se ocupou da materia. Polo tanto, chega a quenda de analizar o alcance desta lexislación, debendo partir dos presupostos derivados do dereito internacional para a continuación analizar os distintos supostos de protección cultural da paisaxe.

2.1 Presupostos derivados de dereito internacional

A normativa cultural española ne seu conxunto debe aplicarse dun xeito encamiñado non só ao cumprimento dos convenios internacionais senón tamén ao doutros textos que, en principio, carecen de valor normativo. Desta maneira, a Disposición Adicional Sétima da Lei 16/1985 do Patrimonio Histórico Español redactadou unha cláusula pouco frecuente no noso ordenamento xurídico a cuxo teor sen prexuízo do disposto na presente Lei, as Administracións a quen corresponda a súa aplicación quedarán tamén suxeitas aos Acordos internacionais validamente celebrados por España. A actividade de tales Administracións estará asimesmo encamiñada ao cumprimento das resolucións e recomendacións que, para a protección do Patrimonio Histórico, adopten os Organismos internacionais dos que España sexa membro.

Neste punto, ademais da Convención de Florencia atopámonos coa Carta para a interpretación e presentación de sitios históricos de 2008, a Convención da UNESCO para a Protección do Patrimonio Mundial Cultural e Natural de 1972 ou a Recomendación da UNESCO relativa á protección da beleza e o carácter de lugares e paisaxes de 1962. A lectura combinada destes textos permite establecer as seguintes consecuencias en canto ao tratamento da paisaxe desde o punto de vista cultural⁴:

- Corresponde aos poderes públicos:

4 ROMA VALDÉS, 2010, pp. 55-70.

- a) identificar as súas propias paisaxes en todo o seu territorio
 - b) analizar as súas características e as forzas e presións que os transforman
 - c) realizar o seguimento das súas transformacións
 - d) calificar as paisaxes así definidas, tendo en conta os valores particulares que lles atribúen as Partes e a poboación interesadas.
- Corresponde ao plan atender a ámbitos xeográficos desde o extenso ao reducido. Así:
 - a. A creación e conservación de reservas naturais e parques nacionais;
 - b. A clasificación “por zonas” das paisaxes extensas.
 - c. A clasificación de lugares de interese illados;
 - Nos máis amplos, a clasificación por zonas ha de entrañar o control da parcelación e a observancia de certas disposicións xerais de carácter estético referentes ao emprego dos materiais e á súa cor, ás normas de altura, ás precaucións necesarias para disimular as escavacións debidas á construción de encoros ou á explotación de canteras, á regulamentación da corta de árbores, etc. Nos lugares illados e de pequenas dimensións, naturais e urbanos, así como as partes de paisaxe que ofrezan un interese excepcional, han de ser especialmente clasificados. Ademais, han de clasificarse os terreos en que se goce dunha vista excepcional e os terrenos e inmobles que circunden un monumento notable. Cada lugar, terreo ou edificio especialmente clasificado ha de ser obxecto dunha decisión administrativa especial, notificada ao propietario. Esta clasificación especial ha de levar consigo, para o propietario, a prohibición de destruír o lugar ou de modificar o seu estado ou aspecto sen previa autorización das autoridades encargadas da protección. Por último, as obras (edificacións, construcións) e actividades (camping, corta de arborado, etc.) con impacto na paisaxe deben quedar sometidos a control administrativo.

2.2 Espazos expresamente declarados pola lexislación cultural

A lexislación cultural define varias formas de protección de espazos naturais polo seu valor cultural. Trátase dos supostos seguintes:

2.2.1 Sitios históricos e zonas arqueolóxicas

O artigo 15.5 da Lei do Patrimonio Histórico Español define como sitio histórico o lugar ou paraxe natural vinculado a acontecementos ou lembranzas do pasado, a tradicións populares, creacións culturais ou da natureza e a obras do home, que posúan valor histórico, etnolóxico, paleontolóxico ou antropolóxico. Asimesmo, zona arqueolóxica como o lugar ou paraxe natural onde existen bens móbiles ou inmobles susceptibles de ser estudados con metodoloxía arqueolóxica, foran ou non extraídos e tanto se atopan na superficie, no subsolo ou baixo as ahuas territoriais españolas⁵. Para ambos os dous supostos, o artigo 21 establece o deber de inclusión no plan urbanístico, de maneira que se inclúan os compo-

⁵ Este esquema trasladouse á clasificación dos bens de interese cultural das distintas comunidades autónomas que engadiron de maneira excepcional novas categorías que alcancen a protexer a paisaxe. Son os casos seguintes:

ñentes naturais que o acompañan, definindo los tipos de intervención posible y el deber de mantener la estructura urbana y arquitectónica, así como das características generales de su ambiente⁶.

Este esquema trasládase ao artigo 8 da Lei de Patrimonio cultural de Galicia, que define sitio ou territorio histórico como o lugar ou paraxe natural vinculado a acontecementos ou lembranzas do pasado, creacións culturais ou da natureza, e a obras do home que posúan valores históricos ou técnicos, zona arqueolóxica, o lugar ou paraxe natural onde existen bens mobles ou inmobles susceptibles de ser estudados con metodoloxía arqueolóxica, tanto se se atopasen na superficie como no subsolo ou baixo as augas territoriais e lugar de interese etnográfico, aquel paraxe natural, conxunto de construcións ou instalacións vinculadas a formas de vida, cultura e actividades tradicionais do pobo galego.

A protección urbanística concrétese nos artigos 62.2 e 75 da lei 9/2002 de ordenación urbanística de Galicia, que establecen as condicións que debe conter o plan en protección dos valores ambientais y culturais. De acordo co primeiro, o plan analizará detalladamente os usos do solo, os cultivos, a paisaxe rural, a tipoloxía das edificacións e construcións tradicionais da zona, as infraestruturas existentes, os camiños e vías rurais, o plan urbanístico dos municipios limítrofes e calquera outra circunstancia relevante para a xustificación das determinacións en solo rústico. Pola súa parte, o artigo 75 concreta a plasmación deste rexime nos catálogos urbanísticos.

2.2.2 Os camiños de Santiago

Con antecedentes no Decreto 2224/1962 e a Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Histórico e Documental de 12 de novembro de 1992, a Lei 3/1996 dos Camiños de Santiago establece un ámbito de protección cultural e paisaxística respecto dos camiños de Santiago e ten por obxecto a delimitación e regulación da conservación, uso e diferentes niveis

A Lei 11/1998 de patrimonio cultural de Cantabria incorpora no seu catálogo os lugares históricos e os lugares naturais. Como tal define aquel paraxe natural que, polas súas características xeolóxicas ou biolóxicas e pola súa relación co Patrimonio Cultural, se considere conveniente protexer e non teña a consideración de Parque Natural ou Nacional.

A Lei 10/1998 de Patrimonio Histórico de Madrid comprende a paisaxe no seu artigo 1.3. No 30 engade que o patrimonio arqueolóxico da Comunidade de Madrid comprende os bens mobles e inmobles de carácter cultural e histórico, para cuxo estudo cómpre empregar metodoloxía arqueolóxica. Tamén o integran o territorio ou paisaxe habitada polo home en época histórica e prehistórica e os elementos xeolóxicos e paleontolóxicos relacionados co ser humano e coas súas orixes e antecedentes.

A Lei 14/2007 de patrimonio cultural de Andalucía establece no seu artigo 26 outra figura, as Zonas Patrimoniais, aqueles territorios ou espazos que constitúen un conxunto patrimonial, diverso e complementario, integrado por bens diacrónicos representativos da evolución humana, que posúen un valor de uso e disfrute para a colectividade e, no seu caso, valores paisaxísticos e ambientais.

Dunha maneira máis concreta, o artigo 15 da Lei 14/2005 de patrimonio cultural de Navarra establece a categoría de Paisaxe Cultural, definindo por tal a paraxe natural, lugar de interese etnolóxico, conxunto de construcións ou instalacións vinculadas a formas de vida, cultura e actividades tradicionais do pobo navarro. Engade, asimismo, a Vía Histórica, a saber, a vía de comunicación de significada relevancia cultural, histórica, etnolóxica ou técnica.

A Lei 7/2004 de patrimonio cultural, histórico e artístico da Rioxa establece unha ampla variedade de lugares culturais que comprende dous: non presentes tampouco na lexislación estatal:

- Vía Cultural: Trazado viario de carácter histórico, transitado nalgún momento como medio físico de comunicación, con independencia da súa antigüidade, estado de conservación ou uso actual.
- Paisaxe Cultural: Extensión de terreo representativa da interacción do traballo humano coa natureza. O seu réxime como Ben de Interese Cultural aplicarase sen prexulzo da súa protección específica mediante a lexislación ambiental. Especial consideración merecerá a paisaxe Cultural do Viñedo.

Por último, a Lei 4/1998 do patrimonio cultural valenciano menciona a figura do Parque Cultural, o espazo que contén elementos significativos do patrimonio cultural integrados nun medio físico relevante polos seus valores paisaxísticos e ecolóxicos.

6 Son poucas as sentenzas que se ocuparon do réxime de autorizacións en paisaxes pintorescas por parte do Tribunal Supremo, podendo citarse as de [23 de xaneiro de 1995](#) (Pulido), [26 de xaneiro de 1998](#) (Enríquez), [26 de xaneiro de 1999](#) (Rodríguez-Zapata) e de [21 de novembro de 2000](#) (Menéndez). Na xurisprudencia do T. S. X. de Galicia, pode indicarse a sentenza de [20 de marzo de 2002](#) que sinala que para a súa categorización non debe atenderse ao estado actual do lugar senón á súa raigame e tradición.

de protección dos tramos dos camiños de Santiago que discorren por Galicia⁷. A importancia desta vía maniféstase noutra normativa internacional, en concreto, Recomendación da UNESCO relativa á protección da beleza e do carácter dos lugares e paisaxes, 1962, a Carta ICOMOS de turismo cultural, 1999, a Carta de ICOMOS de itinerarios culturais de 2008, a Recomendación 987 do Consello de Europa sobre rutas culturais europeas, 1984, a Opinión do Consello de Europa sobre vías de peregrinación, 1986, a Resolución 98 (4) do Consello de Europa sobre rutas culturais europeas 1998, a Resolución Marco do Consello de Europa establecendo o Centro Europeo sobre rutas culturais e paisaxes, 2002 e a Resolución do Grupo de Traballo do Consello de Europa sobre rutas culturais, 2003.

Precisamente o seu artigo 1 define os conxuntos como os grupos de construcións, illadas ou reunidas, cuxa arquitectura, unidade e integración na paisaxe lles dea un valor universal excepcional desde o punto de vista da historia, da arte ou da ciencia. Por conseguinte, a paisaxe é un elemento consustancial aos Camiños de Santiago, e determina que no ámbito de protección se estableza unha franxa de protección que alcanza en Galicia os trinta metros considerados de maneira automática e que se antollan curtos nalgúns puntos e mesmo excesivos noutros. De acordo con este precepto, que recolle as previsións da normativa internacional aludida:

1. A fin de salvagardar o Camiño, en canto ben de interese cultural, establécese unha zona de protección do medio, composta por dúas franxas de 30 metros de ancho, contados a partir dos límites exteriores do mesmo, na que o uso do solo quedará sometido á autorización da Consellería de Cultura, previo informe preceptivo do Comité Asesor do Camiño de Santiago.
2. A autorización a que se refire o parágrafo anterior unicamente poderá outorgarse cando as actuacións respondan ás características tradicionais da zona e respecten os valores do Camiño.
3. En calquera caso, na zona de protección do medio queda prohibido:
 - a. Todo tipo de publicidade.
 - b. A explotación mineira.
 - c. A extracción de grava e area.
4. Na zona de protección, a Consellería competente poderá levar a cabo unha ordenación espacial mesmo das explotacións agrarias afectadas polo Camiño.
5. Para calquera actuación sobre o Camiño de Santiago terase en conta o disposto na lexislación de avaliación de impacto ambiental.

Ao respecto, a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ocupouse de protexer o Camiño lembrando a preceptividade do informe da Administración na aprobación

7 A normativa autonómica comprende o Decreto 96/1988 da Comunidade Autónoma de Aragón; en Asturias a Disposición Adicional Quinta da Lei 1/2001, de 6 de marzo, do Patrimonio Cultural, ademais dos decretos 15/2002 e 63/2006; en Castela e León o Decreto 324/1999; en Navarra a Disposición Adicional Terceira da Lei 14/2007 de patrimonio cultural de Andalucía ou o 40 da Lei 14/2005 de patrimonio cultural e os Decretos Forais 90/1988 e 324/1993; en Asturias, a Disposición Adicional Quinta da Lei 1/2001 de Patrimonio Cultural; e no País Vasco o Decreto 14/2000. Lembrar que en notas anteriores se indicou que a categoría de vía histórica aparece nas lexislacións de patrimonio cultural de Navarra e A Rioxa. Sobre a lexislación autonómica, Pillado, 2010; e a estatal, v. Abad Liceras, 1999. Sobre a normativa internacional, v. 2007.



do plan (Sentenza, Segunda, Fernández de Leiceaga, de 31 de xaneiro de 2008), que a falta de aprobación do plan Especial sinalado pola lei non impide a súa aplicación nas construcións realizadas na servidume (Sentenza, Segunda, de 14 maio, 2009) e que a instalación de parques eólicos pode afectar ao Camiño e outros valores paisaxísticos (Sentenza, Terceira, Quintas, de 26 de outubro de 2006). No mesmo sentido, a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Castela e León de 13 de febreiro de 2009 ocupouse da denegación dunha antena de telefonía móbil e a do de Aragón de 17 de xullo de 2007 da necesidade de obter a licenza preceptiva da autoridade tutelante.

3 Medio de bens de interese cultural e catalogados

A lexislación cultural estableceu un sistema de protección inmediata dos bens culturais, de modo que limita as actuacións que entorpezan a súa contemplación ou alteren a actual configuración dos mesmos. De acordo co artigo 44 da Lei de Patrimonio Cultural de Galicia, o medio dos monumentos estará constituído polos inmobles e espazos lindeiros inmediatos e, en casos excepcionais, polos non lindeiros ou afastados, sempre que unha alteración dos mesmos poida afectar aos valores propios do ben de que se trate, a súa contemplación, apreciación ou estudo⁸.

Os sistemas establecidos de protección son os seguintes:

8 O artigo 17 da Lei 10/1998 de Patrimonio Histórico de Madrid entende por medio dun ben cultural inmovible o espazo circundante que pode incluír: inmobles, terreos edificables, solo, subsolo, trama urbana e rural, espazos libres e estruturas significativas que permitan a súa percepción e comprensión cultural que será delimitado na correspondente resolución, cuxa existencia, xa sexa por razóns de acceso, visibilidade, conxunción ou outras de carácter estético ou técnico, realza ao ben en cuestión e faíno merecedor dunha protección singular cuxo alcance e réxime específico se expresará na resolución correspondente de declaración ou de inclusión no Inventario.

A Lei 11/1998 de patrimonio cultural de Cantabria entende no seu artigo 50 por medio dun ben inmovible declarado de Interese Cultural o catalogado de Interese Local o espazo, edificado ou non, próximo ao ben, que permite a súa adecuada percepción e comprensión, considerando tanto a época da súa construción, como a súa evolución histórica, que dá apoio ambiental e cultural ao mesmo e que permite a plena percepción e comprensión cultural do ben e cuxa alteración pode afectar á súa contemplación ou aos valores do mesmo. O medio pode incluír edificios ou conxuntos de edificios, soares, terreos —en todos os casos co correspondente subsolo—, tramas urbanas e rurais, accidentes xeográficos e elementos naturais ou paisaxísticos; sen prexuízo de que estes se atopen moi próximos ou distantes do ben ou que constitúan un ámbito continuo ou descontínuo. Esta norma establece un sistema de delimitación.

O artigo 44 da Lei 7/2004 de patrimonio cultural, histórico e artístico da Ríoxa entende por medio dun inmovible declarado Ben de Interese Cultural o espazo, edificado ou non, circundante ou próximo ao ben cultural, que permite a súa adecuada percepción e comprensión, considerando tanto a época da súa construción, como a súa evolución histórica, que dá apoio ambiental e cultural ao mesmo e que permite a plena percepción e comprensión cultural do ben e cuxa alteración pode afectar á súa contemplación ou aos valores do mesmo. O medio pode incluír edificios ou conxuntos de edificios, soares, terreos edificables, solo, subsolo, tramas urbanas e rurais, accidentes xeográficos e elementos naturais ou paisaxísticos, sen prexuízo de que estes se atopen moi próximos ou distantes do ben cultural ou que constitúan un ámbito continuo ou descontínuo.

Pola súa parte, o artigo 38 da Lei 2/1999, de 29 de marzo, de Patrimonio Histórico e Cultural de Estremadura, establece que o medio dos monumentos estará constituído polos inmobles e espazos lindeiros inmediatos; enténdese como medio dun ben cultural inmovible o espazo circundante que pode incluír: inmobles, terreos edificables, solo, subsolo, trama urbana e rural, espazos libres e estruturas significativas que permitan a súa percepción e comprensión cultural e, en casos excepcionais, polos non lindeiros e afastados, sempre que unha alteración dos mesmos poida afectar aos valores propios do ben de que se trate, a súa contemplación, apreciación ou estudo. A tal fin concretáranse exactamente os termos respecto ao medio do monumento a protexer. A existencia do medio realza o ben e faíno merecedor dunha protección singular cuxo alcance e réxime específico expresárase na resolución correspondente de declaración de ben de interese cultural ou de inclusión no inventario do patrimonio histórico e cultural de Estremadura. O medio será delimitado na correspondente resolución e gozará da mesma protección que o ben inmovible de que se trate. No seu artigo 39 establece un sistema de delimitación.

Tamén define medio o artigo 28 da Lei 14/2007 de patrimonio cultural de Andalucía ou o 40 da Lei 14/2005 de patrimonio cultural de Navarra.

O mesmo principio atopámolo no artigo 52 da Lei 107/2001 de 8 de setembro de bases da política e do regime de protección e valorización do patrimonio cultural de Portugal, que establece:

1. O enquadramento paisaxístico dos monumentos será obxecto de tutela reforzada.
2. Nenhumas intervencións relevantes, em especial alteraçoes com incidência no volume, natureza, morfologia ou cromatismo, que tenham de realizar-se nas proximidades de um bem imóvel classificado, ou em vias de classificação, podem alterar a especificidade arquitectónica da zona ou perturbar significativamente a perspectiva ou contemplação do bem.

3.1 Inseparabilidade do medio

Conforme ao artigo 18 da Lei de Patrimonio Histórico Español, un inmovible declarado ben de interese cultural é inseparable do seu medio. Non se poderá proceder ao seu desprazamento ou remoción, agás que resulte imprescindible por causa de forza maior ou de interese social e, en todo caso, conforme ao procedemento previsto⁹. De maneira análoga, o artigo 36 da Lei de Patrimonio Cultural de Galicia un inmueble declarado ben de interese cultural é inseparable do seu medio. Non poderá procederse ao seu desprazamento agás que resulte imprescindible por causa de forza maior ou interese social, previo informe favorable da Consellería de Cultura, en cuxo caso será preciso adoptar as cautelas necesarias naquelo que poida afectar ao solo ou subsolo. Para a consideración de causa de forza maior ou de interese social, será preceptivo el informe favorable de al menos dos das institucións consultivas establecidas na Ley.

3.2 Preceptividade de autorización das autoridades culturais das actuacións que afecten ao medio

Conforme ao artigo 19.1 da Lei de Patrimonio Histórico Español, nos monumentos declarados bens de interese cultural non poderá realizarse obra interior ou exterior que afecte directamente ao inmovible ou a calquera das súas partes integrantes ou pertenzas sen autorización expresa dos organismos competentes para a execución desta Lei. Será preceptiva a mesma autorización para colocar en fachadas ou en cubertas calquera clase de rótulo, sinal ou símbolo, así como para realizar obras no medio afectado pola declaración¹⁰. Conforme ao artigo 44.4 da Lei de Patrimonio Cultural de Galicia, para calquera intervención que pretenda realizarse, a existencia dunha figura de plan que afecte ao medio dun monumento non poderá escusar o informe preceptivo e vinculante da Consellería de Cultura¹¹.

9 Esta prohibición ten a súa plasmación no artigo 41 da Lei 14/2005 de patrimonio cultural de Navarra.

10 Este principio está presente nos artigos 41 da Lei 12/2002, de 11 de xullo, de Patrimonio Cultural de Castela e León, 29 da Lei 7/1990, de 3 de xullo, de Patrimonio Cultural Vasco, 52 e seguintes da Lei 11/1998 de patrimonio cultural de Cantabria. En concreto, respecto dos lugares culturais, a lei condiona as actuacións aos seguintes criterios:

- Manterase a estrutura urbana ou rural, as características ambientais e a silueta paisaxística dos distintos compoñentes do lugar.
- O volume, a forma, as texturas e a cor das novas intervencións non alterarán o carácter arquitectónico e paisaxístico do lugar, nin perturbarán a percepción do ben.
- Manterase a vexetación característica da zona.
- A colocación de rótulos publicitarios e comerciais, canalizacións e demais infraestruturas ordenaranse regulamentariamente a fin de evitar a alteración da percepción dos monumentos e a degradación ambiental do conxunto.
- Prohíbense aqueles movementos de terras que modifiquen substancialmente a topografía e a xeomorfoloxía do territorio.

11 Dentro do Tribunal Supremo cabe citar as sentenzas de 23 de xuño de 2003 (Lucas), 30 de outubro de 2007 (Martí), 22 de abril de 2009 (Yagüe) ou de 28 de abril de 1997 (González). De acordo con esta última, os letrados deben acomodarse en todo caso ás características do monumento afectado.

Malia a clara dicción da Lei de Patrimonio Cultural, é rechamante a litixiosidade que alcanzou esta previsión no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que remarcou a necesidade de autorización autonómica na concesión de licenzas que afecten de maneira inmediata ao medio de monumentos. Poden citarse as sentenzas de 9 de setembro de 1999 (Segunda, Méndez), 18 de maio de 2000 (Segunda, Méndez), 23 de xaneiro de 2004 (Fdez. Leiceaga), 20 de febreiro de 2004 (Segunda, Díaz), 20 de febreiro de 2004 (Segunda, Díaz), Sentenza de 10 de maio de 2007 (Segunda, Arrojo), 16 de maio de 2007 (Segunda, Cibera), 18 de xuño de 2009 (Segunda, Méndez) ou 22 de outubro de 2009 (Segunda, Méndez). Esta licenza é necesariamente previa á municipal e a súa concesión non exclúe da necesidade doutras autorizacións autonómicas nos supostos previstos pola lexislación como marca a sentenza de 11 de xuño de 2009 (Segunda, Méndez) e alcanza ao perímetro do monumento, como sinala a de 21 de xullo de 2004 (Galindo). Esta licenza ten como obxecto evitar as actuacións que incidan negativamente no monumento (sentenza de 18 de setembro de 2009 (Segunda, Sellés). Este corpo xurisprudencial esixiu dúas condicións:

- A autorización autonómica esixe que o monumento estea catalogado, non sendo suficiente o municipal (sentenza de 30 de abril de 2010 (Segunda, Fernández).
- Non afecta negativamente ao medio dun monumento a construción dun edificio que substitúa a outros preexistente (Sentenza de 1 de outubro de 2009 (Segunda, Arrojo).



3.3 Prohibición de elementos que limiten a contemplación do ben

De acordo co artigo 19 da Lei de Patrimonio Histórico Español, queda prohibida a colocación de publicidade comercial e de calquera clase de cables, antenas e conduccións aparentes nos xardíns históricos e nas fachadas e cubertas dos monumentos declarados de interese cultural. Prohíbese tamén toda construción que altere o carácter dos inmobles a que fai referencia este artigo ou perturbe a súa contemplación¹².

3.4 Incidencia do monumento nas actuacións lindeiras

Por último, e de acordo co artigo 44.2 da Lei de Patrimonio Cultural de Galicia, o volume, tipoloxía, morfoloxía e cromatismo das intervencións no medio dos monumentos non poden alterar o carácter arquitectónico e paisaxístico da zona, nin perturbar a contemplación do ben. De feito, poderán expropiarse, e proceder ao seu derrubamento, os inmobles que impidan ou perturben a contemplación dos monumentos ou dean lugar a riscos para os mesmos¹³.

4 Impacto ambiental desde o punto de vista cultural

Ademais do impacto ambiental derivado da normativa medioambiental, debe poñerse de manifesto a existencia da necesidade de establecer un impacto ou efecto ambiental das actuacións que afecten ao patrimonio cultural derivado do artigo 32 da Lei de Patrimonio Cultural, a cuxo teor¹⁴:

-
- 12 Un principio análogo atopámolo no artigo 42 da Lei 4/2007, de 16 de marzo, de Patrimonio Cultural da Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia, que establece que as intervencións no medio dos monumentos non poderán alterar o carácter arquitectónico e paisaxístico da zona, agás que sexa degradante para o monumento, nin perturbar a súa contemplación ou atentar contra a integridade do mesmo. Prohíbense as instalacións e os cables eléctricos, telefónicos e calquera outros de carácter exterior. Pode mencionarse tamén o artigo 39 da Lei 14/2005 de patrimonio cultural de Navarra, o 43.6 e 7 da Lei 7/2004 de patrimonio cultural, histórico e artístico da Rioxa.
- Pola súa parte, o artigo 19 da Lei 14/2007 de patrimonio cultural de Andalucía introduciu o principio de evitación da contaminación visual e preceptiva a través deste teor:
1. Enténdese por contaminación visual ou perceptiva, aos efectos desta Lei, aquela intervención, uso ou acción no ben ou no seu medio de protección que degrade os valores dun ben inmueble integrante do Patrimonio Histórico e toda interferencia que impida ou distorsione a súa contemplación.
 2. Os municipios nos que se atopen bens inscritos no Catálogo Xeral do Patrimonio Histórico de Andalucía deberán recoller no plan urbanístico ou nas ordenanzas municipais de edificación e urbanización medidas que eviten a súa contaminación visual ou perceptiva. Tales medidas comprenderán, polo menos, o control dos seguintes elementos:
 - a. As construcións ou instalacións de carácter permanente ou temporal que pola súa altura, volumetría ou distancia poidan perturbar a súa percepción.
 - b. As instalacións necesarias para os subministrados, xeración e consumo enerxéticos.
 - c. As instalacións necesarias para telecomunicacións.
 - d. A colocación de rótulos, sinais e publicidade exterior.
 - e. A colocación de mobiliario urbano.
 - f. A ubicación de elementos destinados á recollida de residuos urbanos.
 3. As persoas ou entidades titulares de instalacións ou elementos aos que se refire este artigo estarán obrigadas a retiralos no prazo de seis meses cando se extinga o seu uso.
- 13 De modo análogo, o artigo 35.3 da Lei 9/1993, de 30 de setembro, do Patrimonio cultural catalán, 38.2 da Lei 2/1999, de 29 de marzo, de Patrimonio Histórico e Cultural de Estremadura ou os artigos 31 e 41 da Lei 12/1998, de 21 de decembro, do Patrimonio Histórico das Illes Balears.
- Noutras leis esta protección alcanza o plan urbanístico, como sinala o artigo 63 da Lei 11/1998 de patrimonio cultural de Cantabria, 43.8 da Lei 7/2004 de patrimonio cultural, histórico e artístico da Rioxa, 39 da Lei 4/1998 do patrimonio cultural valenciano ou os artigos 30 a 35 da Lei 14/2007 de patrimonio cultural de Andalucía.
- 14 A medida atopámola no artigo 46 da Lei 11/1998 de patrimonio cultural de Cantabria, 30 da Lei 12/2002, de 11 de xullo, de Patrimonio Cultural de Castela e León, 24 da Lei 10/1998 de Patrimonio Histórico de Madrid, 32 da Lei 14/2007 de patrimonio cultural de Andalucía, 29 e 30 da Lei 4/1999, de 15 de marzo, de Patrimonio Histórico de Canarias e 30 da Lei 2/1999, de 29 de marzo, de Patrimonio Histórico e Cultural de Estremadura.

1. A Consellería de Cultura deberá de ser informada dos plans, programas e proxectos, tanto públicos como privados, que pola súa incidencia sobre o territorio poidan implicar risco de destrución ou deterioro do patrimonio cultural de Galicia.
2. Aos efectos previstos no apartado anterior, a Consellería de Cultura deberá de establecer aquelas medidas protectoras e correctoras que considere necesarias para a protección do patrimonio cultural de Galicia.
3. Na tramitación de todas as avaliacións de impacto ou efecto ambiental, o organismo administrativo competente en materia de medio ambiente solicitará informe da Consellería de Cultura e incluirá na declaración ambiental as consideracións e condicións resultantes do devandito informe.
4. Haberán de ser incluídas todas as figuras relativas ao plan urbanístico.

Postas así as cousas, a lexislación cultural entra en sintonía co artigo 7 do Real Decreto Lexislativo 1/2008 polo que se aproba o texto refundido da Lei de impacto ambiental de proxectos a cuxo teor:

Os proxectos que haxan de someterse a avaliación de impacto ambiental deberán incluír un estudo de impacto ambiental, cuxa amplitude e nivel de detalle determinárase previamente polo órgano ambiental. O devandito estudo conterá, polo menos, os seguintes datos:

- c) Avaliación dos efectos previsibles directos ou indirectos do proxecto sobre a po-boación, a flora, a fauna, o solo, o aire, a auga, os factores climáticos, a paisaxe e os bens materiais, incluído o patrimonio histórico artístico e o arqueolóxico. Asimesmo, atenderase á interacción entre todos estes factores.

E do mesmo modo, dentro da lexislación autonómica co artigo 4 da Lei 1/1995, de protección ambiental de Galicia¹⁵.

Polo tanto, a través desta medida extensible á aplicación da lexislación en materia dos Camiños de Santiago, péchase o círculo de protección ambiental dos bens culturais con independencia da súa clasificación.

5 Conclusións

A lexislación galega en materia de paisaxe é variada salientando pola súa importancia a Lei da paisaxe. Porén, esta variedade non significa necesariamente unha maior claridade para os que deben aplicar a mesma. En particular, a norma indicada omite as importantísimas referencias aos aspectos culturais do medio paisaxístico de Galicia e cómpre acudir á normativa en materia de patrimonio cultural coa que todas as normas forman un conxunto único.

6 Bibliografía

J. M. Abad Liceras, “El Camino de Santiago en la legislación estatal”, Diario La Ley, 1999.

¹⁵ Ao respecto, García Magariños, 2010.



José Manuel Alegre Ávila, *Evolución y régimen jurídico del patrimonio histórico*, Madrid, 1994.

Fernando Canales Pinacho, María Pilar Ochoa Gómez, "La juridificación del paisaje o de cómo convertir un criterio esencialmente estético en un bien jurídico objetivable", Diario La Ley, 2009.

M. Déjeant-Pons, "El convenio europeo del paisaje", Convenio europeo del paisaje. Textos y comentarios, Madrid, 2009.

Antonio Díaz Otero, "O valor xurídico da paisaxe no dereito público galego", *Corts. Anuario de dereito parlamentario*, núm. 21.

Alfonso García Magariños, "O Camiño de Santiago: problemática como ben cultural e medioambiental", VV. AA. *Unha visión xurídica do Camiño de Santiago*, Santiago, 2010.

J. L. Meilán Gil, A. Fernández Carballal, J. J. Raposo Arceo, H. Pérez Novo, C. Pérez González, I. Soto González, M. D. Rivera Frade, A. Roma Valdés, *Comentarios a la Ley de Ordenación urbanística y protección del medio rural de Galicia*, Pamplona, 2009.

José Oreiro Romar, "A problemática xurídica contenciosa relacionada co Camiño de Santiago. A vulneración da normativa de protección e uso do mesmo e os problemas derivados da confluencia entre os intereses urbanísticos e o Camiño de Santiago", VV. AA. *Unha visión xurídica do Camiño de Santiago*, Santiago, 2010.

Manuel Pillado Quintáns, "A protección xurídica do Camiño de Santiago na lexislación doutras comunidades autónomas", VV. AA. *Unha visión xurídica do Camiño de Santiago*, Santiago, 2010.

Antonio Roma Valdés, "Presente e futuro do patrimonio rural na lexislación", *Reflexións en torno ao medio rural*, Allariz, 2010.

Françoise Tondre, "El Patrimonio Cultural y los Itinerarios Culturales del Consejo de Europa: Nuevas orientaciones. Caminos hacia la diversidad, puentes entre las comunidades: el patrimonio cultural en las sociedades plurales", En AA.VV. *Caminos de Sefarad. Memoria 2007*, pp. 28-34.

Santiago Valencia Vila, "A Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia: o patrimonio etnográfico", *O patrimonio etnográfico. III Xornadas sobre a protección do patrimonio cultural*, Santiago, 2008.

O papel das infraestruturas viarias No marco da ordenación territorial de Galicia

ETHEL M^a VÁZQUEZ MOURELLE

Directora da Axencia Galega de Infraestruturas
Enxeñeira de camiños, canles e portos

Regap

MONOGRÁFICO
Ordenación do territorio e urbanismo

Resumo: *En Galicia as infraestruturas de transporte son un elemento clave para a competitividade da economía e estratéxico para a configuración dun modelo territorial equilibrado, tanto na súa articulación territorial interna como na definición das súas conexións exteriores.*

Superar definitivamente as limitacións que supón para Galicia a súa posición como ámbito periférico esixe planificar, proxectar, impulsar e executar un potente sistema de comunicacións baseado en estratexias de mobilidade sostible.

As novas autovías que se están desenvolvendo, tanto de conexión exterior como de vertebración interior, as liñas ferroviarias de alta velocidade e a posta en marcha de distintas iniciativas en materia de transportes e de promoción de modos alternativos, proporcionarán un salto cuantitativo e cualitativo.

En definitiva, en materia de infraestruturas viarias, a estratexia de futuro de Galicia debe ser completar os seus eixes de articulación territorial na rede de transporte, tanto na rede de conexión exterior como na rede principal interna.

Palabras clave: *Galicia, infraestruturas, planificar, mobilidade, sostible, competitividade, articulación territorial.*

Abstract: *In Galicia transport infrastructures are the key to the economy competitiveness as well as a strategic element to achieve a balanced territorial model, both in its territorial organization and in its external connections defining.*

Finally overcoming Galicia's handicap due to his peripheral location requires planning, designing, developing and implementing a powerful communications system based on sustainable mobility strategies.



New highways that are being developed, bringing both external and internal conexions, high speed rail lines and the implementation of various initiatives regarding alternative transport modes promotion, will provide a quantum leap.

In short, in terms of road infrastructure, Galicia should base its strategy for the future by completing its 6-axis based territorial transport network.

Key words: *Galicia, infrastructure, planning, mobility, sustainable, competitive, territorial articulation.*

Índice: *1. As infraestruturas de transporte e a ordenación territorial de Galicia. 1.1. A ordenación territorial en Galicia. 1.2. O marco da planificación. 1.3. A planificación da rede de infraestruturas de transporte. 1.3.1. Incidencia suprarrexional da planificación. 1.3.2. Incidencia interna da planificación. 1.4. O papel das infraestruturas de transportes na articulación territorial de Galicia. 1.4.1. O reforzo da articulación do sistema de cidades. 1.4.2. A reconstrución co transporte do territorio conformado polas cidades e as súas periferias. 1.4.3. Reforzar a relación das cidades cos grandes espazos do territorio rexional. 1.4.4. Garantir a accesibilidade ao extenso sistema de asentamentos. 2. Diagnóstico do estado actual das estradas en Galicia. 2.1. Características da rede de estradas galegas. 2.2. A rede de estradas galegas como soporte da accesibilidade aos núcleos de poboación. Travesías. 3. O plan director de estradas de Galicia, plan move. 3.1. Introducción. 3.2. Obxecto do plan. 3.3. Reflexión estratéxica. Principios estratéxicos e obxectivos do plan. 3.4. Actuacións propostas. 3.4.1. Nova clasificación da rede viaria galega. 3.4.2. Actuacións na rede autonómica. 4. Estado actual das infraestruturas. 5. Actuacións en curso en infraestruturas na comunidade galega. 6. Conclusións*

1 As infraestruturas de transporte e a ordenación territorial de galicia

As infraestruturas de Comunicacións e Transportes constitúen un elemento fundamental para o desenvolvemento de Galicia, por tres motivos principais:

- A posición xeográfica periférica de Galicia, afastada dos centros máis dinámicos do espazo europeo do que formamos parte.
- O seu Sistema Urbano Policéntrico, liderado por dúas cidades maiores, outras cinco cidades medias e un extenso conxunto de pequenas cidades, vilas intermedias e cabeceiras municipais.
- O complexo sistema de pequenos asentamentos de carácter rural, que completa os núcleos urbanos anteriores e que cobren a totalidade do territorio galego, conformando un sistema de asentamentos que dá accesibilidade e xestiona o conxunto do territorio galego.

1.1 A ordenación territorial en galicia

Antes de analizar o papel das infraestruturas na ordenación territorial de Galicia, é necesario facer unha análise do territorio da Comunidade galega.

A intensa dispersión territorial de Galicia é unha característica do seu sistema de distribución de poboación, no que dos 315 concellos que compoñen a comunidade, 258 teñen menos de 10.000 habitantes. Ao mesmo tempo, cada concello, ao contrario do que sucede

noutros territorios do Estado, distribúe a súa poboación nunha rede de pequenos asentamentos de poboación, nunha media de 0,9 entidades por km² para o conxunto de Galicia.

Das 28.699 entidades de poboación, 25.596 presentan unha poboación inferior aos 100 habitantes, o que supón máis do 89%, característica que pon de manifesto o fenómeno de dispersión territorial.

Distribución das entidades de poboación de Galicia


Poboación	A Coruña			Lugo			Ourense			Pontevedra			Galicia		
	Nº entidades	Poboación	% Poboación	Nº entidades	Poboación	% Poboación	Nº entidades	Poboación	% Poboación	Nº entidades	Poboación	% Poboación	Nº entidades	Poboación	% Poboación
0-100	8.685	231.189	20,16%	9.029	144.365	40,84%	3.158	82.649	24,66%	4.724	161.783	16,81%	25.596	619.966	22,16%
101-500	996	182.048	15,88%	115	21.756	6,15%	376	72.418	21,60%	1.221	244.046	25,36%	2.708	520.268	18,60%
501-1.000	63	43.987	3,84%	19	14.079	3,98%	20	13.652	4,07%	99	67.468	7,01%	201	139.186	4,98%
1.001-2.000	37	54.251	4,73%	8	12.735	3,60%	3	4.630	1,38%	38	53.475	5,56%	86	125.091	4,47%
2.001-5000	36	115.674	10,09%	4	11.884	3,36%	4	14.829	4,42%	19	55.332	5,75%	63	197.719	7,07%
5.001-10.000	8	59.655	5,20%	6	43.128	12,20%	2	12.599	3,76%	8	55.098	5,72%	24	170.480	6,09%
> 10.000	9	459.674	40,10%	2	105.557	29,86%	4	134.442	40,11%	6	325.270	33,80%	21	1.024.943	36,64%
TOTAL	9.834	1.146.458	100,00%	9.183	353.504	100,00%	3.567	335.219	100,00%	6.115	962.472	100,00%	28.699	2.797.653	100,00%

Fonte: Nomenclator de poboación (INE, 2010)

En canto ao volume de poboación cabe distinguir tres niveis claramente identificables: o primeiro, as dúas cidades cabeceira do sistema, Coruña e Vigo, que superan os 250.000 habitantes. Nun segundo nivel sitúanse as outras cinco principais cidades de Galicia con poboacións que superan os 50.000 habitantes, aproximándose case todas elas aos 100.000 habitantes. O terceiro nivel represéntano os 49 municipios que superan os 10.000 habitantes e, por último, os restantes municipios menores que ascenden a 259, o 82,2% do total de Galicia.

En tanto que se constata a inexistencia dun sistema de cidades capaz de concentrar e ser motor das iniciativas de crecemento económico e desenvolvemento urbano, que descansa apoiado principalmente no sistema urbano principal que se constitúe arredor das sete cidades galegas, o fenómeno da dispersión dos asentamentos amplía progresivamente o seu ámbito territorial, que xa non descansa unicamente na cidade central e nos municipios integrantes da súa área urbana, senón que se estende —principalmente ao longo dos eixos de comunicación— conformando unha extensa área de asentamentos que demanda en maior medida accións singulares de ordenación que contribúan á mellora da articulación territorial.


En efecto, a visión do plano de distribución espacial dos asentamentos permite percibir a conformación de dúas amplas rexións urbanas arredor das cidades da Coruña-Ferrol, polo norte, e Vigo-Pontevedra, ao sur, pero tamén comeza a percibirse a presenza dun fenómeno de concentración que se estende desde Vigo e Santiago invadindo a Ría de Arousa, conformando unha ampla mancha de difusión territorial, que reproduce o modelo de expansión das cidades experimentado na década anterior, cara aos espazos máis amplos, expandindo un crecemento que se apoia en núcleos de tamaño medio. Neste sentido, núcleos como Ribeira, Boiro, Padrón e sobre todo Vilagarcía, non poden ser entendidos illadamente senón formando parte dun amplo espazo territorial de base urbana.



Cara ao norte, con menor forza, percíbese un fenómeno similar na rexión A Coruña-Ferrol, coa súa expansión cara Carballo e Valdoviño-Cedeira, pero lonxe aínda de estender a súa difusión cara espazos territoriais da Costa Norte e a Costa da Morte.

Arredor das dúas capitais provinciais interiores o fenómeno de expansión é menor, aínda que si recolleu parte dos efectivos poboacionais que abandonaban as súas respectivas provincias. Isto pódese apreciar no discreto fenómeno de expansión da área urbana de Ourense que permite intuír a conformación dunha ampla coroa exterior arredor das vilas de Carballiño, Celanova e Allariz.

O resto do sistema territorial artículase arredor das cidades e vilas de tamaño medio que constitúen o sistema urbano intermedio, arredor de núcleos como Ribadeo, Viveiro, Cee e Noia, na costa, e Lalín, As Pontes, Vilalba, Sarria, Monforte, Xinzo, Verín e O Barco no interior.




Finalmente, indicar que son significativos os datos acerca das densidades de poboación. As provincias da Coruña e Pontevedra presentan no seu conxunto densidades moi superiores á media galega, expresivas do maior peso e da maior concentración de poboación. As provincias interiores presentan moi baixas densidades de poboación no seu conxunto, arredor dos 40 habitantes /km², asimilables ás do sistema rural das provincias atlánticas.

Nunha visión global comparativa pode confirmarse a existencia dun sistema urbano principal que presenta densidades superiores aos 330 habitantes/km², cifra non moi elevada en comparación coas principais cidades españolas, pero que permite e favorece a aparición de fenómenos de concentración urbana nas actividades de emprego, comercio e servizos; en tanto que a densidade dos espazos asociados ao sistema urbano secundario, que se sitúan arredor dos 80 habitantes/km², aínda pode considerarse moi feble respecto da posibilidade de aparición de fenómenos de concentración dun nivel medio e superior de servizos, ao

non terse superado o albor de densidade que favorece a aparición destes fenómenos de natureza urbana, que pode situarse arredor dos 100 habitantes /km².

Respecto á densidade de poboación municipal, os planos que se acompañan a continuación reflicten con claridade a dispersión poboacional, fronte aos fenómenos de concentración xa comentados. Constatase a existencia dun bo número de municipios con moi baixas taxas de densidade (menores a 25 hab./km²), maioritariamente localizados no interior e próximos ás comunidades de Asturias e Castela-León ou ao veciño país de Portugal.



Densidade de poboación municipio hab./km².
Ano 2006

Hipótese de densidade de poboación municipio hab./km².
Ano 2017

A lectura simultánea dos dous planos que se acompañan permite reafirmar a existencia dos fenómenos de concentración descritos arredor das sete cidades e as súas áreas urbanas, xunto coa pervivencia e aparición de espazos intermedios compostos por municipios e cidades menores que conforman os sistemas urbanos intermedios, que nos últimos anos experimentaron igualmente fenómenos de concentración de poboación (máis sutís e de menor dimensión que nas cidades principais) en detrimento dos municipios do seu medio territorial.

As hipóteses do IGE para a proxección da poboación futura (ano 2017) confirman o mantemento das densidades de poboación actuais en liñas xerais. Apréciase, en todo caso, unha tendencia á concentración de poboación arredor das áreas urbanas da Coruña, Santiago e Vigo que se materializaría no incremento da densidade de poboación dalgún dos municipios limítrofes das cidades principais. Pola contra, as áreas urbanas de Ourense e, en menor medida, de Lugo, experimentarían unha diminución de poboación.

1.2 O marco da planificación

- A Ordenación Territorial de Galicia

Os instrumentos políticos e institucionais necesarios para abordar a Ordenación Territorial de Galicia non xurdiron ata a aprobación do Estatuto de Autonomía e os desenvolvementos legais en materia de Ordenación Territorial.


Neste sentido a “Lei 10/1995 de Ordenación do Territorio de Galicia”, contempla no seu capítulo II as funcións e contidos das Directrices de Ordenación do Territorio. A súa concepción global, integrada no deseño económico e social de Galicia, propón un marco xeral de referencia para os restantes instrumentos de ordenación territorial e establece as previsións e criterios para a formulación das políticas de planificación.

- Directrices de Ordenación do Territorio

A aprobación desta Lei permitiu poñer en funcionamento os mecanismos necesarios para a realización das Directrices de Ordenación do Territorio (DOT), documento que será o marco legal de referencia que estableza as pautas para o asentamento de diversas actividades de acordo coas políticas sociais, económicas e culturais da Comunidade Autónoma.

Así, as Directrices de ordenación do territorio de Galicia configúranse como instrumento básico da estratexia para a consecución dun desenvolvemento equilibrado e sostible, en coherencia coa Estratexia territorial europea que, para conseguir un desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio, propón:

- a cohesión económica e social,
- a conservación dos recursos naturais e do patrimonio cultural, e
- unha competitividade máis equilibrada do territorio europeo.



As Directrices de ordenación do territorio buscan a combinación da planificación socioeconómica coa física, na procura da eficacia nas tarefas de fomento das actividades, co equilibrio territorial, a protección ambiental, a calidade urbanística, a xestión infraestrutural e a integración unitaria de Galicia. Elaborouse para iso unha proposta na que se conxugaron criterios de homoxeneidade e de funcionalidade, xuntando as liñas básicas da Estratexia territorial europea e da Estratexia galega de desenvolvemento sostible.

Finalmente, en infraestruturas viarias nas DOT considérase importante prestarlle atención a aspectos moi relevantes e que non sempre se puxeron en primeiro plano, como son a conservación e o mantemento da rede secundaria, a minoración dos impactos ambientais negativos, a integración paisaxística das estradas e a seguridade viaria.

- O modelo territorial proposto polas Directrices de Ordenación do Territorio

O modelo territorial de Galicia toma como referencias fundamentais as establecidas na política territorial da Unión Europea e na Lei de ordenación do territorio de Galicia (Lei 10/1995), e pódense sintetizar nos seguintes puntos:


1. Desenvolvemento económico equilibrado e sostible, para que Galicia se siga aproximando aos niveis de renda e de riqueza das rexións máis desenvolvidas.
2. A cohesión social e a mellora da calidade de vida da poboación, de xeito que todas as persoas dispoñan dun nivel axeitado de servizos e de oportunidades.
3. A utilización racional do territorio e a sostibilidade ambiental, mediante a xestión responsable dos recursos naturais e a protección do medio.

Para acadar estes obxectivos as DOT establecen un modelo territorial cunha estrutura básica que se define a partir dun sistema xerarquizado de asentamentos, articulado polas redes de infraestruturas e equipamentos, que se implanta sobre un medio rural que conta cunha biodiversidade e patrimonio cultural que hai que protexer e xestionar.

A análise territorial de Galicia permite conformar unha estrutura xerarquizada na que as sete grandes cidades de Galicia, pola súa dinámica e o seu tamaño constitúen, o chanzo superior do sistema territorial. Neste chanzo aparece o nivel de **Rexión urbana**, no que se debe facer a gran planificación territorial, o deseño das grandes infraestruturas, do transporte público entre cidades, dos solos industriais e dos grandes equipamentos supramunicipais. Por outro lado, propónse outro nivel de planificación relacionada cos servizos e as infraestruturas municipais básicas. Este nivel corresponde territorialmente con espazos das áreas urbanas de Vigo e A Coruña e coas áreas urbanas de Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra e Ferrol.

Na estratexia territorial de Galicia é fundamental o denominado "**Sistema urbano intermedio**" que está formado por pequenas cidades e vilas que centralizan nas súas contornas subsistemas de carácter supramunicipal. A súa función é proporcionar unha base urbana aos seus respectivos ámbitos de influencia para que a totalidade do territorio galego dispoña dunha adecuada cobertura de servizos urbanos de certo nivel, esenciais para a calidade de vida e para o desenvolvemento das actividades produtivas.

Ao redor do sistema de pequenas cidades e cabeceiras comarcais configúranse os **Nodos** para o equilibrio do territorio como sistema básico de núcleos que permiten asegurar unha adecuada cobertura de funcións urbanas esenciais en todo o espazo galego. Estes nodos pechan a xerarquía de asentamentos con influencia supramunicipal.



Fonte: Directrices de Ordenación do Territorio

1.3 A planificación da rede de infraestruturas de transporte

O fenómeno da mobilidade e da apreciación das distancias dos desprazamentos está en continuo proceso de cambio:

- Os fenómenos de globalización da economía e dos mercados, da mellora das infraestruturas, da xeneralización das novas tecnoloxías de información e da consecuente expansión territorial dos ámbitos de interrelacionamento, fan das infraestruturas de transporte unha condición inescusable para sustentar a multiplicación da mobilidade.
- A satisfacción dos dereitos sociais básicos da poboación, en canto a dispoñibilidade e accesibilidade aos mercados de traballo e aos servizos, cun criterio de sostibilidade global, demanda mellores condicións dos servizos de transporte.

Estas dúas formulacións outorgan ao Sistema de Transporte un papel decisivo na contribución á vertebración do territorio, na potenciación do tecido produtivo, na relación cos principais mercados de consumo de bens e servizos, en posibilitar un mellor e maior aforro enerxético, unha utilización sostible dos recursos, e unha minoración dos impactos sobre o medio ambiente.

Un principio básico de eficacia de todo proceso de planificación é que garde coherencia co resto de instrumentos de planificación cos que solapa.

Neste sentio, a articulación territorial do sistema de transporte, debe atender aos instrumentos de planificación ou de ordenación:

- Doutras ámbitos territoriais con incidencia na comunidade galega:
 - A escala europea: O Libro Branco dos Transportes de Europa.
 - O Libro Branco de Transporte 2011 define o marco xeral das accións a emprender nos próximos dez anos no ámbito das infraestruturas de transporte, na lexislación do mercado interior, na redución da dependencia do carbono, da tecnoloxía para a xestión do tráfico e os vehículos limpos, así como a estandarización dos distintos mercados. Estas accións van encamiñadas a impulsar o transporte, para permitir un crecemento da economía e a creación de postos de traballo, que permita a todas as rexións permanecer integradas totalmente e de forma competitiva na economía mundial.
 - Dentro do Libro Branco considérase que as infraestruturas determinan a mobilidade, non sendo posible ningún cambio fundamental no transporte se non está avalado por unha rede axeitada. A nivel xeral, os investimentos en infraestruturas de transporte teñen un impacto positivo no crecemento económico, crean riqueza e postos de traballo e aumentan os intercambios comerciais, a accesibilidade xeográfica e a mobilidade das persoas. A planificación das infraestruturas debe maximizar o impacto positivo no crecemento económico e que minimize o impacto negativo no medio ambiente.
 - A escala española: O Plan Estratégico de Infraestruturas e Transportes. (PEIT) 2005-2020 do Ministerio de Fomento.
- De entidades autónomas con competencias específicas:
 - En portos: Os Plans Estratégicos das Autoridades Portuarias así como o resto de instrumentos de planificación contemplados no marco de planificación dos portos do Estado: plans directores de portos, plans especiais de usos portuarios e plans de empresa. Todos eles na medida en que existan.
 - En aeroportos: Plans Directores de aeroportos galegos.
- De ámbitos de planificación diferentes do transporte, pero con incidencia sobre a planificación dos transportes:
 - Directrices de ordenación do territorio de Galicia.
 - Instrumentos de planificación territorial urbana (PXOM e PXOU)

- Doutros ámbitos de planificación da propia administración autónoma galega:
 - Plan Director de Instalacións Loxísticas de Galicia
 - Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica.

